

ANUARIO DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Nº/ **15**

Revista Oficial da
Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

CORPO

PARIR

SENTIDOS

MODIFICACIÓN CORPORAL

CAMBIOS

DISTORSIÓNS

DOR

Nº15

REVISTA OFICIAL DA SECCIÓN DE
PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

CONSELLO EDITORIAL

Xacobe Abel Fernández García / Presidente

Paula Marcos Carregal / Vicepresidenta

María Villarino González / Secretaría

Eduardo Martínez Lamosa / Tesoureiro

Alicia Carballal Fernández / Vogal

Carlos José Losada López / Vogal

Sandra Cudeiro Domínguez / Vogal

CONSELLO DE REDACCIÓN

M^a Gabriela Domínguez Martínez / Directora
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN PONTEVEDRA

Laura Sotelo Estévez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA – O SALNÉS

Paula Rodríguez Vázquez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE VIGO

Noelia Pita Fernández
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE FERROL

Aislinn García Hermo
PSICÓLOGA CLÍNICA. ACLAD CORUÑA

anuario@copgalicia.gal

EDITA

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Españeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela

T. 981 534 049 | Fax. 981 534 983

www.copgalicia.gal | copgalicia@copgalicia.gal

DESEÑO E MAQUETACIÓN – Laura Decibreiro

IMAXE DE PORTADA – Adobe Stock Photos

ISSN: 2444-6653

Novembro, 2022

Depósito Legal: C 1615-2019
<https://copgalicia.gal/seccions/psicoloxia-e-saude/publicacions>

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables das opinións verquidas nos artigos publicados

As opinións expresadas na Presentación son responsabilidade do Consello de Redacción

APUNTAMENTO

A preferencia de idioma no orixinal de cada artigo foi determinada polo/a seu/súa autor/a, coa tradución do Consello de Redacción e revisión do COPG

SUMARIO

04	PRESENTACIÓN M ^a Gabriela Domínguez Martínez
06	PARIR / PARIR CON CALORE Hadriana Ordóñez Otero
16	SENTIDOS / O COIDADO DOS SENTIDOS BÁSICOS NA INFANCIA COMO BASE DA ESTRUTURA PSÍQUICA DO SER HUMANO María Ramos González
30	MODIFICACIÓN CORPORAL / A MODIFICACIÓN CORPORAL Mónica Fernández Castro
38	CAMBIOS / CAMBIO CORPORAL. QUEN SON EU? M ^a Dolores Viñas Carballeira
54	DISTORSIÓNS / DISTORSIÓNS. RUIDOS E SILENCIOS DO CORPO. O PROCESO DE AFACERSE A CONVIVIR CON LESIÓN MEDULAR Gonzalo Martínez Sande
76	FERRAMENTAS – DOR / TRATAMENTO GRUPAL DA DOR Enrique Bazako Goiburu
	ANUARIO ABERTO
96	CASO 1 / REGULACIÓN EMOCIONAL E MANEXO DA ANSIEDADE: TRABALLANDO DESDE UN ENFOQUE GRUPAL – Lucía Díaz Riola e Leire Meabe Sotomayor
104	CASO 2 / A MAXIA DOS GRUPOS – Rocío López Díaz, Carlos Díaz Marcelo, Elisa Llamas López e Ana Pérez Romero
112	COMUNICACIÓN / ALIANZA TERAPÉUTICA E PSICOSE – Marta González Rodríguez, Sabela Bermúdez Míguez e Noelia Pita Fernández

“Ai, miña filla, este corpo foi testigo do noso amor”

Miña avoa.

PRESENTACIÓN

M^a Gabriela Domínguez Martínez

Directora do Consello de Redacción

Psicóloga Clínica

Práctica privada en Pontevedra

gabriela.dominguezmartinez@gmail.com

O tema deste ano é o corpo, ese lugar no que repousa a vida, o lugar no que habitamos, ese lugar que damos por sentado, ao que en ocasións non lle prestamos atención e que moitas veces se fai presente cando hai unha ausencia no mesmo (enfermidade, discapacidade). O corpo, o que amosamos, o que nos permite estar no mundo, sentilo, darnos a coñecer e coñecelo, experimentar e experimentalo, vivilo, disfrutalo, sufrilo, percorrelo, entendelo. Nel reflíctese o pasado, amósase o presente e preparámonos para o futuro. A nosa experiencia da vida é encarnada nun corpo, existimos como tal e porque temos un corpo, estamos vivos... Que complexidade algo que damos por sentado.

O obxectivo do *Anuario* é o de invitar á reflexión. Hai artigos que nos fan pensar e artigos que nos fan sentir, pero son todos artigos para reflexionar. Quen escribe decide como e desde onde o fai.

O corpo nace, empeza a selo ou a formarse no corpo da nai, así que abrimos o *Anuario* con ese corpo materno. Co artigo “Parir con calor”, a psicóloga Hadriana Ordóñez fai un relato desgarrador narrado en primeira persoa sobre a importancia de ter en conta o corpo nun momento tan importante, de cambios e vulnerabilidade para a muller (e o bebé). Vén acompañado de banda sonora para cada momento descrito.

E do corpo da nai pasamos ao corpo do neno. Neste caso, a psicóloga María Ramos co seu artigo “O coidado dos sentidos básicos” enfatiza a importancia de considerar os sentidos básicos e o seu coidado na infancia, pois a integración dos mesmos será de grande importancia para o desenvolvemento do corpo do neno. Os sentidos, esa vía de entrada de estímulos do mundo no corpo. Fai un percorrido sobre a importancia do seu coidado, do que os pode prexudicar e das consecuencias da ausencia de coidado acompañado de investigacións sobre o tema. Fai fincapé na importancia de ter isto en conta para a práctica clínica (con nenos, familias e adultos).

Seguimos percorrendo o corpo, esta vez tendo en conta tamén aspectos do exterior, da cultura e de como o de fóra penetra ou se mesura no corpo. Así, Mónica Fernández, no seu artigo “A modificación corporal”, fai un percorrido sobre a historia e os significados da modificación corporal, fala dos tipos de modificacións que se poden facer e da importancia de considerar o ambiente e a cultura para poder comprendelo; enfatizando a idea de que o corpo é algo que nos pertence e sobre o que poder decidir.

Pero o corpo tamén enferma, e cambia, e sofre e hai que adaptarse. Dolores Viñas, no seu artigo “Cambios no corpo, quen son eu?”, escribe sobre os cambios no corpo tras unha enfermidade grave como é o cancro de colon desde a dureza e crudeza da súa experiencia persoal, para deste xeito conseguir transmitir a nivel emocional todo o que isto conleva. Fala dos cambios físicos, da sexualidade, da intimidade (ou da súa ausencia), das limitacións, da (in)dignidade... e sempre desde o recoñecemento ao bo trato profesional.

Seguindo esta liña na que “o corpo deixa de ser o cómodo vehículo para moverse polo mundo”, Gonzalo Martínez, co seu artigo “Distorsións. Ruídos e silencios do corpo. O proceso de afacerse a convivir con lesión medular”, aborda os complexos procesos de adaptación á convivencia con distintas formas de cronicidade e as formas nas que vai cambiando o modo no que o suxeito se relaciona co seu corpo, usando como fío condutor as reflexións no traballo na Unidade de Lesionados Medulares do CHUAC.

E finalizamos a parte do monográfico co apartado de Ferramentas, da man de Enrique Bazako, que no seu artigo “Tratamento grupal da dor” expón un protocolo de terapia de grupo en pacientes con dor crónica a través dun programa estruturado deseñado para producir os seus efectos en 8 sesións semanais. Fala primeiramente da dor como un fenómeno complexo e multidimensional onde a per-

soa ten unha experiencia perceptiva e afectiva condicionada por múltiples elementos interactivos biolóxicos, psicolóxicos e socioculturais. Como el sinala, “non hai solucións máxicas, pero un traballo constante e sostido, dá os seus beneficios”.

E rematamos o *Anuario* coa participación de todos aqueles que desexan formar parte desta publicación enviando os seus artigos para o apartado do Anuario Aberto. Así, as residentes de psicoloxía clínica de Ferrol Lucía Díaz e Leire Meabe, no seu artigo “Regulación emocional e manexo da ansiedade traballando desde un enfoque grupal”, expoñen un caso clínico no que ofrecen o resumo dos contidos e resultados obtidos nunha terapia grupal. Por outra banda, dende a USMIJ do Hospital Universitario Virxe Macarena, Carlos Díaz, Rocío López, Elisa Llamas e Ana Pérez, no artigo “A maxia dos grupos”, fan unha viaxe a través do relato dos emerxentes dun grupo operativo con mulleres nais, trasladándonos a ese momento para transmitir esa maxia transformadora da terapia de grupo. E como colofón, as psicólogas clínicas Marta González, Sabela Bermúdez e Noelia Pita, co seu artigo “Alianza Terapéutica e psicose”, lémbrennos que unha boa AT favorece o éxito da psicoterapia e permite o cambio, tamén con pacientes psicóticos, e fano a través dunha revisión bibliográfica sobre o concepto de alianza terapéutica e a súa aplicación en psicose, destacando a relevancia do rol da psicoloxía clínica na intervención en TMG e dando claves para o correcto establecemento da AT.

E, como en cada número, agradecer e darlles os parabéns ás miñas compañeiras de equipo pola súa implicación, o seu traballo e compromiso; así como ás autoras e aos autores dos artigos, que tan ben o fixeron, e ás compañeiras do COPG.

Agardamos que vos quede un bo sabor de boca coa lectura!

PARIR

PARIR CON CALORE

Hadriana Ordóñez Otero

*Psicóloga sanitaria, experta en educación,
terapia e violencia sexual*

*Presidenta da Fundación Con Calore
Espazo de atención terapéutica para
víctimas de violencia sexual*

h.ordonez@cop.es

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

Ter sido unha muller violada e transitar pola atención sanitaria durante todo o proceso de xestación, parto e postparto pode ser un evento de gran retraumatización para dita muller. É a nosa responsabilidade coñecer cales son as principais pistas que nos indiquen que unha muller puido ser ferida sexualmente para, así, poder prestarlle unha atención terapéutica coa mellor calidade e calidez posibles. Buscamos detectar formas específicas de violencia obstétrica en relación ás mulleres agredidas sexualmente. Este artigo recolle unhas experiencias relatadas en primeira persoa, xunto coa análise da sintomatoloxía presente durante a atención dos partos xunto cunha proposta de indagación na historia da vida sexual da paciente. Búscase que sirva de metodoloxía para a práctica sanitaria de atención ás persoas xestantes, ou no proceso de parto ou no posparto. A escrita vai acompañado dun conxunto de arquivos de audio que favorecen o entendemento, a empatía e experiencia do propio documento.

PALABRAS CHAVE — Coidados. Violencia de xénero. Violencia sexual. Violencia obstétrica. Terapia sexual.

ABSTRACT

For a woman who has been raped, moving through the healthcare system during the whole process of pregnancy, childbirth and postpartum can be a very retraumatizing event. It is our responsibility to know the main warning signs that a woman may have been sexually harmed so that we can provide her with the therapeutic care of the best possible quality and warmth. We seek to identify specific forms of obstetric violence regarding sexually assaulted women. This article gathers first-hand accounts of experiences, together with an analysis of the symptomatology present during delivery care and a proposal to inquire into the sexual history of the patient. It is intended to serve as a methodology for healthcare practice in the care of pregnant women, or in the process of childbirth or in the postpartum period. The text is accompanied by a set of audio files which favour understanding, empathy and the experience of the document itself.

KEY WORDS — Caregiving. Gender violence. Sexual violence. Obstetric violence. Sex therapy.

Ábrome ante vós. Sen vergonza nin culpa. Con todo o amor e a autocompaixón posibles. Elixo escribir para sandar. Compartir, para sentirnos todas nós, persoas cun obxectivo común: ser quen de acompañar durante o proceso de embarazo, parto e posparto *con calore*.

Imaxinarme con todo o corpo baixo a dirección e decisión dun home: inviable.

Deitarme tumbada boca arriba coas pernas abertas, o suficientemente segura: imposible.

Confiar en quen me acompaña: inasumible.

Sentir á bebé como parte de min: incapaz.

Parir asociada a min. Ao meu corpo. Á rabia que se leva activando 39 semanas: inimaxinable.

Permitirme darlle espazo á alegría á vez que á oxitocina: inmesturable.

Collo aire e solto aire. Varias veces. Comeza o proceso de parto da dor.

Tómome unha pausa, e escoito “O medo dunha nena” de Sés.

<https://www.youtube.com/watch?v=zP530wtz-DRg>

Todos estes pensamentos son automáticos e inconscientes. Saltan xa desde que sei que estou embarazada (das dúas veces). Entro en angustia profunda. Nin lle teño nome ao que sinto, nin tratamento fármaco nin psicolóxico posible. *Detectades os síntomas dissociativos?, o shock?, o malestar?*

Collo aire, solto aire. Sigo co proceso.

Se me preguntaran hai 8 anos ou hai 6 anos se fora agredida sexualmente nalgún momento da miña vida, primeiro tornaría muda. Seino. Logo duns segundos que para min serían 100 anos, contestaría: abofé que si.

Que desde nena a rapaza, o fun. Aínda que eu non lle poñería ese nome. Pois igual así conseguiría, ao igual que as meniñas, que se pechase os ollos, en realidade non me pasaría. Ilusa, non si?

Non imaxino á matrona preguntándome isto.

Igual si, pero non pasou. Non se deu. O xinecólogo tampouco preguntou. Ela normalizaba o meu estado de ansiedade xeralizada. El normalizaba que eu tensase as pernas en cada unha das probas. Que me sentise incómoda e incluso fose agresiva con el. *Que levante a man quen sinta na súa pel o nivel de dor emocional, física e sexual.*

Collo aire e solto aire. Tomo unha segunda pausa e escoito o “Arrolo de Domaio”, de Paulo Nogueira e Magoia Bodega, de “Non hai berce coma o colo”.

A segunda e a terceira matrona tampouco preguntaron. Mais si me falaron da existencia da posibilidade de construción do meu plan de parto. De que ía poder ser eu a que decidise sobre os ritmos durante o nacemento da miña meniña. De que podía dirixir os puxos e incluso podía poñer a miña roupa. Ou ningunha, como foi o caso. De poñer música que me sentase ben, beber o zume de piña que precisase, traer algún olor que me calmase, e incluso estar acompañada en todo momento. *Alguén se decata da desconfianza permanente? da angustia implosiva?*

Imaxinábao.

Viable.

Posible.

Asumible.

Capaz.

Mesturable.

Sen ninguén dicir nin preguntar nada sobre a historia de vida sexual, máis alá da última menstruación e os abortos que puidese ter, eu víame facendo por vida para poder parir nunhas condicións mínimas de sensación de seguridade. Non o conseguía. Foi un traballo terrible. Sen apoio. Sen empatía. *Percibides a hipervixiancia, a alerta continua, a sensación de estrés continuado, o malestar psicolóxico, a sensación de desamparo?* Desde a miña casa, eu sinto que si. Que o vedes todo.

No meu corpo vívese a escuras cunha navalla

Foto: Alexander Krivitskiy



na man. Así que era moi probable que no proceso deste primeiro parto, tivese a necesidade de arrearlle a calquera xinecólogo que tentase tocarme a patada limpa. Así funciona a miña amígdala. Benvidas a ela. Completamente dissociada e inconsciente do trauma complexo dun TEP continuado que vivía (e pervive) en min. En toda a miña pel, en toda a miña memoria. Nos meus xenitais. En toda a miña sexualidade. *Chegadas a ver a expresión atemporal da raiba?*

De facelo, levaríanme psiquiátricamente presa.

Igual non me entenderían. *Vedes a violencia estrutural?*

Agora eu si me entendo. Despois dun camiño dorosísimo de consciencia do dano das violacións e do impacto que elas tiveron sobre o meu corpo, a miña emocionalidade e a miña sexualidade. Despois de estar acompañada ao longo destes anos por profesionais que fixeron un traballo espectacular para que eu me abrise. Fixeron posible que confiase un pouco sequera. Para min, a terapia psicolóxica é coma cocer marisco. Se se dá a temperatura axeitada, os berberechos ábrense. No parto, *as berberechas* ábrense da mesma maneira. Agora ben, de non pasar isto, de non darse todo este trato cálido, o berberecho quedaría pechado. De abrillo á forza, seguramente terá area dentro. Para que forzar, se o corpo, naturalmente, instintivamente, sabe como abrirse?

Durante os procesos de embarazo, eu pelexaba contra as pantasma das que me alertaba o meu cerebro. Con toda a miña enerxía, protexíanos a min e á miña meniña. *Vedes os disparadores do trauma?* Era o meu cerebro o que interpretaba os estímulos en contra da miña supervivencia: o ritmo que viña marcado polas demais persoas, a escuridade, o silencio, o trato xélido e despersonalizado, o acceso ao meu corpo sen mediar palabra, estar medio espida, a práctica de probas innecesarias na miña vaxina, ignorar os meus sentimentos, o trato descoñecedor da miña realidade ou ignorar a miña linguaxe non verbal.

Agora, o meu corpo na vez de paralizarse para sobrevivir, atacaba. Xa había unha madurez cognitiva. Tiña ferramentas. Xa podía botar man da fala, da voz e das unllas! Ter, teño unhas unllas que poderían arrincarlle a pel a alguén. Facer dano. Sangue. Sería capaz de ferir para poder fuxir. Daquela tamén as tiña. Mais coma unha boa gacela, a estratexia de supervivencia foi a parálise. Serviu. Foi un éxito. Parte de min segue viva.

Mais agora, neste proceso de embarazo non podía fuxir, tiña que afrontar (sen acompañamento emocional e psicolóxico ningún), ser quen de parir.

Agora son consciente de que tiña fobia a parir.

Na aldea non sabían que me protexía de ser violada de novo. Outra vez deitada boca arriba. Coas pernas abertas. Tensas. Ríxida. Cun home no medio delas. Un home que decidiría onde, cando, como e para que. Era boa!

Preciso pausa. Ti? Sáíome daqui e vou aquí:

https://www.youtube.com/watch?v=tZmqwKJlp_k, *vés? Vamos escoitar á Roda.*

Escribo, dóeme o ventre.

Teño necesidade de chorarme. Dáme o soliño na praza de Curros Enríquez de Pontevedra.

Deixo entrar o osíxeno e a calma para darlle espazo a todo o malestar que me xera esta apertura. Desexo seguir escribindo este artigo. Desexo moito compartir para medrármos.

Coma se estivese nun parto, doume tempo. Respiro o suficiente para que se abra o corpo. E o disfrute. Agardo un pouco e collo forzas de novo á vez que sinto a pulsión de escribir.

Decido escribirlle a Natalia Guedella Sebastián. Ela é psicóloga perinatal. Confío nela para poder expresar a dor que me nace no ventre e pretende sair pola canle da vaxina. Ela sabe acompañar con toda a *calore* do mundo. Ela sabe escoitar. Estar. *Que diferenza facelo deste xeito, a que si?*

Collo aire e solto aire. Escoito “Corpiño de picote” de

Arrolos de salitre. Conéctome coa miña meniña: <https://www.youtube.com/watch?v=OR71vu1dj2Y>

De forma natural, ao escoitar o arrola a miña cadeira móvese circularmente. Coma se fose o péndulo da Baía Fernández de la Torre sobre min. Ela é adestradora emocional. Sinto a forza no útero. Chórome. Doume tempo.

Recórdame a cando de nena, gozaba de verdade das cadeas.

Das voltas!

Daquela voaba.

Sentía en min alegría limpa.

Na aldea dicían que eu debía ser da alta burguesía. Que debía ser especial. Que non me servía o que ás demais. *Chegades a ver a violencia cultural?* Que a ver por que non paría no hospital que todas.

Do segundo embarazo, xa foi peor a presión social. Nin tan sequera foi no hospital. Desde o primeiro día, aforrei para parir na casa. Lin, e lin e escoitei a cantas mulleres puíden da miña familia e de Rianxo. Quería aprender

delas. Non ía pasar polo mesmo de novo. Quería que a decisión fose totalmente responsable para min e para el. Sabía que parir na miña casa podía darme maior sensación de seguridade. E así foi. A tortura desa vez xa non foi só a falta de especialización do persoal sanitario, senón a presión da veciñanza, das amizades, da familia. Aquí si que ninguén entendía.

Eu si me entendía. Agora podía controlar os disparadores, pero da calma: os meus ritmos, os meus desexos, os meus espazos, as miñas cousas, a nosa cama, a nosa familia, o can maila cadela, o sol, a salitre, o mar e os piñeiros de Punta Fincheira! Tiña o suficiente para estar tranquila. Que non segura. Pero era suficiente. Non había ningún tipo de trato frío nin forzoso. Ao contrario: era escoitada, era protagonista, era dona do meu corpo, era equipo co meu meniño nunha calma que me daba moita felicidade.

Sabía que era a mellor escolla para a miña saúde mental e sexual. Neste espazo, xunto coas matronas, a *calore* da miña meniña, a miña parella, a miña nai e a luz da casa, todo




Foto: Elina Fairytale

ía ir ben. E senón, xa estaba o criterio das matronas. Elas ían dar a seguridade sobre a saúde do meniño.

Di Natalia Guedella que a violencia obstétrica deixa pegadas a través dunha liña do tempo. Esas pegadas, poden ir do embarazo, ao parto e rematar no posparto. Eu, ao fío desta oportunidade de escrita, elixín revisar as pegadas dos meus partos. Pescudando neles, sei que ditas pegadas están na miña cabeza e no resto do corpo. Seino por toda a potente somatización que agora, vista atrás, podo sentir. No seu momento, nin as profesionais sanitarias nin eu, fomos quen de ler e anticipar que estaban aí todos eses sinais. Que o corpo gritaba en modo alerta. Que precisaba unha atención sanitaria e terapéutica especializada para parir en calma. Mais ninguén a veu vir como necesaria.

As pegadas deses nacementos deixan en min a crenza de que estou rota para sempre. É tan forte esta idea negativa de min, que abruma ser consciente dela. Ser violentada sexualmente pode ser un golpe tan grande que nos esnaquice por dentro coma unha taciña de almorzo de Buño. Penso nunha taciña esmaltada en rosa. Cor rosa de amor propio. Ide mercando polvo de ouro para restaurarnos coma a taciña, así esa crenza estará en nós temporalmente.

Ser violentadas durante o embarazo, parto ou posparto é unha forma de violentarnos sexualmente. E ser violentadas durante esa condición obstétrica é unha forma de violencia de xénero. Sentirnos en perigo como mulleres, nun momento de tal vulnerabilidade. Por ser muller xestante.

Custa tragar esta realidade sen esmagar a gorxa e estricalo estómago. *Pásache a ti tamén?* Eu sinto rabia. É inxusto. É ausencia de humanidade.

Podemos facelo. Podemos conectar coa dor doutras sen magoalas.

Indaga con moito mimo e tacto na historia de vida sexual da persoa xestante que tes xunto

a ti. Mira para ela cando lle falas. Esquece o bolígrafo ou o ordenador. Xa apuntarás todo despois de que saia. Escóitaa con atención. Pregúntalle se nalgún momento, puido sentir-se sexualmente intimidada. Se se viu obrigada a practicarlle sexo a algunha persoa. Se puido vivir algunha experiencia sexual con algunha parella puntual ou estable que en si fose desagradable. Cre todo o que di. Non a xulgues. É posible que sinta vergonza, culpa, noxo, ansiedade ou calquera outro malestar por todas as túas preguntas. Obsérvaa para poder ir ao seu ritmo. Fálalle con naturalidade e calidez. Que sinta de verdade a túa proximidade. Pregúntalle como foron as súas primeiras experiencias sexuais. Se houbo penetración vaginal, se as gozou. Se ten un lugar seguro. Se se ten sentido insegura ou en perigo nalgunha situación de índole sexual. Se ten a capacidade de gozar da súa vida sexual. Se se gusta a si mesma. Se ten tido algunha traba na fase do desexo, a excitación ou o orgasmo nas súas relacións sexuais. Soa ou con outra persoa. Como percibe o seu desexo e o desexo das súas parellas sexo afectivas. Fíxate en se, ao mellor, ese desexo é hipoactivo ou hiperactivo. Se se sente cómoda espida diante de persoal sanitario.

Todas as respostas verbais e non verbais ás preguntas serán o ouro da súa realidade sexual. Queda con todos os detalles que poidas. Dálle as grazas por compartir contigo a súa intimidade. Trasládalle a importancia que ten toda esta información para o acompañamento.

Confía. Sé creativa. escoita e conversa con calma. Así, a narrativa sairá soa e seremos quen de darlle a atención máis cálida e de calidade posible.

Podemos acompañar con *calore*. Seino porque a practico. É a miña metodoloxía de atención.

Colle aire e solta aire.

Benvinda á nova versión de ti despois de pasar por min. Que non por riba de min. Senón xunto a min.

Para pechar, escoito a Xurxo Fernandes <https://www.youtube.com/user/xursko> e a Rodrigo Cuevas <https://www.youtube.com/watch?v=TViInSDn-m7E>.

Con ansia, agardo poder lerte a ti.

Coñecer o cambio en ti.



Foto: Pixabay

BIBLIOGRAFÍA

Alba, C., Aler, I., Olza, I. (2012). *Maternidad y Salud. Ciencia, conciencia y experiencia*. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

Aguado, R. *El vínculo como potenciador de la activación de las redes neuronales*. XXIV Reunión nacional de la AEP. El psicodrama como catalizador de conflictos. Bilbao. Universidad de Deusto.

Aguirre Crespo, A., Martínez Ramírez, B., Rivero, K., Blancas Mari, C.L, Badillo Perry, S.D., González Borge, L., Marzuca Hoyos, J.M. (2013). La atención del parto: poder, derechos, violencia. *Revista Salud Quintana Roo* 25.

Ayers, S. (2004). Delivery as a traumatic event: prevalence, risk factors, screening & treatment. *Clinical Obstetrics & Gynecology*, 47(3), pp. 552-567.

Baeza, C. (2016). *Amar con los brazos abiertos. Lactancia materna en la vida real*. Ediciones Encuentro.

Beck, C. T. (2004a). Birth trauma: In the eye of the beholder. *Nursing Research*, 53(1), 28-35.

Beck, C. T. (2004b). Post-traumatic stress disorder due to childbirth: The aftermath. *Nursing Research*, 53(4), 216-224.

Beck, C. T., Gable, R. K. (2012). A mixed methods study of secondary traumatic stress in labor and delivery nurses. *Journal of Obstetric, Gynecologic, and Neonatal Nursing : JOGNN / NAACOG*, doi: 10.1111/j.1552-6909.2012.01386.x; 10.1111/j.1552-6909.2012.01386.x

Beck, C. T., Gable, R. K., Sakala, C., Declercq, E. R. (2011). Posttraumatic stress disorder in new mothers: Results from a two-stage U.S. national survey. *Birth (Berkeley, Calif)*, 38(3), 216-227. doi: 10.1111/j.1523-536X.2011.00475.x; 10.1111/j.1523-536X.2011.00475.x

Beck, C. T., Watson, S. (2008). Impact of birth trauma on breast-feeding: A tale of two pathways. *Nursing Research*, 57(4), 228-236. doi: 10.1097/01.NNR.0000313494.87282.901.

Bellón Sánchez, S. (2015). La violencia obstétrica desde los aportes de la crítica feminista. *Dilemata* 18.

Bowlby, J. *Vínculos afectivos. Formación, desarrollo y pérdida*. Ed Morata.

Callister, L. C. (2004). Making meaning: Women's birth narratives. *Journal of Obstetric, Gynecologic, and Neonatal Nursing : JOG-NN / NAACOG*, 33(4), 508-518.

Claramunt, M.A., Álvarez, M., Jové, R., Santos, E. *La cuna vacía. El doloroso proceso de perder un embarazo*. Ed. La esfera de los libros.

Eelco Olde, T., Van der Hart, O., Kleber, R., Van Son, M. (2006). Posttraumatic stress following childbirth: A review. *Clinical Psychology Review* 26, 1-16.

Fernández-Guillén, F. ¿Qué es la violencia obstétrica? Algunos aspectos sociales, éticos y jurídicos. *Revista internacional de Éticas aplicadas Dilemata* 18.

Fernández, I. *La revolución del nacimiento: partos respetados, nacimientos seguros*. Mandala Ediciones.

Fernandez, F. ¿Qué es la violencia obstétrica? Algunos aspectos sociales, éticos y jurídicos. *Dilemata* 18.

Fernández Olza, I. (2014). Estrés postraumático secundario en profesionales de la atención al parto. Una aproximación al concepto de violencia obstétrica. *Cuadernos de medicina psicosomática y psiquiatría de enlace*, 111, 79-83.

Garzón, I. (2015). *La Sociedad que vaciaba úteros*. Uno Editorial.

Gerhardt, S. (2016). *El amor maternal. La influencia del afecto en el cerebro y las emociones del bebé*. Barcelona. Eleftheria.

Hill, D. *Teoría de la regulación del afecto. Un modelo clínico*. Ed. Eleftheria.

Hofberg, K., Ward, M.R. (2003). Fear of Pregnancy and Childbirth. *Postgrad Med J*;79:505-510.

Magnone Alemán, N. (2011). Derechos sexuales y reproductivos en tensión: intervencionismo y violencia obstétrica. *X Jornadas de Investigación de la Facultad de Ciencias Sociales, Udelar, Montevideo*.

Odent, M. *El bebé es un mamífero*. Ed. Obstare.

Odent, M. *El nacimiento de los mamíferos humanos*.

Olza, I. (2008). El síndrome de estrés postraumático como secuela obstétrica. Información para profesionales de la atención al parto. *Estrategia de atención al parto normal en el Sistema Nacional de Salud. Ministerio de Salud Español*.

Olza, I. (2017). *Parix. El poder del parto*. Ed. B.

Olza, I., Fernández, P. (2020). *Psicología del embarazo*. Síntesis.

Olza, I., Lebrero, E.. (2012) *¿Nacer por Cesárea? Evitar cesáreas innecesarias, vivir cesáreas respetuosas*. I. Editorial Ob Stare.

Paricio, J.M. (2013). *Tú eres la mejor madre del mundo*. Ediciones B.

Pintado-Cucarella, S., Penagos-Corzo, J.C., Casas-Arellano, M.A. (2015). Síndrome de desgaste profesional en médicos y percepción de la violencia obstétrica. *Ginecol Obstet Mex*; 83: 173-178.

Ramírez, E. (2020). *Psicología del Posparto*. Ediciones Síntesis.

Ricoy, J. (2015). *Madre, el último tabú. Reflexiones sobre la violencia obstétrica*. Autoeditado.

Rodrigañez, C. *La represión del deseo materno y la génesis del estado de sumisión inconsciente*. Ediciones Crimentales.

Sánchez, J., Palacios, G. (2007). Trastorno de estrés postraumático en el embarazo, parto y posparto. *Matronas Prof*; 8 (1):12-19

Santos, P., Yáñez, A., Al-Adib, M. *Atención profesional a la pérdida y el duelo durante la maternidad*. Consejería de Salud y Política Sociosanitaria, Servicio Extremeño de Salud.

Schore, A. (2010). El trauma relacional y el cerebro derecho en desarrollo: interfaz entre psicología psicoanalítica del self y neurociencias. *Rev GPU*; 6; 3: 296-308.

Serrano, M., Claramunt, M.A., Carrascosa, L., Silvente, C. (2014). *Las voces olvidadas: Pérdidas gestacionales tempranas*. Editorial Ob Stare.

Soet, J.E., Brack, G.A., Dilorio, C. (2003). Prevalence and predictors of woman's experience of psychological trauma during childbirth. *Birth* (Berkeley, Calif.), 30(1), 36-46.

Takehara, K., Noguchi, M., Shimane, T., Misago, C. (2014). A longitudinal study of women's memories of their childbirth experiences at five years postpartum. *BMC Pregnancy and Childbirth*, 14:221

Thomson, G., Downe, S. (2008). Widening the trauma discourse: the link between childbirth and experiences of abuse. *Journal of psychosomatic obstetrics and gynaecology*, 29(4), 268-273. <https://doi.org/10.1080/01674820802545453>

Thomson, G., Downe, S. (2008). Widening the trauma discourse: the link between childbirth and experiences of abuse. *Journal of psychosomatic obstetrics and gynaecology*, 29(4), 268-273. <https://doi.org/10.1080/01674820802545453>

Verny, T., Kelly, J. *La vida secreta del niño antes de nacer*. Ed Urano.

<https://iboneolza.org/publicaciones>

www.nice.org.uk/guidance/cg192

<http://www.childbirthconnection.org/>

<https://www.msccbs.gob.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/atencionParto.htm>

<http://www.asociacionpsicologiaperinatal.es/category/noticias/>

<http://www.theguardian.com/society/2014/may/21/third-of-new-mothers-sufferdepressivesymptoms>

<https://www.youtube.com/watch?v=WWbaZio2bfg>

<http://larevoluciondelasrosas.blogspot.com.es/>

<http://www.cbc.ca/news/health/hospital-mistreatment-stories-1.3834899>

<http://www.lascasildas.com.ar/>

<http://www.msc.es/organizacion/sns/planCalidadSNS/atencionParto.htm>

<https://www.elpartoesnuestro.es/blog/2015/04/14/cesareas-innecesarias-lasrecomendaciones-de-las-omqs-que-espana-parece-no-escuchar>

<https://www.elpartoesnuestro.es/informacion/campanas/observatorio-de-la-violenciaobstetrica>

www.sociedadmarce.org



SENTIDOS

O CUIDADO DOS
SENTIDOS BÁSICOS
NA INFANCIA COMO
BASE DA ESTRUTURA
PSÍQUICA DO SER
HUMANO

María Ramos González

*Psicóloga sanitaria e psicoterapeuta. Consulta privada en
Madrid, formadora e investigadora*

info@mariaramosgonzalez.com

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

Un sentido é unha capacidade de percepción pola que recibimos directamente información dun ámbito da nosa existencia e do mundo que nos rodea. Sobre a base dos sentidos básicos edificarase toda a estrutura psíquica, física, emocional e social dun ser humano. Coidando os sentidos básicos lógrase que a persoa teña unha boa confianza en si mesma e nas persoas que a rodean, sentimentos de pertenza e alegría, vivencias de equilibrio interno e externo, impulso para explorar o mundo que a rodea, habilidades sociais básicas como a empatía e valores morais como a xustiza.

PALABRAS CHAVE — Sentidos. Tacto. Benestar. Propiocepción. Equilibrio. Autorregulación.

ABSTRACT

A sense is a perceptual capacity through which we directly receive information from an area of our existence and the world around us. The entire psychic, physical, emotional and social structure of a human being will be built on the basis of the basic senses. By taking care of the basic senses, a person will have: good confidence in themselves and in the people around them, feelings of belonging and joy, experiences of inner and outer balance, the urge to explore the world around them, basic social skills such as empathy and moral values such as justice.

KEY WORDS — Senses. Touch. Wellness. Proprioception. Balance. Self-regulation

Hai moitos anos que a dualidade mente-corpo exposta por Descartes se vén cuestionando desde diferentes disciplinas tanto da saúde como das ciencias sociais. Pero ata que non se puido “demostrar” grazas aos avances da neuroimaxe, o atender o corpo –sobre todo desde a mirada da psicología–, permanecía nas marxes da disciplina salvo para algunhas escolas psicoterapéuticas que sempre o traballaron a pesar do descrédito ás que foron sometidas pola comunidade científica, non así polas persoas que acudían ás súas consultas, que melloraban significativamente.

E nos últimos anos, desde a psicotraumatoloxía, achegáronnos toda a investigación necesaria para saber que o trauma queda ancorado no corpo e fai que a súa abordaxe pase necesariamente por atender as mensaxes que o corpo transmite.

Na miña práctica clínica como psicóloga perinatal e especializada en infancia e familia, vin a importancia do coidado do corpo das nais e das criaturas como base para o establecemento dun bo vínculo, que sabemos sobradamente que será a base dunha estrutura psíquica suficientemente sa.


A formulación deste artigo baséase na teoría desenvolvida por Rudolf Steiner en 1910 sobre os doce sentidos. Naquel momento o desenvolvemento da súa teoría foi desde a súa observación do mundo, das persoas, e hoxe en día pódense corroborar algunhas das súas propostas desde o método científico como xa comentei.

No meu camiño profesional axudoume esta concepción dos sentidos, e o traballo cos sentidos básicos en particular, para poder comprender e poder explicar a importancia do coidado de cuestións básicas do corpo, que inflúen directamente tanto na construción psíquica, emocional e social dunha persoa como no traballo psicoterapéutico (infancia, adolescencia, parella, familia).

Un sentido é unha capacidade de percepción pola que recibimos directamente información dun ámbito da nosa existencia e do mundo que nos rodea. E esta información procesámola e vai configurando a nosa experiencia fisiolóxica, emocional e social.

Este artigo está enfocado nos sentidos básicos, que son os sentidos que nos dan a información de como está o noso corpo, e desde a teoría de Steiner, estes sentidos básicos estarán en relación cos sentidos superiores que nos dan información sobre o cognitivo e social. Esta relación significa que se temos afectados algún dos sentidos básicos, veranse afectados á súa vez os sentidos superiores. Doutra banda, desde esta visión, tamén sabemos que para traballar os problemas cos sentidos superiores, temos que necesariamente traballar cos sentidos básicos. Isto foi moi relevante na miña práctica clínica tanto no traballo coa infancia como con persoas adultas, porque me levou a unha forma de concibir o traballo diferente, de maneira que puxen a mirada sobre o corpo no centro do traballo psicoterapéutico.

O obxectivo deste artigo é falar sobre os sentidos que nos dan información sobre a nosa propia corporalidade, pero nesta imaxe pódense ver as relacións entre os sentidos e na bibliografía hai varios libros para quen queira profundar niso.



Vou expor sobre cada sentido unha breve definición, suxestións para coidalo tanto no ámbito familiar como no clínico, accións que o prexudican e as consecuencias que ten a ausencia do seu coidado. Todas estas achegas están baseadas en diferentes investigacións que están referenciadas ao final do artigo.

De calquera forma, esta clasificación non deixa de ser unha separación para unha explicación didáctica, xa que o coidado dun dos sentidos está estreitamente relacionado con outros. De aí a importancia de coidar os catro para que se poidan establecer uns bos cimentos para o desenvolvemento dunha persoa en harmonía e saúde integral.

SENTIDO DO TACTO

O sentido do tacto achégame a base da sensación de seguridade e confianza tanto en min como nas demais persoas. Achégame unha

imaxe integrada de min. Na conciencia dos meus propios límites, aprendo tamén a respectar os límites das demais persoas.

Achégame a vivencia e a posibilidade de ter unha relación afectuosa co mundo, que suporá os cimentos da autorregulación e a correulación. A teoría polivagal demostrou como o contacto suave coa nai fai que se active o nervio vagal ventral, para poder volver regularnos, e esta experiencia inicial tense nos brazos da nai (ou do/a coidador/a principal) que coa voz e o tacto logra regular a criatura.

Suxestións para coidalo

- Coidados conscientes, afectuosos e con presenza. Tomando conciencia de que temos entre as mans un ser sensible e sentinte.
- Pel con pel no momento do nacemento, sobre todo e despois o contacto coa pel será un regulador natural para atopar a calma e a sensación de seguridade.



Foto: Mikhail Maslov

- Xogos de moito contacto.
- Límites apropiados para a idade e as súas necesidades. Coñecer as verdadeiras necesidades en cada idade e darlles aquilo que necesitan; a sobreprotección na infancia e a autocompracencia na idade adulta dificultanos o coidado do tacto.
- Relación activa coa natureza, onde se poida estar en contacto coas diferentes texturas e temperaturas que nos achega o que atopamos na natureza. En contacto coa natureza na infancia e a adolescencia, crécese máis saudablemente, con menos enfermidades, máis destrezas físicas e motoras, máis capacidades sensoriais, menos tensións e mellor xestión emocional.
- Materiais naturais tanto para os xogos como a roupa que entra en contacto directo coa nosa pel.
- Empatía, proximidade, cariño, mecos...
- Trato coidadoso de todas as persoas e obxectos que nos rodean.

Accións que o prexudican

- Violencia física, abuso, berros, golpes (tanto os recibidos directamente como observar que se trata así a outras persoas, animais ou obxectos).
- Ausencia de contacto, contacto frío e/ou mecanizado no que facemos as tarefas de coidado ou de tacto, pero de forma rutineira e sen estar en verdadeira presenza. Xa en 1958 Harry Harlow e Margaret Harlow demostraron os efectos da ausencia de interaccións sociais que vaian máis aló de cubrir as necesidades biolóxicas máis inmediatas e que estean vinculadas á conduta afectiva durante as primeiras etapas da vida deixan unha pegada moi seria e difícil de borrar na vida adulta.
- Choque ou trauma, como parto traumático, accidentes, separación nai-bebé.
- Tempos en soidade prolongados cando aínda non temos a capacidade de autorregularnos.



- Sobreprotección, non deixar experimentar na vida coas consecuencias que iso poida traer, como pequenas caídas, ensuciarse, ter que facer esforzos... Françoise Dolto dicía que a sobreprotección é unha forma de malos tratos á infancia, e eu engado que tamén na vida adulta. Facer por outra persoa o que pode facer por si mesma, é unha forma de dicirlle que non confías nela nin nas súas capacidades.
- Disciplina cruel, dura, que antepón as necesidades da vida adulta ás das verdadeiras necesidades da infancia.
- Xoguetes desapropiados que non convidan á exploración. Contacto con materiais inertes. Vestir con fibras artificiais.
- Alimentos sobreespeciados a idade temperá.
- Estilo de vida sedentario.
- Sentimentos de desprotección, desorientación.
- Falta de empatía, cinismo, falta de contacto visual.
- Gabriel Corfas (2013) deixou en evidencia que os nenos que creceron en institucións e que foron tratados negligentemente mostran alteracións nos feixes de materia branca (axóns con mielina) asociados ao córtex medial prefrontal (mPFC), unha área moi concreta dos lóbulos frontais. O illamento social e a negligencia, por tanto, cando ocorre a unha idade temperá crítica, maniféstase posteriormente alterando a función cognitiva do adulto.

Consecuencias da súa ausencia de coidado

- Híper/hiposensibilidade.
- Hiperreacción e medo ao tacto (des)apropiado.
- Golpearse, onicofaxia, beliscos, autoleccións...
- Inseguridade no seu propio corpo.
- Medos: nocturnos, ao descoñecido, ao novo, ao abandono...
- Desconfianza en si e nas demais persoas.
- Autodefensa, bloqueo e tendencia a retirarse.
- Irritabilidade, conduta retadora e oposicionista, persoas con “pouco tacto”. Bowlby concluíu que as persoas que non puideren formar un lazo de apego íntimo coas súas nais durante os seus primeiros anos eran incapaces de empatizar cos demais, porque non tiveran a oportunidade de conectar emocionalmente con alguén na etapa na que o cerebro é sensible para iso.

SENTIDO DO BENESTAR

É o sentido que me informa do estado no que se atopa o meu corpo.

Se está coidado ímonos sentir ben no noso corpo. Ímolo percibir cando se produce unha alteración como fame, sede, sono, inquietude... Allan Schore (2002) expuxo que a nai modela e modula coas súas accións de coidado o cerebro do bebé, sendo os encontros afectivos entre a díade nai-fillo,/a onde a nai regula de forma intuitiva e inconsciente as necesidades fisiolóxicas e emocionais do bebé. Xéstase así unha relación de continuos encontros reguladores, os cales permiten que o bebé desenvolva distintas habilidades para afrontar e/ou regular a tensión, as emocións e as situacións novas, así como a aprendizaxe e os estados mentais. “A seguridade que brinda o lazo do apego é a principal defensa contra a psicopatoloxía inducida por traumas”. Por tanto, cando está ben coidado achégame a experiencia de tranquilidade, de seguridade, de confianza, de sentirme querido/a. É a base segura desde a que ir explorar o mundo. En cambio, cando está inmaturo ou danado pode dar unha constante información de malestar

que nos leva a unha inquietude e un nerviosismo excesivo.

Antonio Damasio, un dos grandes neurocientíficos deste século, di que o noso corpo sabe o que a mente aínda non se deu conta. Damasio acuñou o termo “marcador somático” para pór en evidencia que as sensacións do noso corpo inflúen na nosa toma de decisións (Damasio, 1996). Dos devanditos experimentos conclúese que unha maior interocepción (ser máis consciente das sensacións que veñen do noso corpo) nos fai ser capaces de regular mellor as nosas emocións, e tomar mellores decisións.

Suxestións para coidalo

- Contacto corporal afectuoso, con presenza e sentido.
- Ter un ritmo do día relaxado, pero predicible. No ritmo e a repetición atopamos o equilibrio. Tamén é importante incluírmos os ritmos do ano, facendo en cada estación do ano aquilo que corresponde. Para isto último a natureza é unha compañeira in-mellorable.
- A alimentación será de gran axuda para establecer un ritmo e darnos a sensación de benestar se nos alimentamos saudablemente, non só coidando os alimentos que tomamos senón tamén o como o facemos.
- Crear un ambiente agradable na mesa, coidando os detalles e aproveitando a oportunidade para charlar da vida e non contaminar o momento con informacións ou asuntos negativos.
- Ter momentos de descanso e silencio cada día.
- O descanso diante duna pantalla, non é descanso. Apagar as pantallas antes de que anoiteza, axudará a poder conciliar o sono mellor; porque o cerebro deixa de recibir o sinal de estar esperto que lle provoca a luz (azul) da pantalla.

- Coidar e protexernos dos estímulos que recibimos do mundo exterior, sobre todo nesta época na que ata no ascensor hai pantallas con informacións e imaxes de toda índole.

Accións que o prexudican

Hoxe en día eu diría que vivimos nunha civilización que dana sistematicamente este sentido, de maneira que logramos converter o anormal no normal, e temos unha sociedade moi enferma a nivel do sentido do benestar. “O estrés crónico, repetido e prolongado, asóciase con patróns a longo prazo da reactividade autonómica, expresada en cambios estruturais neuronais, que implican a atrofia e que poden conducir a un dano permanente, incluíndo a perda neuronal” (Schoore, 2002). O efecto do cortisol, permanentemente no sangue, que in-hibe a hormona do crecemento e o proceso de mielinización, prexudicando a capacidade de ter un bo funcionamento cognitivo.

Accións que prexudican o sentido do benestar:

- Ausencia de sensacións corporais (anestesia), ambientes estériles e demasiado confort, fannos deixar de sentir e percibir o noso corpo e as súas necesidades. A presenza de sensacións demasiado intensas, levando aos limiares do sufrimento por fame, sede, sono... tamén van prexudicar o sentido do benestar, porque deixa unha sensación de quedar abandonado/a ás sensacións corporais.
- Facer as cousas con pouco sentido e incoherentemente, sen un ritmo, con demasiada prisa e sen posibilidade de sentir o benestar no corpo. Non coidar os hábitos de sono, de alimentación, de hixiene... fai que o sentido vital se dane.
- Os medios de comunicación e a realidade virtual fan que sintamos certa frialdade e ausencia de vitalidade. As pantallas limitan a posibilidade do movemento e do xogo, pero parece que fan como se estivésemos

en relación. A neuroimaxe demostra como se activan moitísimas menos áreas do cerebro cando hai unha interacción humana cunha pantalla polo medio.

- Vivir en ambientes adultocéntricos, onde os ritmos e as necesidades das persoas adultas son as que están no centro da axenda e dos coidados. Así temos a infancia e a adolescencia con horarios escolares máis longos que as xornadas laborais, para poder facer unha suposta conciliación, cando en realidade o que se fai é someter a infancia e a adolescencia a ritmos, horarios e maneiras, que xa sabemos que son prexudiciais para as persoas adultas, pero para a infancia e a adolescencia é aínda peor, porque están en períodos críticos de desenvolvemento cerebral e a tensión vailles xerar alteracións que serán para sempre.

Consecuencias da súa ausencia de coidado

Os datos provenientes de investigacións de animais e de seres humanos que estudan a regulación da tensión a través do eixo hipotálamo-hipófisi-suprarrenal, apuntan a que as experiencias temperás de tensións configuran a reactividade do sistema, é dicir, a facilidade coa que se activa ou se desactiva o sistema ao longo da vida, xa que os circuitos cerebrais son particularmente maleables durante o período fetal e a infancia máis temperá. Martínez, M. & García, M. C. (2011).

Esta reactividade do sistema pódese traducir ou podémola ver claramente en persoas que presentan a seguinte sintomatoloxía, por esta falta de coidado do sentido do benestar:

- Baixa tolerancia ás reaccións físicas propias ou ben non perciben as necesidades do seu corpo (frío/calor, sede, ganas de ir ao baño).
- Inquietude, nerviosismo, non poden estar tranquilamente, evitan a calma. Hiperactividade.

- Agresividade.
- Adiccións.
- Tics.
- Torpeza e desorde.
- Problemas de sono.
- Hiperreactividade.
- Non sentirse queridos/as.

SENTIDO DA PROPIOCEPCIÓN

É o sentido que me achega información de como é o meu movemento e a miña localización no espazo. Achéganos seguridade na orientación espacial, no movemento e na propia capacidade. Fortalece a motivación de eficacia. Está directamente relacionado coa linguaxe, favorecendo a súa adquisición e afianzamento. Tamén favorece as habilidades sociais. É a base da alegría e do sentimento de liberdade, se son capaz de dominar o meu corpo ancora en min o sentimento de autocontrol.

“No ano 2018, unha revisión da literatura científica concluíu que as persoas sedentarias teñen un risco significativamente maior de padecer depresión. A práctica regular de exercicio físico supuña, segundo este estudo, ata un 25 % de diminución do risco, con independencia da idade ou o país. Obsérvase o mesmo coa ansiedade, cuxa incidencia se reduce entre un 15 % e 25 %. Estes resultados, entre outros moitos, sitúan o exercicio físico como candidato para tratar alteracións mentais graves, combinado cos protocolos médicos.”

Suxestións para coidalo

- Realizar actividades de motricidade grossa decote (pasear, saltar, nadar, xogos infantís, teatro, baile...).

- Escoitar contos e historias narradas por outras persoas.
- Realizar actividades de motricidade fina decote (facer punto, coser, pintar, debuxar, papiroflexia, cociñar...).
- Ter unha vida na que a repetición e o ritmo sexan unha constante, onde o predicible se converte nun lugar interno de descanso.
- Ser partícipe do que acontece ao noso arredor e facer partícipes a quen nos rodea, sobre todo a infancia e a adolescencia.
- Ver e imitar traballos cotiáns útiles (cociñar, amasar, anciñar, cavar, cortar, cravar, pintar...). A imitación vai espertar a creatividade e será o xerme da liberdade.
- Vivir en espazos e contornas onde sentirse seguro/a e a salvo.
- Moverse en diferentes elementos: area, auga, neve... Estar en contacto coa natureza permite desenvolver a intelixencia espacial e todas as demais destrezas cognitivas: atención, concentración, memoria... Tamén logra que mellore a comunicación, a creatividade e a expresión converténdonos en seres máis sociables e empáticos, con tendencia a cooperar e axudarse mutuamente.
- Xogos sociais.

Accións que o prexudican

- Uso de pantallas: a realidade virtual fainos ter sensación de movemento pero en realidade non está a suceder e xera sensacións sen carga na nosa interioridade. Preocúpame moitísimo a evolución desta tecnoloxía desde a pandemia e a vista no horizonte do metaverso.
- Estilo de vida moi rápido, impredecible e arrítmico.
- Transmitir medo ante calquera circunstancia da vida, e non entender que o risco forma parte de vivir.
- Sedentarismo, que co uso de pantallas se multiplicou exponencialmente. Non é que non nos permitan movernos fisicamente, senón que nos atrapa a pantalla e iso é o que limita os nosos movementos.
- Falta de orde e ausencia de modelos sans de imitación no movemento. Os modelos sans son persoas de carne e óso, non persoas que vemos na pantalla.
- Deportes competitivos a idades moi temperás. Antes dos 10 anos, teñen máis desvantaxes que vantaxes.
- Roupas e zapatos demasiado axustados ou pouco apropiados para facilitar o movemento con seguridade.
- Aparellos modernos no fogar que nos fan a vida máis cómoda pero que con eles deixamos de utilizar as nosas mans.

Consecuencias da súa ausencia de cuidado

- Fisicamente xera rixidez, que á súa vez se traduce nunha rixidez mental e anímica. A importancia do exercicio físico como explica Nazareth Castellanos, débese a que se xera no cerebro a “neuroxénese hipocampal”. Con ela fortalecemos o hipocampo, unha estrutura cerebral con forma de cabaño de mar, que é a máis importante para a memoria, a aprendizaxe e tamén para o estado de ánimo. De feito, cando unha persoa está nas primeiras fases da enfermidade de Alzheimer, o hipocampo atrofíase, faise máis pequeniño, o que fai que teña unha deterioración cognitiva importante.
- Sentimentos de estar fóra de control, movementos descoordinados.
- Soidade, non sentir ser parte do mundo, o que leva a sentir moita tristeza e inseguridade, que pode derivar nunha depresión.

- Sentimentos como a irritabilidade, inferioridade, desesperación, exceso de introspección, a falta de iniciativa e a presenza de moitos medos son indicadores dun sentido da propiocepción danado.
- Falta de conciencia de si, inconformismo, insensibilidade polas demais persoas e o seu espazo e hipersensibilidade polo espazo propio.
- Fracaso no logro de habilidades verbais e sociais, o que leva a dificultades na linguaxe e falta de empatía.

SENTIDO DO EQUILIBRIO

O sentido do equilibrio achéganos equilibrio a nivel físico (estabilidade gravitacional) e a nivel psíquico dános sensación de calma interior, tranquilidade e paz. Síntome seguro/a no espazo, sinto chan baixo os meus pés. Achégame o eixo desde o que poder tomar decisións e a sensación de tranquilidade e ecuanimidade. Fortalece a orientación espacial e a xeografía corporal, tan importantes para o sentido da propiocepción.



Foto: Tatiana Syrikova

Suxestións para coidalo

- Ter modelos saudables de imitación, que teñan unha vida con suficiente equilibrio entre o que senten, pensan e fan.
- Actividades como: patinar, bicicleta, equilibrios, xogos de abalo suave, arrolar, barras/cintas de equilibrios...
- Recibir un trato pausado, seguro, empático, ecuánime, sincero, tolerante e xusto.
- Sinceridade en asuntos éticos, tanto exercela como recibila das nosas persoas de referencia.
- Coidar os outros sentidos básicos.
- Establecer ritmos diarios, semanais, anuais. As festas e rituais para recoñecer os cambios axúdannos a estruturarnos dentro do tempo. Como di Byun-Chul Han, os rituais dan sentido á vida e fan que a vida resulte festiva e máxica.

Accións que o prexudican

- Estilo de vida arrítmico, incoherente e con pobreza en oportunidades de movemento tanto físico como social e anímico.

- Labia, verborrea de palabras e accións, pero inconexas e superficiais.
- Uso excesivo das pantallas.
- Humor negro e sarcasmo.
- Persoas adultas que antepoñen as súas necesidades, que non viven con ritmo as súas propias vidas, cansas e con pouco carácter e atrancadas nunha forma de ser. Isto prexudica non só as persoas que reciben as atencións e coidados, senón que a elas mesmas as prexudica no seu sentido do equilibrio e na vida en xeral.

Consecuencias da súa ausencia de coidado

- Fraxilidade emocional, inseguridade, sentimentos de fracaso, axitación interior, hipervixilancia, impulsividade, axitación motora e nerviosismo.
- O sistema vestibular-motor enferma. Por tanto, aparece:
 - Dificultade para escoitar, para imitar.
 - Dificultade na orde espacial exterior, movementos mecánicos e estereotipados.



Foto: Helena Lopes

- Dificultades de atención, para ter un pensamento claro e capacidade de xuízo.
 - Verborrea, falar atropelado, impaciencia, non pode esperar a súa quenda.
- Egoísmo.

CONCLUSIÓNS PARA A VIDA PERSOAL E FAMILIAR

- Ter un ritmo do día relaxado, pero predi- cible. No ritmo e a repetición atopamos o equilibrio. A alimentación será de grande axuda para establecer un ritmo e darnos a sensación de benestar se nos alimentamos saudablemente, non só coidando os ali- mentos que tomamos senón tamén como o facemos. É importante crear un ambiente agradable na mesa, coidando os detalles e aproveitando a oportunidade para charlar da vida e non contaminar o momento con informacións ou asuntos negativos.
- Ter un ritmo anual no que acompañemos as estacións do ano de maneira coheren- te. Cada época do ano convidanos a facer diferentes cousas. As festas e os rituais son fundamentais para dar un sentido á vida.
- Repartir as responsabilidades domésticas entre todos os membros da familia. Na infancia e adolescencia ter estas responsa- bilidades contribúe a fomentar un bo au- toconcepto (sentiranse útiles e importantes para o funcionamento da casa), a súa auto- estima refórzase e fortalece a súa vontade. Facer a cama, fregar pratos, varrer a casa ou o xardín, limpar o po, dobrar a roupa, cortar verduras, amasar... Ademais, con- tribúen a practicar movementos básicos que axudan a que o cerebro teña unha boa estimulación bilateral.
- Ter momentos de descanso e silencio cada día. A lectura pode ser unha boa compa- ñeira. O descanso diante dunha pantalla, non é descanso. Apagar as pantallas antes de que anoiteza, axudará a poder conciliar o sono mellor; porque o cerebro deixa de recibir o sinal de estar esperto que lle pro- voca a luz (azul) da pantalla.
- Coidar e protexernos dos estímulos que re- cibimos toda a familia. Estar permanente- mente escoitando, vendo e falando sobre a situación que vivimos fai que alonguemos o noso sistema neurolóxico de cortisol, e entremos en estados de ansiedade. Decide en que momentos do día te vas informar, e deixa libre o resto do día para recibir ou- tros estímulos que te nutran e axuden a ter baixos os niveis de cortisol.
- Coidar a sobreexposición ás pantallas nes- tes tempos que corren é moi importante, sobre todo para as nenas e os nenos; toda a estimulación que reciben a nivel mental tras os videoxogos e as películas, necesita- rán sacala en movemento físico despois. Por iso é bo bailar, saltar, xogar pola casa, no parque, no campo, varrer, fregar...
- Ter un proxecto de traballo manual no que cada día lle dediques un intre a traballar coas túas mans, desenvolvendo a motrici- dade fina. Trátase de pensar un proxecto, dedicarlle tempo e manter a vontade para terminalo. Algunhas ideas: tecer unha manta, un bolso, unha bufanda con pun- to ou gancho; tallar madeira; modelar con arxila; papiroflexia; punto de cruz; feltro; carpintaría; xardinaría; repostaría...
- Contacto cotián coa natureza. Como di Heike Freire “a convivencia con plantas e animais é fundamental. Mellor se son salvaxes. Se nos fixamos un pouco, temos moita vida ao noso arredor, mesmo nas zonas urbanas máis duras. A natureza é tamén a forza do pequeno: unha plantiña, unha formiga, un gorrión...”
- A calma, a paciencia, o coidado, o tacto no trato, a proximidade, a atención participa-

tiva e cariñosa, os límites amorosos, mirada positiva, a seguridade, a protección, a confianza... axudarannos a gozar e coidar de estar en familia.

CONCLUSIÓNS PARA A VIDA PROFESIONAL E A CLÍNICA

A profesión de psicoterapeuta adoita implicar bastante soidade; convivimos cun alto nivel de intensidade emocional (allea e propia) que require de nós altas doses de presenza, escoita, empatía e claridade mental.

Especialmente se traballamos preto do trauma e en contacto con relatos de violencias, coñecemos as secuelas da psicofisioloxía da fatiga por compaixón e o trauma vicario, e a necesidade de equilibrar a nosa implicación empática, regular a activación do noso sistema nervioso e manter a nosa habilidade para pensar con claridade. Por iso é fundamental que coidemos dos nosos sentidos básicos para lograr exercer a nosa profesión sen que iso nos custe “a vida”.

Polo tanto, tódalas recomendacións anteriores para facer en familia resúltannos de utilidade para nós; pero creo que debemos aumentar as doses, posto que nos expomos moito máis ao desgaste das nosas “reservas psicofisiolóxicas”.

Algunhas especificidades para aplicar na nosa práctica clínica serían:

- Ter un horario que permita atender as necesidades das persoas coas que traballamos, pero tamén as propias. Que o horario teña un ritmo semanal e anual predicible axudará a que o encadre para os/as pacientes sexa claro e daralles tranquilidade, pero tamén nos axudará.
- Reservar espazos para coidar a nosa alimentación e descanso, é unha clave moi básica para a nosa saúde e tamén a das persoas que atendemos. Repítoa aquí, porque na axitación do traballo adoitamos esquecer estas cuestións básicas, respondendo e-mails e mensaxes a altas horas da noite ou comendo “calquera cousa” entre paciente e paciente.
- Tempos e espazos de autocoidado verdadeiro, atendendo ao psicofisiolóxico, pero tamén ao creativo e social.
- Contacto coa natureza, tanto no cotián como nos tempos reservados de descanso profundo. A natureza será unha grande aliada para lograr que o noso sistema nervioso entre na calma necesaria para poder exercer mellor a nosa profesión.
- Actividade física que che permita entrar en contacto co teu corpo, co movemento e a conciencia corporal. Isto axudará a ter unha disposición físico-emocional que axudará ao traballo terapéutico e á túa vida.
- Dentro da consulta primar o trato respectuoso, delicado e coidadoso cara á persoa. Coidar que cada encontro sexa verdadeiro e exclusivo, estando absolutamente presentes e atendendo á súa individualidade deixando “atrás” as teorías e vendo a persoa que temos diante.
- Tanto na anamnese como na psicoeducación non debe faltar tratar estes aspectos da saúde:
 - Alimentación.
 - Sono: ritmo e cantidade.
 - Descanso.
 - Actividade física.
 - Contacto coa natureza.
 - Relacións sociais.
 - Creatividade, paixóns, afeccións.

BIBLIOGRAFÍA

Bowlby, J. (1958). The nature of the child's tie to his mother. *International Journal of Psycho-Analysis*, 39, 350-373.

Castellanos, N. (2022). *Neurociencia del cuerpo. Cómo el organismo esculpe el cerebro*. Editorial Kairos.

Damasio, A. (1996). *El error de Descartes de 1996*. Santiago de Chile. Editorial Andrés Bello.

Freire, H. (2017). *¡Estate quieto y atiende! Ambientes más saludables para prevenir el déficit de atención y la hiperactividad*. Barcelos. Herder Editorial.

Goddard, S. (2017). *El niño bien equilibrado*. Barcelona. ING Edicions.

Goleman, D. (2011). *El cerebro y la inteligencia emocional*. Barcelona. Ed. BSA.

Han, B.-C. (2020). *La desaparición de los rituales: una topología del presente*. Barcelona. Herder Editorial.

Harlow, H. (1958). The nature of love. *American Psychologist*, 13, 673-685.

Makinodan, M., Rosen, K. M., Ito, S., Corfas, G. (2012). A critical period for social experience-dependent oligodendrocyte maturation and myelination. *Science*, 337(6100), 1357-1360.

Martínez, M., García, M. C. (2011). Implicaciones de la crianza en la regulación del estrés. *Revista Latinoamericana de Ciencias Sociales, Niñez y Juventud*, 2(9), 535-545.

Porges, S. W. (2001). The polyvagal theory: Phylogenetic substrates of a social nervous system. *Psychoneuroendocrinology*, 23, 837-861.

Porges, S. W. (2017). *La teoría polivagal: fundamentos neurofisiológicos de las emociones, el apego, la comunicación y la autorregulación*. Ediciones Pléyades.

Rodríguez, J. (2009). *Procesamiento léxico-semántico de los verbos y su sustrato neuronal*. Universidad de Oviedo.

Schore, A. N. (2005). Attachment, affect regulation, and the developing right brain: linking developmental neuroscience to pediatrics. *Pediatrics in Review*, 26, 204-212.

Schuch, F. B., Vancampfort, D., Firth, J., Rosenbaum, S., Ward, P. B., Silva, E. S., Hallgren, M., Ponce De Leon, A., Dunn, A. L., Deslandes, A. C., Fleck, M. P., Carvalho, A. F., Stubbs, B. (2018). Physical activity and incident depression: A meta-analysis of prospective cohort studies. *American Journal of Psychiatry*, 175(7), 631-648.

Sharp, H., Pickles, A., Meaney, M., Marshall, K., Tibu, F., Hill, J. (2012). Frequency of infant stroking reported by mothers moderates the effect of prenatal depression on infant behavioural and physiological outcomes. *PLoS ONE*, 7(10). <https://doi.org/10.1371/journal.pone.0045446>.

Spitz, R. (1945). Hospitalism: An inquiry into the genesis of psychiatric conditions in early childhood. *The Psychoanalytic Study of the Child*, 1, 53-74.

Steiner, R. (2014). *Los doce sentidos del ser humano*. Editorial Pau de Damasc.



MODIFICACIÓN CORPORAL

A MODIFICACIÓN
CORPORAL

Mónica Fernández Castro

Black Flamingo tattoo & piercing, Vigo

monibodypiercing@gmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

A modificación corporal acompaña o ser humano desde hai miles de anos. Durante milenios, foi a marca distintiva de moitas civilizacións; en diferentes lugares, diferentes culturas, por diferentes razóns e con diferentes técnicas, pero cun fin similar: transmitir a súa cultura de xeración en xeración da maneira máis física posible. Desde o século XXXII a. C. ata os nosos días, algunhas técnicas evolucionaron moitísimo, pero outras moitas seguen sendo moi parecidas a como eran hai miles de anos. Desde cortes e marcas a lume vivo, ata as técnicas máis avanzadas de cirurxía estética actual, o ser humano sempre buscou o embellecemento do corpo de maneira moi diferente segundo cada cultura. É unha forma máis de expresión e os motivos son moi variados: rituais, ofrendas, manifesto do status social ou simplemente por razóns estéticas. Estas prácticas forman e seguirán formando parte da nosa historia.

PALABRAS CHAVE — Modificación corporal, tatuaxe, piercing, cirurxía, beleza.

ABSTRACT

Body modification has accompanied humankind for thousands of years. It has been the distinctive feature of many civilisations for centuries; in different places, different cultures, for different reasons and with different techniques, but with a common aim: transmitting their culture over generations in the most physical way. Since the 32nd century B. C. until present days, some of the techniques have evolved a great deal but other procedures have almost remained the same as thousands of years ago. From cuttings and hot-branding to the most advanced current aesthetic surgery techniques, the human being has always searched for bodily embellishment in many different ways according to each culture. This is one more way of expression and there is a wide variety of motifs: rituals, offerings, social status manifestation or simple aesthetic reasons. These practices are and will continue to be part of our history.

KEY WORDS — Body modification, tattoo, piercing, surgery, beauty.

Na súa definición máis simple, “modificación corporal” remite á alteración deliberada da aparencia física dunha persoa. Aínda que habitualmente esta frase só se aplica a prácticas como a tatuaxe, as perforacións ou as escarificacións, se botamos unha ollada á definición actual de “estética” darémonos de conta de que practicamente todas as persoas nos involucramos nalgunha forma de modificación corporal; por exemplo, é pouco común atopar algunha muller sen os lóbulos perforados, unha das modificacións corporais máis aceptadas e estendidas culturalmente, e que se adoita realizar cando somos bebés, sen o noso consentimento. Polo simple feito de nacer con xenitais femininos é tradición marcarnos, o que é moi primitivo, salvaxe e abusivo, pero aceptado socialmente.

Actividades tan simples, inocuas e temporais como tinguir o pelo, poñer lentes de contacto

de cores ou levar uñas de xel serían modificacións á fin e ao cabo, así como a musculación que algunhas persoas realizan dos seus corpos ata límites increíbles. Tamén a cirurxía e a medicina estética son algo moi estendido nos nosos días. Volveuse extremadamente común ver persoas cos beizos recheos de ácido hialurónico, inxectarse toxinas para paralizar músculos, levar próteses dentro do corpo ou fracturarse os ósos nasais unicamente por querer verse mellor. Ten algo de malo? O noso corpo pertencenos e, aínda que algúns son procesos dolorosos que necesitan dunha recuperación, ás veces lenta e complexa, estamos dispostos a pasar por iso só porque queremos e temos esa opción.

Pero, por que hai modificacións corporais aceptadas socialmente e outras, con moita máis bagaxe histórica e cultural, son vistas como verdadeiras aberracións? O estándar de



Figura 1. Princesa de Ukok ou Dama de Xeo. Momia Pazyryk, século V a. C.

beleza socialmente aceptado e implantado en occidente ten moito que ver. Certas prácticas que nos poden parecer unha atrocidade, noutras partes do mundo son perfectamente normais e habituais.

Desde hai moitos miles de anos, en todos os grupos de humanos ao longo da historia coñecida e rexistrada, houbo membros que modificaron os seus corpos e transmitiron a súa cultura de xeración en xeración da maneira máis física posible. Tatuaxes, pescozos alongados, cranios ovalados, marcas a lume vivo... Durante milenios foron a marca distintiva das civilizacións. As razóns detrás das súas decisións varían moitísimo, mesmo dentro da mesma comunidade. En moitas culturas, o status social e a riqueza maniféstanse con xoias no nariz, por exemplo. Noutras, as cicatrices e as tatuaxes teñen significados máis profundos. E, por suposto, en case todas as culturas existen as modificacións corporais simplemente por razóns estéticas, como adorno e embelecemento de ambos os sexos e de todos os xéneros, para tentar alcanzar un estándar de perfección dentro da súa cultura. Outra posibilidade é a realización destas prácticas como ritual ou ofrenda.

Os rexistros máis antigos sobre tatuaxes proveñen dos primeiros pasos do *Homo sapiens*. En 1991, un corpo momificado que data do século XXXII a. C. foi atopado por alpinistas alemáns. Os científicos chamárono Ötzi, o Home de xeo, ou coas antigas momias exipcias nas que se atopan tatuaxes de animais e outras criaturas; con todo, crese que a práctica se orixinou hai máis de 10.000 anos. A técnica da tatuaxe evolucionou en gran medida ao longo dos anos, tanto os pigmentos como as tintas que se utilizan melloraron moito nos últimos tempos. Xa sexa a man, picados cunha soa agulla ou con máquina, as razóns tras a decisión de tatuarse non variaron considerablemente en todo este tempo: moda, función estética ou unha mera declaración do tipo que sexa. Tamén se tatuaron persoas en contra da súa vontade para identificalas de forma permanente como criminais ou indesexables dunha comunidade; este estigma asociado aínda permanece en parte da sociedade. A pesar diso, o mundo da tatuaxe está a rexurdir cada vez con máis popularidade e aceptación.

Probablemente, a tatuaxe e o *piercing* sexan as prácticas máis antigas de modificación corporal; xa os exipcios marcaban aos seus sacerdotes con tinta e en Xapón sinalábase os criminais con esta técnica desde o primeiro milenio a. C.

A entrada definitiva da tatuaxe en Europa produciuse tras as primeiras expedicións occidentais á Polinesia, ao redor do século XVIII (antes era utilizado de maneira puntual por

algúns lexionarios romanos). A partir deste intre pasou a formar parte da cultura mariñeira, xa que os navegantes marcaban o seu corpo durante as súas expedicións por todo o mundo. Ademais de a esta tradición, quizá por influencia pirata ou xaponesa (ou ambas as dúas), as tatuaxes tamén se incorporaron á cultura criminal.

As tatuaxes tal e como as coñecemos pódense documentar desde o ano 3300 a. C., como se viu co descubrimento de Ötzi, o Home de xeo, ou coas antigas momias exipcias nas que se atopan tatuaxes de animais e outras criaturas; con todo, crese que a práctica se orixinou hai máis de 10.000 anos. A técnica da tatuaxe evolucionou en gran medida ao longo dos anos, tanto os pigmentos como as tintas que se utilizan melloraron moito nos últimos tempos. Xa sexa a man, picados cunha soa agulla ou con máquina, as razóns tras a decisión de tatuarse non variaron considerablemente en todo este tempo: moda, función estética ou unha mera declaración do tipo que sexa. Tamén se tatuaron persoas en contra da súa vontade para identificalas de forma permanente como criminais ou indesexables dunha comunidade; este estigma asociado aínda permanece en parte da sociedade. A pesar diso, o mundo da tatuaxe está a rexurdir cada vez con máis popularidade e aceptación.

Outra das momias con tatuaxes máis antigas que se descubriron é a chamada Princesa de Ukok (figura 1), achada en 1993. Presentaba varias tatuaxes no seu corpo: un cervo no seu ombreiro esquerdo e outros animais na seu pulso e nos seus dedos. Estas figuras sustentan a teoría de que a tatuaxe tiña unha importante función relixiosa na súa cultura.

É un concepto equivocado (aínda que bastante aceptado) que a perforación do corpo é unha moda un tanto recente, pero as perforacións nas orellas, por exemplo, son un trazo increíblemente común en case todas as culturas ao longo da historia e cunha gran variedade de mitos, lendas e significados detrás da xoie-

ría usada e a súa colocación. As perforacións no nariz documentáronse hai 4000 anos no medio Oriente, continuaron na India durante o século XVI e a día de hoxe séguense practicando, é parte do seu legado cultural. As perforacións noutras partes do corpo, como nos beizos, a miúdo en forma de grandes discos nunha perforación dilatada, practícanse en tribos de África, do sueste Asiático, e de América do Sur. Todos estes *piercings* séguense facendo en Occidente, aínda que a razón principal sexa o ornamento e a mellora estética.

As escarificacións e o *branding* tamén son procedementos con miles de anos de antigüidade. Tradicionalmente, a escarificación estaba máis estendida entre as persoas de pel escura nas rexións ecuatoriais, xa que, ao ter moita melanina na pel, as tatuaxes non eran moi visibles.

Na rexión de Sepik, en Papúa Nova Guinea, atópase o pobo coñecido como “*pel de crocodilo*”, unha das etnias máis singulares deste peculiar país e que mantén varias das súas tradicións como eran na súa orixe. Unha delas é a de escarificar o corpo para imitar a textura da pel dos crocodilos, xa que, conforme ás súas crenzas, son os seus antepasados. Levan a cabo un rito de iniciación doloroso e sanguento para, así (segundo eles), adquirir a forza destes animais. O devandito ritual consiste en realizar decenas de cortes na pel do peito e das costas que dan como resultado infinidade de cicatrices avultadas que proporcionan esa aparencia de pel de crocodilo.

Varias tribos aborixes do norte de Australia e o pobo Karo, en Etiopía, son só algunhas das moitas culturas que, ata o día de hoxe, seguen practicando ritos tradicionais en que inclúen a escarificación. Os Karo, especialmente as mulleres, locen escarificacións no peito para embelecerse; efectúanas cun coitelo ou unha navalla e despois cóbrenas con cinza. Tanto os homes como as mulleres utilizan a ornamentación facial e corporal para resaltar a súa beleza e destacar o seu status social.

A modificación do cranio para volvelo ovalado ou alongado levouse a cabo en diferentes países ao longo de todo o mundo. Os primeiros rexistros remóntanse a 45.000 anos antes do presente e é unha práctica que continúa nalgúns lugares como a República do Congo e Vanuatu. Esta deformación foi practicada desde os tempos dos hunos e os alanos ata comezos do século XX. En diferentes países de América do Sur e nos Estados Unidos de América, desde os maias (Mesoamérica) aos paracas de Perú, pasando polos Chinook do noroeste de América do Norte e os Choctaw do noroeste, a modificación do cranio era unha práctica común. O rexistro escrito máis antigo de deformación cranial data do 400 a. C. e é a descrición que fixo Hipócrates dunha tribo africana á que denominaba os macrocéfalos ou “*cabezas longas*”.

As padaung (mulleres con pescozo de xirafa) pertencen ao grupo étnico ou tribo Kayan, unha minoría étnica tibeto-birmana de Myanmar. Cando teñen cinco anos colocan un adorno de latón en forma de espiral ao redor do pescozo ao que van engadindo aneis e que, aos poucos, vai premendo as clavículas cara a abaixo facendo que pareza que teñen o pescozo máis longo. Existen varias teorías sobre o porqué desta práctica: hai quen di que lles serve para evitar as mordeduras dos leóns, que as nenas elixidas para levar os aneis han de ser especialmente protexidas por nacer un mércores de lúa chea, e tamén se contempla a posibilidade de que empezase a utilizarse para afeitar as mulleres evitando así a súa escravización por outras tribos.

No contexto occidental moderno, a escarificación e o *branding* (queimaduras), aínda que son prácticas moito menos estendidas que as tatuaxes, seguen sendo formas comúns de modificar o corpo. O resultado estético dunha escarificación curada depende en maior medida da cicatrización do corpo e da xenética do seu propietario que da destreza do artista, o que unido á dor e á incomodidade do procedemento e da súa curación, fai que, probable-



Foto: Tony Wu




Foto: Shvets Production

mente, nunca se volva tan común como, por exemplo, facer unha tatuaxe.

Aínda que os implantes son unha práctica relativamente recente (é un proceso mediante o que se insiren obxectos estraños debaixo da pel), as contas xenitais, coñecidas como *beading* ou perlas, foron un elemento moi común entre os mariñeiros do Pacífico Sur e os Yakuza xaponeses durante moitos anos. Tamén era moi frecuente nos sistemas penais da antiga Unión Soviética e na Europa do Leste. De feito, segue sendo un procedemento bastante solicitado en moitos estudos no mundo occidental actual. A día de hoxe realízase con bólas de teflón biocompatible ou silicona, substituindo con iso os antigos materiais orgánicos non estériles potencialmente perigosos.

Os implantes transdérmicos, implantes cirúrxicos colocados baixo a pel cunha única saída, son realizados (ou deberían sêlo sempre) por modificadores corporais cunha grande experiencia e habilidade cirúrxica. Este tipo de implante pode ser algo problemático para curar, pero segue sendo popular entre os máis experimentados en modificación corporal. Na última década, as xoias transdérmicas redeseñáronse e os procedementos e os materiais refináronse ata o punto de que se pode entrar en case calquera estudo do mundo e obter un microdermal, unha pequena base implantada debaixo da derme mediante un procedemento rápido, simple e pouco doloroso, non máis que calquera outra perforación; despois, o extremo roscado do microdermal cicatrizará ao nivel da pel, o que permitirá que os accesorios (tamén roscados) se poidan intercambiar. Non son aptos para calquera persoa, xa que o éxito na cicatrización e, por conseguinte, na duración depende moito do noso estilo de vida.

Outras modificacións máis invasivas practicadas nos últimos tempos, por poñer algúns exemplos, son poñer as orellas en punta, bifurcar a lingua ou varios tipos de modificación xenital. Estes procedementos atópanse máis preto do mundo da cirurxía estética.

É importante destacar que o máis básico e fundamental na modificación corporal é que sexa algo que decide facer cada persoa libremente, sen que ninguén decida por ninguén. Xa sexa por simple estética ou por algún motivo máis profundo, o noso corpo pertécenos e a nosa decisión é a única válida. Poida que alguén non entenda que a unha persoa lle guste levar a lingua bífida, pero tampouco somos quen para opinar de forma pexorativa sobre a estética doutras persoas, xa que o que nos pode parecer bonito, correcto ou “normal”, probablemente non o sexa para outra persoa. É unha forma máis de expresión, quizá a máis elevada, debido a que decidir pasar por un proceso doloroso para conseguir algún cambio definitivo no noso corpo é algo serio e habitualmente moi meditado.

BIBLIOGRAFÍA

Angel, E. (2009). *The Piercing Bible: The Definitive Guide to Safe Body Piercing*. Crossing Press.

Ganguly, W. (2007). *Earrings: Ornamental Identity and Beauty in India*. BR Publishing Corporation.

Musafar, F. (2002). *Spirit and Flesh*. Daedalus Publishing Company.

Pitts, V. L. (2003). *In the Flesh. The Cultural Politics of Body Modification*. Palgrave Macmillan.

Rauf, D. (2018). *The Culture of Body Piercing (Body Arts: The History of Tattooing and Body Modification)*. The Rosen Publishing Group.

Rubin, A. (Ed.). (1988). *Marks of Civilization: Artistic Transformations of the Human Body*. Museum of Cultural History.

Schaff, A. (2006). *Body Modification*. Artesian Press

CAMBIOS

CAMBIO CORPORAL
QUEN SON EU?

María Dolores Viñas Carballeira

Psicóloga. Mestra de Educación Primaria

mvinas@edu.xunta.es

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

O cancro de colon -tumor do intestino goso- é o segundo tumor máis frecuente do aparello dixestivo. Aínda que se dá en diferentes idades, é máis típico a partir dos 50. É máis frecuente en homes que en mulleres e pode aparecer de maneira asintomática.

A palabra cancro xeralmente crea sentimentos de tristeza e ansiedade. É coñecida por todos. Pero a palabra ileostomía é descoñecida por moitos. Vivir cunha bolsa de ostomía non é fácil. Vivir cun cancro tampouco.

A enfermidade, a quimioterapia e a ileostomía produciron cambios notorios tanto no meu corpo e na miña mente, como na confianza en min mesma. Cambios na imaxe corporal, identidade persoal e nas emocións, así como en hábitos, novas rutinas e modo de vida. Cambios que tes que aceptar e traballar polo teu benestar físico e saúde mental.

Hai que aprender a vivir unha nova vida. Pero con dignidade.

PALABRAS CHAVE — Cancro, quimioterapia, ileostomía, imaxe corporal, identidade persoal, autoconfianza.

ABSTRACT

Colon cancer is a tumour of the large intestine -the second tumour more frequent of the digestive system-. It's more typical from the fifties. This cancer is more common in men than in women and it may appear asymptotically.

The word cancer usually produces feelings of sadness and anxiety and it's known worldwide. But the word ileostomy is unknown to many people. Living with an ostomy bag is not easy, neither with cancer.

Disease, chemotherapy and ileostomy have produced important changes in my body and also in my mind and self-confidence. They have produced changes in my body image, personal identity and emotions as well, changes in habits, routines and way of life.

Changes must be accepted in order to improve your well-being and mental health. You must learn to live a new life. But with dignity.

KEY WORDS — Cancer, chemotherapy, ileostomy, body image, personal identity and self-confidence..

INTRODUCCIÓN

Antes de empezar a escribir o artigo, é necesario a aclaración ou a definición de certos termos da medicina clínica –recollidos de modo sinxelo– algúns ben coñecidos por moitos, pero outros non tanto –quizais por falta de visibilidade se se me permite–.

Penso que só podes poñerte no lugar do outro cando experimentas algo similar en calquera ámbito da vida. Se non, podes escoitar, pero non “entender ou comprender na súa totalidade”. As palabras cancro e ileostomía acompañanme xa desde hai 18 meses e espero que o sigan facendo durante moitos meses e anos máis. Ata o seu momento, eu descoñecía por completo de que ía este asunto. Es moza, e quen pensa que, de súpeto, todo vai cambiar con tal grao de magnitude, que porá patas arriba todo o teu mundo. Quen pode pensar que, de súpeto, che fan unha visita para quedar un cancro e unha ileostomía. Así, de súpeto, sen alertar.

Definición. O cancro colorrectal (AECC)¹ orixínase no colon ou no recto –que constitúen a parte final do tracto dixestivo–. O colon comunica o intestino delgado co recto que, á súa vez, termina no ano. Dependendo da súa localización anatómica e do lugar onde se orixine, denomínaselle cancro de colon ou cancro de recto. Normalmente denomínase cancro colorrectal, dado que ambas as patoloxías comparten características comúns.

Epidemioloxía. O cancro colorrectal afecta fundamentalmente a persoas maiores. A idade media de presentación é 70-71 anos e a maioría dos pacientes teñen máis de 50 anos no momento do diagnóstico, aínda que non hai que esquecer que tamén pode aparecer en persoas máis novas. Afecta a homes e mulleres case por igual, aínda que o risco de padecelo é un pouco inferior en mulleres.

A nivel mundial, no ano 2018 o cancro colorrectal representa o terceiro en incidencia en

ambos os sexos despois de cancro de pulmón e mama (datos dispoñibles GLOBOCAN²).

Incidenia. Segundo o Observatorio do Cancro AECC, en España estímase que, durante os próximos anos, o cancro colorrectal será o máis diagnosticado en ambos os sexos. É o segundo tumor máis frecuente nos homes despois do de próstata e o segundo nas mulleres despois do de mama. O cancro colorrectal supón o 15,3% de todos os tumores diagnosticados en 2020. Os cancros máis frecuentemente diagnosticados son os de colon e recto, mama, pulmón, próstata e vexiga urinaria.

Mortalidade. O cancro colorrectal é a segunda causa de morte por cancro, só por detrás do cancro de pulmón. Entre os homes, os responsables do maior número de falecementos foron o cancro de pulmón e o cancro colorrectal (cun incremento na incidencia do 1,2%). Nas mulleres, ocupa o terceiro lugar despois do cancro de mama e de pulmón (cun descenso na incidencia do 3,8%). A mortalidade de cancro de colon cambia de forma máis rápida que noutros tumores debido á estreita relación deste tumor co estilo de vida e dieta.

Dito todo isto, a maior redución da incidencia e da mortalidade do cancro colorrectal débese a unha melloría nos métodos de cribado.

A ILEOSTOMÍA

Eu descoñecía a existencia desta palabra. Sabía que algunhas persoas levaban unha bolsa colgada do seu abdome onde recollían as deposicións. A primeira vez que souben isto foi hai uns 28 anos cando a miña nai, paciente de cancro de mama, tiña como compañeira de habitación a unha señora cunha bolsa. Cando entrei na habitación e, falando en prata, a habitación cheiraba a caca, era como se alí estivesen varios bebés co cu sucio. Menos mal que as cousas cambiaron grazas á investiga-

ción! Recordo que iso me produciu un sentimento de pena, compaixón e tristeza por esa persoa descoñecida.

Nunca oín falar deste tema –das ostomías– nin dos pacientes ostomizados, nin tampouco me topei cunha lectura relacionada ata que chegou o momento. Se cadra, porque non prestaba atención a iso. Pero nestes últimos meses, tampouco.

O tema “bolsa de ostomía” creo que en xeral é un pouco escatolóxico, aínda que esteamos na era da “normalización”, non? Eu quedei con esa imaxe e ese cheiro, e nunca máis pensei niso. Cando me dixeron que se cadra me tiñan que pór unha bolsa, nin imaxinaba o que era e todo o que traería asociado. Para levar unha bolsa téñenche que practicar unha ileostomía ou unha colostomía. No meu caso, unha ileostomía. Falemos do que é de modo sinxelo.

Que é a ileostomía? É un tipo de ostomía. O íleo é a parte distal do intestino delgado. Se se separa do cego e se saca, chámase ileostomía. O íleo sácase a través dunha incisión na parte inferior dereita do abdome chamada estoma, a través do cal se deriva a saída das feces ou dos ouriños ao exterior. A ileostomía expulsa as feces líquidas, medio formadas. Ten un alto caudal. Outro termo parecido é a colostomía, pero son cousas diferentes.

As complicacións da ileostomía inclúen sangrado, deshidratación, obstrución do estoma e exoriación da pel circundante. O paciente deshidrátase rapidamente, polo que necesita beber moitos líquidos. Os intestinos pequenos conteñen moitas encimas dixestivas que saen con feces medio formadas e esaxeran o bordo da ileostomía. Por tanto, unha boa hixiene, baleirar regularmente a bolsa de ileostomía e aplicar unha barreira protectora ao redor do bordo do estoma prevén calquera irritación e inflamación do seu bordo.

A ENFERMIDADE

Despois dos apuntamentos anteriores poderdes facer unha idea do que cambiaron tanto o meu corpo e a miña mente, como a perspectiva da miña vida. Contareivos un pouco a historia.

A madrugada do día 26 de febreiro do 2021 ingresei no servizo de urxencias do CHUF³ cunha obstrución intestinal da que realmente eu non era consciente. O médico cirurxián de garda que me atendeu, solicitou as probas pertinentes –analíticas varias, TAC abdominal e RX–. Tras os resultados das mesmas e da exploración, viu fea a cousa e comentoume que había que operar de urxencia á primeira hora da mañá. En principio, dime que valorarán poñer unha bolsa. *“A ver se hai sorte e non é necesario”*.

O meu marido deixárame en urxencias, pero non o deixaron pasar, co que estiven soa -mais non só ese día, senón os 26 que estiven hospitalizada- e morta de medo, por suposto. Nunca me operaron, menos con urxencia. Menos mal que nesa quenda estaba de garda unha amiga íntima enfermeira, que estivo pendente de min todo o tempo e acompañoume ata a hora de quirófano. O seu agarimo e as súas palabras reconfortáronme nese momento de angustia, terror e soidade. O peor, polo que me caían as bágoas, non era pola gran dor física abdominal e inchazón polos que ingresara, senón porque non me despedira dos meus nenos. Pensei en se non os volvería a ver nunca máis (sempre me entran ganas de chorar cando conto isto, échense os ollos de bágoas e encólleseme o corazón cando o penso). Pero dou grazas porque aínda podou estar con eles.

Tras a primeira operación e o postoperatorio, sóbenme á habitación e o primeiro médico que me visita é unha xinecóloga. Non recordo nin a súa cara nin o seu nome. Caras, non lembro as de ninguén, pois estábamos no mellor da pandemia por COVID-19⁴. Nomes tampouco, porque estaba aínda moi aparvada e en

shock. Dime que me quitou os ovarios, porque estaban feos e xa cumpriran a súa misión (teño dous fillos: un rapaz de 21 e unha rapaza de 14). Comentoume que podería ter unha pequena hemorraxia (como da regra) pero que iso sería normal. Comentou que a operación saíra ben e máis nada que eu lembre, porque repito que non podía procesar ben a información. Estaba aparvada tras unha operación de máis de cinco horas.

Ao día seguinte vénme ver un dos meus cirurxiáns, das novas xeracións, duns corenta e tantos, encantador, próximo e magnífico profesional. E empeza co goteo de información: de momento que me operaran e quitaran un tumor que leva a anatomía patolóxica e, en principio valoraron non poñer a bolsa. Pero lamentablemente, aos cinco días (o 02 /03/2021) téñenme que volver operar, pois a drenaxe non pintaba ben. Lévanme facer outro TAC e o cirurxián dáme a noticia de que hai que abrir outra vez e pór a bolsa de ostomía.

Outros días víñame visitar o médico residente (hoxe xa médico titular) e seguíanme caendo goteos de información do que tiña. Así aos poucos, para poder dixerir. O veredicto tras a espera duns dez días foi o seguinte:

- Adenocarcinoma mucinoso maligno de colon descendente esquerdo⁵.
- Colectomía subtotal con anastomosis ileo-rectal⁶ (26/02/2021).
- Ileostomía terminal⁷ (02/03/2021).
- Tromboembolismo pulmonar incidental⁸.

O NOSO EU

Que pasa cando me miro ao espello? Recoñezo un EU, a min. Unha imaxe mental subxectiva, persoal e familiar que temos de nós mesmos, que difire da imaxe que teñen os demais acerca do meu EU. Do mesmo xeito que cando vemos unha fotografía nosa, para

nós é diferente da imaxe que nos proxecta o espello. Vémonos máis gordos, máis fracos, máis guapos, máis feos... , gustámonos máis ou menos que ao natural. Interesante, verdade?


O recoñecemento do EU é fundamental para a adquisición das aprendizaxes da vida, para poder interactuar co mundo que nos rodea.

“A construción da aprendizaxe apóiase no coñecemento do noso corpo, do meu EU, xa que toda conduta incorporámola mediante el. Adquirir a habilidade do recoñecemento do noso EU é imprescindible para interactuar co mundo que nos rodea, para crear relacións con este e coas persoas. Mediante o recoñecemento do corpo constrúese o espazo e as súas limitacións, tomando consciencia de cada unha das partes con axuda dos sentidos. Tendo en conta isto, non é de sorprender a vital importancia que cobra o descubrimento do esquema corporal definido como “a representación mental do meu propio corpo, das súas posibilidades e limitacións de acción”. Por iso a medida que o neno recoñece o seu propio corpo e o domina, fálizase a incorporación das aprendizaxes. O desenvolvemento do esquema corporal ten todo un proceso, depende da maduración neurolóxica así como tamén das experiencias que se teñan. Alcanza o seu pleno desenvolvemento cara os 11 ou 12 anos e evoluciona e madura ao longo da vida.”⁹

O noso EU vai evolucionando co transcurso do tempo. E non só é un físico, senón que EU tamén é corazón ou alma e poder de pensamento. Estas tres globalidades forman o meu EU e o de todos os humanos, diferenciándonos dos animais. Este EU é a adultez do desenvolvido na nenez, e é o que me distingue dos demais, de ti.

Por desgraza, un cancro invasivo cambia o corpo. Algúns máis que outros, e no meu caso, tanto as cicatrices das dúas operacións e unha terceira en novembro do 2021, así como a bolsa de ostomía, cambiaron a miña imaxe corporal por completo.

Foto: Alexander Krivitskiy



O EU DE ANTES

Antes do fatídico día 26 de febreiro (tiña 52 anos) nunca pisara un hospital, quitando os dous partos e outras cousas sen importancia. Era unha persoa sa. Facía cada ano as miñas análíticas de rigor e sempre perfectas. Os últimos anos cun pouco de anemia, típico da pre-menopausa, pero nada máis. Nunca adoitaba tomar medicación. O meu físico era o dunha persoa sa. Non recordo desde a miña adolescencia deixar de practicar deporte (só cando quedei embarazada). Fixen un pouco de todo, pero sempre con intensidade saíndo da zona de confort, e tres ou catro días á semana (aerobic, zumba, cardio, musculación, saídas en bicicleta).

Xa nos últimos anos, ioga dinámico, algo parecido case ao circo do sol. O mellor a esta idade é practicar ioga, porque quedas xenial en todos os aspectos, no corpo e na mente. O corpo pídeche estar estirado, musculado, con flexibilidade e equilibrio para evitar os inconvenientes propios da idade. E a mente pídeche estar tranquila, sen tensión e relaxada.

Considérome unha persoa coqueta, que me gusta ir ben sempre, sexa sport ou arraxada.

A miña complexión sempre foi forte, costas anchas, abdominais marcados e todo moi recollido grazas aos adestramentos. Talle M. Estatura 1,61. Sempre pesei moito debido a que estaba ben musculada e sempre me deu un pouco de vergoña dicilo. Saín do hospital aos 26 días, con 20 kg menos. Si. Vaia cambio. Como dicía a miña filla Lola, “*mami, estás delgada-fofa*”. A perda de peso foi case todo da masa muscular.

O meu pelo era rizado, sempre un pouco máis de media melena, pero non moi longo. Comprara había pouco un alisador-modelador moi bo, que herdou agora Lola para a súa longa melena. O meu *skinhead*¹⁰ agora non me permite usalo, claro.

Psicoloxicamente era unha persoa forte, resolutive, optimista, con coraxe, moi sociable, dinámica e activa, animada, moi traballadora, inquieta intelectualmente e estudosa, organizada e metódica –un pouco obsesiva e perfeccionista como cabe esperar–. Gustábame ter sempre todo controlado cun planning semanal –as miñas amigas dicíanme que como era capaz de facer tantas cousas; pois co plannig–. Cariñosa, por suposto. As miñas dúas vocacións, o ensino e a psicoloxía. Con mil cursos e gran formación. Sempre con ese gustiño de aprender e innovar e dar o mellor de min mesma.

Todas as etapas da vida son boas, aínda que todas teñen os seus problemas. Cumpriuse un dos tópicos estúpidos que din todos os humanos por dicir (algo), porque cres que nunca che vai a pasar a ti –e dun día para outro cámbiache a vida–. Tíñao todo. Como digo sempre, dun día para outro, pasei do todo –do meu todo– á nada. Esa é a dura percepción da miña vida agora. Pero estou a saír da nada en busca dese novo todo.

OS PRIMEIROS DÍAS NA CASA

Lembro o día de saída do hospital. Chegara de madrugada a urxencias cunhas mallas negras, suadoiro de raias negras e brancas e deportivas negras. Pero NON quería saír de alí así, de loito. Ademais, xa era primavera. Envíei unha mensaxe de whatsapp á miña filla e díxenlle que me collese un vaqueiro e unha camiseta branca, xersei rosiña, deportivas rosa claro e chaleco granate. A súa contestación “*mami, rosa e vermello, puñada no ollo... haha*”. Pero ese modelíño xa o combinara así máis veces e gustábame. Quería sentirme un pouco ben, ser un pouco dese EU que fora abandonado case facía un mes. Pero do que quedaba pouco. Todo este proceso foi como un renacer.

E a verdade, xa tres veces.

Tentei poñerme soa como puideron a roupa, pois doíame todo o corpo con calquera movemento. Unha operación déixache rota, eu nunca experimentara esa sensación de non poder coa miña alma e co meu corpo. Case non podía andar pola perda de masa muscular. Os pantalóns “pitillo” caíanme cando antes me quedaban perfectos. Para as zapatillas deportivas pedín axuda. Pero xa non tiña autonomía. Era dependente. Sentes que perdes ata a dignidade. Xa sei que para eles es un corpo, pero para ti, o corpo é parte do teu eu.

Cheguei a casa como dixen con 20 kg menos. Lembro o día en que o cirurxián me dixo que xa me ía a dar a alta. Eu contesteille “*estás de carallada? Case non podo andar!!!*”, pero eles saben o que é o mellor para ti. Creo que comecei a baixar da cama sobre o día 15 de hospitalización. Teño unha cicatriz desde o peito ata a pube, aberta dúas veces pola segunda operación, e un embigo artificial (co pequeno e bonito que era o meu). Doíame tanto todo, que era horrible o mínimo movemento. Cando me empezaba a sentar no sofá do hospital e chamábanme por teléfono, pedía que me dixesen canto tempo levaba sentada, porque 20 minutos era un récord. Cando camiñaba polas mañás contaba o tempo con cancións. Sempre puña a mesma, “No quiero más dramas en mi vida”, de Alaska, moi boa como motivación, ao principio unha vez, logo dúas, logo tres... Andar era un mundo. Nesa tempada caín dúas veces porque non tiña forza nas pernas.

Así cheguei a casa, unha nova EU en todos os sentidos. Abracei os meus fillos e funlles contando aos poucos. Ese día puxen o pixama con axuda. Literalmente, non podía pór nin a roupa interior. Chamei a miña filla para que me axudase. Sentes que perdes a dignidade como persoa. Metía a perna por un lado do pixama e non era capaz de facelo polo outro. É moi duro. E metínme na miña cama que botaba tanto de menos. Quería descansar de verdade, só descansar e deixarme levar. Non

podía nin pensar. Todo ao meu redor érame indiferente. O que no pasado me podía molestar, como a desorde, agora xa non o vía. Só quería descansar e facelo na miña cama. As miñas únicas preocupacións durante moitos meses foron coidar a miña alimentación, ir a tratamento e durmir.

Das dúas cicatrices, quedoume unha zona próxima á pube sen curar nin pechar e estiven a ir a curas ambulatorias durante tres meses. Despois da alta hospitalaria, tiña programadas moitas citas, citas diarias no Centro de Saúde. Sobre o 7 de xullo déronme a alta ambulatoria. Estiven unhas doce semanas para a cura da drenaxe da ferida que tiña encima da pube. Tiña 6 cm de profundidade segundo me contaron cando me deron a alta (para non asustarme polo camiño). Alí coñecín a miña querida enfermeira durante todo ese período.

Durante tres meses, as curas eran de luns a domingo. Ao principio a drenaxe botaba moita sucidade e coágulos. Simplemente a cura consistía en introducir aquacel prata dentro da gran fenda. Ao principio, metíanme unha chea de apósitos para limpar a zona máis profunda e furgábanme ben. Un pouco molesto e grimoso, a verdade, pero despois do que pasara, tomábao con resignación e paciencia. Así todos os días da semana. Os domingos e festivos ía ao Punto de Atención Continuada. E alí tamén comecei a coñecer novos profesionais que me atenderon estupendamente. Durante unha boa tempada tiveron unha chea de citas con xinecoloxía, cirurxía xeral, enfermaría de ostomía e medicina interna, ademais das miñas citas ambulatorias co meu médico de cabeceira, o que está pendente quincenalmente da miña evolución e coidado. Os días ían pasando con estas rutinas, pero o resto do día pasábao na cama. Almorzaba, comía, merendaba e ceaba na cama, porque a drenaxe da ferida molestábame moito e non podía sentar ben nunha cadeira. A miña habitación foi a miña cova e refuxio durante a longa recuperación física e mental.

Tras as curas, un pouco antes de acabalas, fun á consulta de oncoloxía. Alí coñecín a miña oncológa, estupenda profesional e persoa. Desde o minuto un, cando me explicou todo o que levaría o proceso de quimio, pedín axuda psicolóxica para poder estar acompañada neste longo camiño. Da miña psicóloga, direi que escoita e que quita o mellor de min para o afrontamento desta situación, que recolle as bágoas que non choro na casa e que, como humana, sofre comigo. É a miña guía e apoio. A miña confidente. Ela sabe o que non sabe ninguén.

Empecei a saír de casa coas miñas amigas no mes de agosto, uns seis meses despois da operación. Coa primeira coa que baixei foi coa miña gran amiga da alma Menchu. Acórdome dese grande abrazo no portal, o primeiro tras o COVID, as miñas bágoas nos ollos. Non me dixo nada, pero eu sei que se asustou ao verme. Con quen quedara non era EU.


O NOVO EU DE AGORA

Fisicamente son outra, gañei uns quilos (uns 4-6) desde que saín do hospital, que van fluctuando segundo me vaia coa quimio. Onte puxen a última sesión (a 12ª) do segundo tratamento e déronme unhas pequenas vaca-

cións de quimioterapia. Levo 24 sesións, que son dous tratamentos longos. A miña quimio é crónica. Vou cada 15 días, 6-7 horas os martes, e traio un infusor¹¹ con quimio durante dous días enchufado a un catéter.

O primeiro tratamento foi peor que este. Déranme no Hospital de Día unha folla cos efectos secundarios, dos que tiven todos.

- Irritación da gorxa.
- Sabor a tubaxe (cando vomitas aseméllase a ese cheiro).
- Vómitos e náuseas.
- Alteración dos sabores e do olfacto e noxo ás comidas.
- Falta de sensación de sede e de apetito.
- Sangrado de nariz e costras na mucosa nasal.
- Irritación da mucosa da boca.
- Perda de densidade do cabelo.
- Proído nas palmas de mans e plantas de pés.
- Proído no coiro cabeludo.
- Descamación da pel.
- Infeccións de ouriños.
- Debilidade muscular.



- Hipersensibilidade nas xemas dos dedos das mans e pés.
- Sensación de cansazo extremo.
- Baixada de plaquetas.
- Rubor nas fazulas.
- Perda leve de memoria a curto prazo (*chemo brain*¹²).

O segundo tratamento foi diferente, pois non se pode repetir. Os síntomas foron:

- Engurras nas xemas dos dedos debido á hipersensibilidade do primeiro tratamento.
- Infeccións de ouriños.
- Diarrea e deshidratación severa.
- Náuseas.
- Perda de densidade de cabelo
- Sequidade da pel.
- Perda de ton e calidade da voz debido á irritación de gorxa.
- Delgadeza debido ao tratamento e á absorción de alimentos debido á ostomía.

De todos estes efectos secundarios, os que máis afectaron ao meu EU foron a perda do cabelo e a extrema delgadeza inicial.

Non estou calva, pero teño zonas con moi pouco pelo, co que decidín desde un primeiro momento cortalo. Ao principio deille un corte bonito “en curto”, pero logo empezaba a ver peliños por todas partes e rapáronmo con máquina. Nesa época, ao principio, tiña sempre moito frío pola perda de graxa e de pelo, claro. Vin unha chea de tutoriais en Youtube de como pór panos, fulares e bragas para o pescozo na cabeza. Quedan xenial. Déixovos unha ligazón para que o vexades, buscadeis “Panos, bragas e bandanas para a quimio” e sáenvos unha chea de tutoriais de como poñerse guapa durante o tratamento.

Xa vos dixen que era moi coqueta. O pelo volvíno cortar neste segundo tratamento. Xa tiña bastante, pero empezou a caer de novo. Agora

decidín ir sen nada na cabeza e non ocultarme, só me poño pano, viseira ou pabela se fai moito sol ou frío. A verdade é que, aínda que te poñas mona, o pelo fai moito e a cabeza con pouca densidade non favorece (as miñas amigas dinme que teño a cabeza ben feita e que me queda ben, pero venme con bos ollos). Agora co descanso da quimio, crecerá un pouco. Pero tomei a decisión de comprar unha perruca para o inverno. Haberá que probar mil, pero creo que me vou a ver máis EU. Gustábanme os meus rizos e agora non me vexo guapa. Non me atopo ao mirarme ao espello.

Nestes meses, non só me afectou a perda de pelo, senón como é o meu corpo agora. Moi delgado. A anchura non cambiou demasiado, se me ves de fronte nótase menos, pero de perfil, un suspiro, pero como moi ben, unha chea, unhas seis veces ao día, e todo o que quero ou se me antolla.

Recordo na terceira ou cuarta cita coa psicóloga o pronunciar as palabras “ non sabía que isto era tal difícil... Non son EU cando me miro ao espello, non me recoñezo, é como se a miña alma, o meu EU estivese noutro corpo que non me pertence”. Xa pasaron 18 meses e miro a foto de perfil do meu teléfono, as fotos de casa..., e sigo sen ser EU. É duro sentir a distorsión corporal, sentir algo parecido a que xa non es TI. Que non hai equilibrio como antes entre o teu corpo e mente. O seu consello foi que me mirase moito ao espello e que me aceptase. Eu sempre aceptei as miñas cicatrices, signo de loita, pero paréceme dura a situación de non gustarte como antes, porque non me recoñezo. Moitas veces parecíame ver a imaxe dunha estraña ante o espello.

Os humanos somos así. Se es louro, queres ser moreno. Se estás gordo, queres estar delgado. Se estás delgado, queres estar gordo. Pero 20 Kg menos, cun peso moi baixo para a miña complexión física, sen masa muscular, sen abdominais, sen embigo, con tres cicatrices moi grandes debuxadas no abdome, cunha bolsa colgando na parte esquerda, sen pelo... E só

con 53 anos!. O meu corpo espido non irradia saúde, nin beleza, pero antes si. Xa sei que externamente non se ve, que se disimula, que quen me coñeza agora pode pensar que estou sa porque teño moi bo aspecto de cara e sempre o tiven (sen olleiras polas horas que descanso e por non ter tensións), porque me arranxo e non cambiei a miña maneira de vestir a pesar da bolsa de ostomía.

Como lle dixen á psicóloga “acepto por suposto a situación, todo o que me ocorreu foi a miña táboa de salvación, e dou mil grazas e pónome de xeonllos ante todo o meu equipo médico, pero cada vez que baleiro a bolsa e a vexo aí colgando... Doume peniña”, e creo que é lícito poder expresalo e sentilo. Teño o dereito a estar encabuxada ás veces. Supoño que a ninguén lle gustaría levala, do mesmo xeito que a ninguén lle gustaría levar unha perna ortopédica, por exemplo.

Todo isto é parte do proceso de dó¹³ polo que pasamos. Que normalmente segue unhas etapas:

- shock ante a noticia recibida,
- negación, todo chega de modo inxusto e inesperado de modo que non nos dá tempo a procesar,
- ira, rabia e frustración e procura de culpables,
- negociación, sóñase con situacións non reais,
- depresión, volvemos á realidade deixando de soñar e temos sensación de baleiro.
- e, por último, a aceptación, aprendemos a convivir co noso problema.

Eu non me resigno ante esta enfermidade coa que terei que convivir sempre e espero que, durante moito tempo, pero acepto a situación e agora estou serena. Conseguín un pouco de serenidade emocional¹⁴ con moito traballo, e aínda estou niso.

En todo este tempo, a outra parte do meu EU tamén cambiou, madurou, reseteou. Todo

leva o seu tempo e hai que aprender de novo, aprender a que xa nada volverá ser como antes. Todos os plans da miña vida víronse afectados en maior ou menor medida coa enfermidade, ademais do meu corpo. Agora vivo ao día. Non existen plans. Só semanais, e ás veces, nin se poden facer. Cabréache xa non poder seguir o ritmo da túa xente, da túa anterior vida, que os teus fillos perdan cousas porque agora, por exemplo, non aguanto un día enteiro fóra de casa porque me canso, que non poidamos viaxar... Mil cousas.

A miña parte emocional, ao principio da enfermidade estaba moi sensible, supoño que como a de calquera paciente con cancro. Xa NON che importan as parvadas que nos importan a todos os humanos nin as preocupacións banais. Só che importa poder amencer e anoitecer e non ter dor. Que o teu corpo se vaia recuperando e que o teu cerebro poida procesar e pensar en positivo. Só queres tranquilidade. Non importa nin o diñeiro, nin a desorde, nin o traballo... Só importa o vivir outro día máis, estar en paz, o amor, a amizade, a familia... Só iso. Na túa cabeza proxéctase a película da túa vida, da túa nenez, adolescencia, mocidade, madurez... E recreaste niso, no feliz que eras, en todo o que conseguiras, en todas as persoas que estiveron en diferentes etapas da túa vida, no pracer... En fin, en todo o que viviches, e o futuro non aparece de momento, porque estás a analizar o pasado. A miña tranquilidade combinábase con chamadas de teléfono diarias, conversacións de toda esa xente que che escoita e te quere, amigos/as e familia que che acompañan no proceso, sen os que, na miña opinión, é imposible saír a flote e proxectar ese futuro.

A tranquilidade combineina con moito descanso físico e mental, coa lectura, facer punto e series. Así transcorreron os primeiros seis meses duros polo primeiro tratamento de quimioterapia e de recuperación física. Tras eses meses, empecei a saír e a compartir en directo experiencias e a pórme ao día das vivencias das miñas amigas e resto do mundo. Xa

cansaba de ser o centro de atención. Pero no meu barrio, non quería saír máis aló para non atopar xente e dar explicacións. O meu físico estaba bastante deteriorado aínda. Preocupábase a miña imaxe. E agora tamén.

Agora non podes planificar porque no medio da quimio nunca sabes como vas estar ao día seguinte. Se vas estar tirada en cama ou poderás facer algo. Das dúas semanas entre cada ciclo, sete días no meu caso estaba fatal, logo, como as contraccións do parto, chegado á cima, empezas a recuperar e a volver empezar de novo con outro ciclo.

Cando empezou a rutina do cole dos nenos e chegou o inverno, xa me podía o aburrimiento e decidín retomar as oposicións de ensino. Os últimos ciclos do tratamento foron xa case asintomáticos (o corpo afaise) e empecei a mirar leis novas, decretos... E pareceume que debía de ocuparme durante o período de baixa. Tanto á miña oncóloga, ao meu médico de familia como á miña psicóloga, contelles os meus desexos de traballar de novo a pesar da gravidade da miña enfermidade. Estudar foi parte da cura, pois se estudo, non penso e estou todo o día entretida. Presenteime pola praza de discapacidade e aí vin unha porta aberta. Fun á oposición no medio dun ciclo e a ler coa miña bolsiña de quimio no exame oral. Supoño que ninguén no seu san xuízo se poría a estudar en serio unha oposición ante tal panorama, pero eu si. Son forte mentalmente e aí seguía a miña esencia de inquietude intelectual.

Entre tanto, terminei case un libro coa miña experiencia no meu novo camiño, que aínda me falta por *puntillar* e que quero publicar para axudar coas miñas vivencias e aprendizaxes a aqueles que teñen o mesmo que eu, as súas familias e cuidadores... Entre tanto recibín unha marabillosa noticia. Incapacidade permanente absoluta a unha semana da oposición. Outra patada máis. Xa sei que cun cancro grao IV e quimio crónica non se está para tirar foguetes, pero quería seguir un

pouco máis traballando, ata que vise que non puidese, pero non foi así.

Este tema está a custarme, porque volvo ser cu inquieto. Por outra banda, estou moi contenta porque esa son EU, unha persoa activa, optimista, alegre, que busca saídas, que quere unha nova vida para ser feliz, aínda que sexa doutra maneira. Non hai que centrarse no problema, senón na procura de solucións. O meu plan agora é axudar os demais dinamizando o tema do cancro de colon e de ostomía. Estou a pedir axuda ao equipo médico para poder facelo desde o SERGAS. Ter a cabeza ocupada durante todo o día esconde o estar enferma e é parte da miña terapia.

E que digo do deporte. Xa sei que hai pacientes que con tratamento oncolóxico fan deporte, pero claro, se o teu corpo está moi frouxo e te pos a estudar, non queda moito tempo nin hai forzas. Nestes meses de vacacións sen quimio espero recuperar e coller a bici e facer un pouco de ioga. Pero estou oxidadísima. Xa fixen ioga durante un mes sen quimio no inverno. Agora hai moitas cousas que non podes facer se practicas deporte. Hai que buscar outras alternativas debido aos inconvintes da bolsa de ostomía. Non se pode cargar peso nin nada que afecte á zona da barriga. Tes que probar o teu corpo, para ver o que podes ou non podes facer, porque cada paciente é diferente. Pero eu xa non son a mesma. O meu corpo enfermo xa nunca recuperará esa vitalidade que me caracterizaba.

A hixiene tamén se ve afectada. Eu son moi requintada coa limpeza. Isto aínda mo comentou o outro día unha amiga: “tíñache que tocar a bolsa xusto a ti”. Pero, vaste afacendo, aínda que sempre tes que ir co teu kit de supervivencia a todos os lados. Os principios custan moito. Afacerse ao ritmo do teu corpo, ás deposicións, a cando son, se te manchas, se tes fugas, se se despega, se se che queima a pel. En fin, só o entenderá alguén que estea na mesma situación. Están aí todos os teus medos psicolóxicos e as túas inseguridades porque, a

final de contas, como me dixo un día a miña enfermeira de ostomías, “agora o teu cu está na barriga”, e como haxa unha fuga grande, é unha hecatombe que só poderás resolver con tranquilidade na casa, porque desgraciadamente os baños públicos carecen da hixiene necesaria para o teu despregamento de medios ante ese problema. Para que vos fagades unha idea, ter unha fuga mentres dormes é como cando un bebé se caga tanto que o tes que cambiar de arriba abaixo. Eu dou grazas porque as bolsas teñen un sistema de desodorizante e non cheira nada, se non, isto converteríase nun estigma social e eu non saíría de casa.

Por iso os teus hábitos teñen que cambiar. As túas rutinas tamén. Tes que aprender a ouvir o teu corpo pois polo menos o meu sempre está en constante movemento. A ducha ten que ser cando o meu estómago estea case baleiro. Levo 18 meses aprendendo, e o que me queda.

As miñas inseguridades. Sempre fun unha persoa tímida. Pero nestes momentos, espírome diante de alguén que non sexa sanitari@cústame moito. A bolsa sempre está sucia, e por moi “encoloniada” que vaias, pasada o ferro e pulcra, parece que ti non estás limpa. Isto é unha percepción miña, pensamento que non podoo cambiar. Non me gusta nin que os meus fillos ma vexan. E porque non vistes as miñas coxas e barriga. As inxeccións de heparina diarias polo trombo, e que terei que pór durante toda a miña vida porque o cancro xa de seu crea trombos, decoran as miñas pernas e barriga con derrames e negróns. Non valen pastillas para o trombo, nin Sintrom no meu caso. Estou horrible. Pero asúmoo, é parte do tratamento. Non me espíria ante ninguén nestes momentos nin en broma, por moita confianza que tivese.

Saír á rúa, os primeiros días foi unha odisea. E se me mancho, se se me despega, se non me podoo cambiar... En fin, unha tensión continua. Non controlas o corpo, as sensacións de

cando a comida está a saírche, os novos rúidos da túa barriga, a roupa que levar, se se nota, se o notan, horrible. Tamén o de ir sempre con auga e con algo para comer por se che dá un baixón. Hai que comer e beber pequenas cantidades moitas veces ao día.

Despois de 18 meses, xa teño outra seguridade, pero só nas distancias curtas.

Os momentos de lecer tamén cambiaron. Tes que cambiar hábitos. Se antes comía no cinema, agora non podoo comer para non ter que levantarme no medio da película. Se vas en coche nun traxecto longo debes de comer un par de horas antes, para non ter que parar. Un simple zume e 100 km polo medio de camiño, ponme moi nerviosa. Comer e pasar o día fóra me estresa. Xa non podoo comer como antes se estou fóra por medo ao que poida pasar.

Aínda que non podoo tomar o sol por culpa da quimio, onde vou á praia! Alguén sabe dun chiringuito por se te tes que cambiar e que non cheire mal e estea limpo? Non é tan fácil. Podería estar tres horas na cadeira, pero non tres horas sen ir ao baño. E, ademais, non en todos os sitios hai baños para persoas con discapacidade onde despregar as túas cousiñas de limpeza. Só o saberán os meu colegas.

E o que me pesa o bolso, que parece que levo pedras, entre o kit, a bebida e a comida.

As molestias na pel. Ai! O peor. Levar unha bolsa de ostomía non se nota. Pola e listo. Pero como che cadre en períodos con moitas fugas, a pel sofre unha chea – tamén incrementada pola quimio-e vólvese húmida e escura, como queimada, e o adhesivo do disco máttate. Levámola 24 horas ao día 365 días ao ano. Algúns días de calma, tras a ducha, pódome pór crema na barriga e dar unha especie de masaxe ao redor do estoma, tal cal fan as nais no cuiño do bebé, pero non sempre, depende se o volcán está en erupción ou non. Quince minutos sen disco convértense nun mar de tranquilidade para a túa pel. Isto é o peor de levar bolsa, a pel queimada, e non hai remedio.



A memoria. Como dixeran, estiveran a estudar unha oposición polo medio, pero si direi que, nos primeiros meses durante o primeiro tratamento, estaba moi espesa. Non lembraba certas cousas, sobre todo as da memoria a curto prazo, non lembraba se me contestaran “si ou non” a unha pregunta, e ademais tardaban en vir á miña mente certas palabras cotiás. Estiveran a ler acerca disto e parece que se chama “*chemo brain*”.

O meu descanso nunca volveu ser o mesmo. Se estou con quimio, prodúcense moitos gases, e iso fai que a bolsa se infle e que teñas que levantarte unha chea de veces durante a noite. Téñome levantado ata oito veces. E non digamos os problemas de perdas durante a noite, que te fan levantar como unha estaca a cambiarte enteira.

Por iso, cambias hábitos. Creas novos espazos en casa. Creas o teu recuncho de enfermaría no baño, pois ante as fugas, non hai tempo para ir de aquí a alá coller o que necesitas. Todo ten que estar a man e organizado. Hai tantos produtos que necesitamos nun simple cambio, que tes que crear un ritual de limpeza. E coñecer o corpo, o que é normal e non é normal, a cor, textura do que sae pola túa barriga. Aprender de ti. Porque agora es diferente e o teu corpo tamén. Todo che funciona de modo diferente. A comida étrache e á vez xa che está saíndo e a iso tamén hai que afacerse. Pór a roupa adecuada dependendo do que vaias facer nese día, de onde vaias ir, de se vas comer ou non. Eu son coqueta. Se quero pór uns pantalóns apertados, teño que ter o estómago baleiro para evitar as fugas por opresión. Teño que controlar o que comín e a cantidade. Así durante todos os días. Pero como en todo, imos aprendendo a trampear e a dominar o corpo, así como a mente.

A intimidade agora xa non é como antes. Sen entrar en detalles, é difícil estar a unha cousa se estás a pensar noutra. A miña enfermeira de ostomías faloume da cantidade de separacións por mor da ostomía. O teu corpo xa non

é bonito, está mutilado e leva unha medalla. Vin en internet parches para tapar a bolsa, pero ter que programar o “cando” a túa barriga está quietiña penso que corta bastante o roio. En fin, cada un terá as súas cousas, pero é moi complicado. A solución é que o outr@ se poña no teu lugar, que pense en que podía ser el ou ela o/a paciente ostomizad@. Hai unha primeira vez e cada un irá ao seu ritmo, o caso é que te comprendan.

E a todo este problemón engadimos a falta de libido e de desexo como efecto da quimioterapia, un dous por un. Nun airiño é coma se envelleceses dez anos nuns días. Que tristeza. Falo do teu corpo, porque a túa mente pensa noutra cousa, e non o acepta.

Vexo tamén moi difícil empezar unha nova relación con outra persoa, aínda que non imposible. Pero eu creo e case poden afirmar que é máis por min, pola miña vergoña, que pola outra persoa. Se antes era tímida, agora sono moitísimo máis.

Chorar. É un dereito. Lembro un día que fun á asociación contra o cancro e a psicóloga faloume dos que nos chaman campioas, xabatas, que nos elevan ao rango de deusas... Vaia trapallada. As miñas amigas dinme que non saberían como facer se lles tocara a elas, que non o levarían ben. Ata o meu médico felicítame e admírame pola miña forza. Pero como lle dixeran, lévoos ben, aínda que estou fodida e desafiuzada, ese é o estado. Ninguén se coñece ata que se enfrenta a novas experiencias na vida. Pero as experiencias hainas que vivir, non valen as contadas por outros, e de todas hai que aprender. Tes dúas opcións soamente. Cavar a túa tumba e caer, ou levantarte e seguir con dignidade, cada día, chorando, ben seguro, porque agora a vida non se parece en nada á que tiñas e gústache menos, pero é vida. O meu pensamento é “non chores máis dun día, porque día que choras, día que perdes”, e eu quero perder os menos posibles.

É duro. Moito. A definición da miña vida agora é difícil, describiríaa cunha palabra

malsoante, pero é vida e é moi bonito vivir e gozar de todo o que che rodea, aínda que con cancro e bolsa. Hai que seguir por un mesmo e polos que tes ao redor. A pesar de todo, a vida é un agasallo.

Teño que loitar e buscar o meu EU, único, forte, positivo, e sobre todo agradecido por ser como son. Que dá grazas sempre por levantarse e deitarse sen sufrir e poder vivir dignamente. E por suposto, dar grazas á ciencia e a eses maravillosos seres que, valéndose dela, velan pola túa saúde, cóidante e preocupáanse por ti.

1. **AECC.** Asociación Española Contra o Cancro.
2. **GLOBOCAN.** Global Cancer Observatory (GCO.) Plataforma web interactiva desenvolvida polo Centro Internacional de Investigacións sobre o Cancro que forma parte da OMS (Organización Mundial da Saúde). <https://infocancer.org.mx/?c=investigacion&a=globocan>
3. **CHUF.** Complejo Hospitalario Universitario de Ferrol.
4. **OMS.** A Organización Mundial da Saúde estableceu a propagación do COVID-19 como emerxencia sanitaria internacional ou pandemia mundial.
5. **Adenocarcinoma mucinoso maligno de colon descendente esquerdo.** O adenocarcinoma de colon é o tipo de cancro que se orixina nas células que forman as glándulas responsables da produción do moco que serve para lubricar o interior do colon e o recto e, desta forma, facilitar a progresión do birlo fecal (facilitar a defecación). É o tipo de cancro de colon máis frecuente, representando aproximadamente o 95 % dos casos. <https://www.cancer.org>.
6. **Colectomía subtotal con anastomosis ileorectal.** Pasos cirúrxicos. Boston Medical Center.
7. **Ileostomía terminal.** Extírpase ou desconecta o colon e ás veces unha parte do íleo. Tamén pode extirparse ou desconectarse o recto e o ano. O estoma adoita facerse na parte inferior dereita do abdome. myhealth.ucsd.edu/Spanish.
8. **Tromboembolismo pulmonar incidental.** El tromboembolismo pulmonar (TEP) é a oclusión ou taponamento dunha parte do territorio arterial pulmonar (vasos sanguíneos que levan sangue pobre en osíxeno desde o corazón ata os pulmóns para osixela) por mor dun émbolo ou trombo que procede doutra parte do corpo. Incidental: por mor da operación. Fundaciondelcorazon.com.
9. **Coñecemento do eu.** <https://www.redcenit.com/importancia-do-recoñecemento-do-eu>
10. **Skinhead.** Termo inglés. Cabeza rapada.
11. Os **Infusores** de quimioterapia ou bombas elastoméricas son dispositivos que permiten fornecer medicamentos continuamente e de forma controlada, a través do catéter do paciente, durante 24 ou 48 horas.
12. **Chemo brain.** <https://www.cancer.org/treatment/treatments-and-side-effects/physical>. Termo empregado polas persoas sometidas a tratamento de quimioterapia que produce disfunción cognitiva, falta de concentración, confusión e perda temporal de memoria como efecto secundario do tratamento.
13. **Dó.** O dó é a reacción psicolóxica normal ante a perda. xa sexa a perda dunha persoa querida, un animal, un obxecto, etapa ou evento significativo. Cando se fala de perdas e en especial das perdas relacionadas a unha persoa, é unha experiencia que necesita ser compartida, acompañada e respectada. DSM-V.
14. **Serenidade emocional.** É o valor de manter a calma no medio da dificultade. Se vinculamos serenidade con promoción do benestar psíquico e emocional, podemos entendela como un estado psicolóxico apracible e sosegado, relacionado coa capacidade de manter a calma en situacións estresantes.

DISTORSIÓNS

SUMARIO

CASTELÁN

DISTORSIÓNS.
RUÍDOS E
SILENCIOS
DO CORPO. O
PROCESO DE
AFACERSE A
CONVIVIR CON
LESIÓN MEDULAR

Gonzalo Martínez Sande

*Psicólogo clínico. Programa de enlace coa
Unidade de Lesionados Medulares. Unidade
Psiquiátrica de Interconsulta e Enlace. Área
Sanitaria de A Coruña e Cee*

Gonzalo.Martinez.Sande@sergas.es

RESUMO

A lesión medular é un acontecemento inesperado que modifica de maneira radical a relación co propio corpo e que obriga a realizar cambios en diversos ámbitos vitais. No presente artigo ofrécesenos unha descrición das características das lesións medulares e a súa epidemioloxía en Galicia. Así mesmo, facilítasenos información sobre diversas teorías psicolóxicas que falan do proceso de adaptación, os estilos de afrontamento e o axuste emocional. Finalmente, proporcionásenos un marco xeral das intervencións psicoterapéuticas nos procesos de convivencia coa enfermidade baseado no traballo realizado pola figura do psicólogo clínico na área de interconsulta.

PALABRAS CHAVE — Lesión medular, corpo, distorsións, procesos adaptativos, afrontamento, enfermidade e familia, interconsulta.

ABSTRACT

Spinal cord injury is an unexpected event that radically modifies the relationship with one's own body and forces changes in various areas of life. This article offers a description of the characteristics of spinal cord injury and its epidemiology in Galicia. It also contains information on various psychological theories on the process of adaptation, coping styles and emotional adjustment. Finally, we are provided with a general framework of psychotherapeutic interventions in the processes of living with the disease based on the work carried out by the clinical psychologist in the consultation-liaison service.

KEY WORDS — Spinal cord injury, body, distortions, adaptive processes, coping, illness and family, consultation-liaison.

As reflexións que compartimos con este escrito parten do traballo que se realiza na Unidade de Lesionados Medulares do CHU A Coruña como fio condutor. Tal é o marco de referencia. Son do parecer de que gran parte do que a continuación comentamos pode ser tido en conta noutros procesos de adaptación á convivencia con outras situacións de cronicidade e as formas nas que vai cambiando o modo no que o suxeito se relaciona co seu propio corpo.

A LESIÓN MEDULAR. ASPECTOS DESCRITIVOS. EPIDEMIOLOXÍA

A lesión medular representa un acontecemento que interrompe de maneira brusca e, na maior parte das ocasións, inesperada, na vida dunha persoa e obrígaa a cambios en todos os ámbitos, na relación consigo mesma e cos demais.

Imos procurar, cunhas poucas pinceladas, sinalar certas características deste tipo de lesións.

A función da medula espinal é dobre: discorre por ela a transmisión bidireccional de estímulos cerebro-organismo e, ademais, é o centro nervioso que coordina a fisioloxía das vísceras torácicas, abdominais e pélvicas. O traumatismo medular afecta todos estes sistemas (Rodríguez Sotillo e Miguéns Vázquez, 2005).

As complicacións máis frecuentes na lesión medular abarcan as autonómicas e cardiovasculares (por exemplo, as alteracións na termorregulación e a disreflexia autonómica), as urolóxicas (disfunción vesical neuróxena), as alteracións no ámbito da sexualidade e fertilidade, a dor neuropática, a espasticidade (con afectación na contorna de dúas de cada tres pacientes). Tamén está presente o risco das úlceras por presión. A lesión medular cambia de maneira radical a relación co propio corpo. Cambios en canto a deixar de sentir, notar,

percibir. Cambios en canto a como desprazarse no espazo, acceder e manexar os obxectos de uso cotián. Cambios nas funcións fisiolóxicas. Parte do corpo se volve mudo, cambia de linguaxe..., e nalgúns momentos rompe a falar de modo sincopado nun idioma estranxeiro, compórtase de modos que non coñecía.

Na valoración neurolóxica da lesión medular hai consenso entre os profesionais no uso da Clasificación Internacional da ASIA (American Spinal Injury Association), aprobada pola International Medical Society of Paraplegia en 1992. Esta escala describe a exploración da sensibilidade e o movemento nos seus distintos niveis a través da exploración de músculos claves (con resultado que se clasifica numericamente). Coa puntuación resultante pódese establecer o nivel da lesión (a altura: o último segmento sensitivo ou motor que se atope normal) e o grao da lesión (extensión do dano: lesión completa ou incompleta, da que existen 4 graos). Por tanto, cos datos resultantes da exploración, establécese a escala da ASIA (Hospital Universitario “A Fe”, 2001):

- GRAO A (lesión completa): Non hai función motora nin sensitiva por baixo da lesión.
- GRAO B (lesión incompleta): Non hai función motora, pero si sensitiva por baixo da lesión ata os últimos segmentos (sacos S4-S5).
- GRAO C (lesión incompleta): Hai preservación sensitiva e preservación motora parcial. A metade dos músculos claves infralesionais teñen valoración inferior a 3.
- GRAO D (lesión incompleta): Sensibilidade normal e a metade dos músculos claves infralesionais teñen unha valoración media superior a 3.
- GRAO E (normalidade neurolóxica). As funcións sensitiva e motora son normais.

A incidencia da lesión medular traumática en Galicia atópase ao redor de 2,46 casos por 100.000 habitantes e ano, lixeiramente por enriba do que refiren estudos da poboación española.

Do mesmo xeito que nas series publicadas nacionais e internacionais, a principal causa de lesión medular en Galicia foi durante moito tempo os accidentes de tráfico (Rodríguez Sotillo e Miguéns Vázquez, 2005).

Xa co cambio de século comezáronse a advertir certos sinais de cambio no perfil/tipo máis frecuente de paciente con lesión medular que se confirmou co paso dos anos. Así o comentaba M. E. Ferreiro (2013) na rolda de prensa do Congreso Paraplejia 2013 que se celebrou na Coruña:

“Aínda que o dato total de lesionados medulares dá lugar a certo alivio, debido a que apuntan a un lixeiro descenso, as mesmas cifras reflicten con todo que aumentan os casos máis graves. As tetraplexías ou lesións altas supoñen xa o 32,3 % do total das traumáticas, é dicir, debidas a accidentes (de tráfico, laborais, caídas casuais...) cando hai uns anos eran o 20,4 %. Doce puntos subiron desde o 2006, segundo o estudo realizado por Elena Ferreiro Velasco, médico da Unidade de Lesionados Medulares do CHUAC, de referencia para toda Galicia. O estudo, que recolle toda a casuística desde 1995, preséntase no Congreso Paraplejia 2013.

A especialista considera que, en boa medida, o incremento das lesións altas se debe á mellora dos servizos de atención de urxencias no propio lugar do accidente, xa que “adoitan facer unha insuficiencia respiratoria que hai que tratar de inmediato”. É dicir, antes falecían sen dar tempo a chegar ao CHUAC.

Coa prudencia de manexar unha serie de 17 anos, advirte Ferreiro, que todo apunta a un lixeiro descenso xeral das lesións traumáticas (paraplexías e tetraplexías), ao pasar de 2,4 casos por 100.000 habitantes e ano a 2,2. Tradúcese en pasar de 70-80 ingresos ao ano, a 54, e coincide ademais cun aumento da idade dos pacientes, situada en 49 anos de media en toda a serie, aínda que desde o 2006 superan os 50 (46 en homes e 58 en mulleres).

“Isto explícase –indica a doutora– non só polo envellecemento poboacional, senón tamén polo cambio na etioloxía: baixan os accidentes de tráfico e aumentan as caídas, sobre todo as casuais, non relacionadas co traballo ou o deporte, senón as caídas na contorna rural, da árbore que se está podando, o tellado ou os tractores”, recalca. “Os xubilados en Galicia non se xubilan, a maioría teñen unha aldea na que seguen traballando”, engade para expoñer a realidade dos números: “Este tipo de lesionados medulares por caídas casuais xa son o 39,5%, máis que os de estrada, que están no 38,9%”. Trátase, ademais, de pacientes máis maiores, con outras enfermidades e asistencia máis complexa. “Necesitan máis tempo para recuperarse e a volta á casa pode ser máis complicada, sobre todo neste momento de crise no que estamos”.

A PSICOLOXÍA E OS PROCESOS DA ENFERMIDADE E A DISCAPACIDADE. O CASO DA LESIÓN MEDULAR

Desde a perspectiva da Psicoloxía, no estudo da lesión medular (e doutras enfermidades e discapacidades) e o proceso de adaptación a realizar foron dominantes durante moito tempo os esquemas que, tendo como referencia o modelo de dó, analizábase desde a perspectiva da perda e a adaptación á perda a través dun modelo de fases.

Tradicionalmente se presentaba un modelo de **fases de axuste** cunha secuencia habitual ou “normativa” (Stewart, 1994). Como veremos posteriormente, un dos problemas conceptuais graves para entender e reflexionar acerca destas cuestións, está precisamente en considerar esta secuencia como normativa, xa que, deste xeito, pode facer perder de vista os aspectos que diferencian a resposta indivi-

dual e que, curiosamente, poden ser os máis importantes á hora de planificar a intervención de axuda á persoa que está a atravesar esa situación. Pero volvendo ao esquema que propón Salas Márquez (1995), distinguiríamos as seguintes fases no proceso de axuste:

- a) Shock emocional.
- b) Negación.
- c) Angustia.
- d) Depresión.
- e) Axuste.

a) **O shock emocional:** Caracterizaríase pola defensa que fai o eu da súa integridade mediante o bloqueo emocional, as reaccións de pánico ou a pasividade. Sería a fase inmediatamente posterior á adquisición da lesión.

b) **Negación:** É tamén unha defensa na mesma, parece coma se o eu fixese unha espera ata estar preparado para dar unha solución. Mentres tanto nega a existencia do trauma.

c) **Angustia:** Xa hai unha toma de conciencia da situación, aínda que sexa parcial, que se traduce emocionalmente nese estado de angustia (que pode mostrarse de modos diversos, con correlatos de inquietude, abatemento, insomnio...).

d) **Depresión:** Sería xa a construción da reacción psicolóxica ante a desgraza, período de melancolía activa que o paciente experimenta ao enfrontarse co abafador da súa situación. Gradualmente, ao irse establecendo unha aceptación dos sentimentos e unha secuencia de axuda, o paciente podería ir remontando esta situación para pasar a:

e) **Fase de axuste:** Esta fase implicaría que, unha vez que se resolvan as angustias emocionais anteriores, o paciente pode paulatinamente volver á normalidade, sendo capaz de aceptar as súas propias limitacións.

Como vemos neste esquema, se presenta o modelo-secuencia de “elaboración do dó”, como marco paradigmático para entender as

reaccións emocionais que atravesa a persoa que adquiriu unha discapacidade crónica.

Este modelo de análise contén certas presuposicións implícitas que poden entrañar riscos en relación coa consideración da clínica e á formulación do marco e traballo psicoterapéutico con estes pacientes:

- 1º Considerar inadecuada a resposta de negación.
- 2º Considerar como necesaria e inevitable a etapa da depresión post-lesión como paso necesario na secuencia de axuste.

Bas Sarmiento, Gala León e Díaz Rodríguez (1994), que fixeron unha ampla revisión dos traballos que se refiren aos aspectos da depresión e lesión medular, expoñen unha serie de interrogantes discutindo abertamente as “asuncións implícitas” no modelo de “elaboración do dó” aplicado á lesión medular.

- 1) É realmente a depresión unha consecuencia inevitable nas lesións de medula espiñal?
- 2) Realmente o experimentar depresión ou aflicción nun período inmediato á lesión é sinal de confrontación da mesma e un hándicap necesario para o progreso rehabilitador?
- 3) Os suxeitos que no devandito período non desenvolvan unha depresión terán, irremediabilmente, que pasar por esta fase a longo prazo?
- 4) A aflicción é sinónimo de depresión?

En resposta á primeira pregunta, os autores chegan á conclusión de que as poucas investigacións (orientadas especificamente cara este aspecto) das que se dispón non foron capaces de demostrar a inevitabilidade da depresión consecuenta a unha perda. Os estudos contemporáneos non atoparon unha relación significativa entre depresión e lesión medular. É máis, os poucos estudos que fixeron unha investigación sistemática a este respecto, conclúen que só entre unha cuarta e unha quinta parte dos pacientes, que adquiren unha lesión medular,

pasan por unha fase de depresión significativa.

A resposta á segunda pregunta é tamén igualmente importante. Curiosamente, atopouse, que a depresión é contraproducente para a rehabilitación e algúns autores descubriron unha correlación significativa entre a severidade da aflicción psicolóxica e os menores niveis de condutas de autocoidado. Atoparíamos que a conduta depresiva é preditora dunha hospitalización máis longa, de maiores complicacións médicas e de redución dos autocoidados e un marcador de mala evolución futura.

En terceiro lugar, a resposta a se os suxeitos que non desenvolven unha depresión terán que pasala posteriormente expón unha resposta importante no sentido de que a “aflicción retardada” non é necesariamente tan común como a tradición clínica parece suxerir. Desde o enfoque que ten que ver coas capacidades ou recursos dos pacientes para facer fronte ás dificultades, curiosamente chégase á conclusión de que as estratexias construtivas de resolución de problemas son as respostas máis adaptativas a medida que transcorre o tempo e, sendo así, as persoas que desenvolven este tipo de estratexias, non necesariamente teñen que atravesar unha depresión. Doutra banda, non hai que perder de vista, como se sinalará máis adiante, que, dentro do grupo de persoas que mostran depresión con rango clínico, hai unha parte que se deprime nos primeiros tem-

pos da lesión, durante a estancia hospitalaria, pero outro o fai tempo despois da alta.

En cuarto lugar, non hai que perder de vista o que a aflicción normal debe ser a consecuencia lóxica de calquera período de dificultade grave que un atravesese, por exemplo, a adquisición dunha lesión destas características. Pero non sempre unha aflicción ten que ser considerada como unha depresión, xa que a aflicción non é unha depresión clínica. As reaccións emocionais alteradas poden considerarse que forman parte do proceso de aflicción normal, coherente nese contexto, pero non necesariamente teñen que alcanzar o rango dunha depresión clínica.

Como conclusión da análise que estes autores realizan da bibliografía respecto á depresión e o axuste psicosocial en lesionados de medula espiñal, formulan un enfoque alternativo ao da secuencia habitual e necesaria de “elaboración do dó” e que eles formulan como unha listaxe de variables que poden modular o impacto da discapacidade. Aínda cando a lista que propoñen está construída desde a revisión da bibliografía referida a lesión de medula espiñal, pensamos que pode ser entendida como unha descrición de variables que modulan o impacto dunha discapacidade ou hándicap importante en xeral. Estas son as consideracións que Bas Sarmiento, Gala León e Díaz



Foto: Simon Berger

Rodríguez (1994) fan no seu traballo:

1) Os individuos que se perciben a si mesmos como capaces de regular as súas emocións e encarar sistematicamente os problemas poden ser capaces de enfrontarse con máis efectividade á súa incapacidade física. As orientacións dirixidas a metas e centradas no problema levan a un menor índice de depresión e a un axuste máis exitoso.

2) A incapacidade para o acceso e utilización efectiva dos sistemas de apoio pode contribuír ao desaxuste físico e psicolóxico.

3) Maiores alteracións psicosociais secundarias á lesión evidencian un peor pronóstico.

4) As persoas que adquiriron traumáticamente a lesión poden experimentar períodos de melancolía e pena, pero as reaccións interpersoais dos suxeitos significativos do medio poden reforzar a conduta depresiva e contribuír a prolongar os episodios de depresión.

5) As características do suxeito poden funcionar como variables que interfíren nas respostas emocionais e a depresión post-lesión.

6) Os autores sinalaban que se necesitaban máis estudos que clarificasen a posible implicación da gravidade da lesión respecto da depresión. Por agora non se puido establecer unha relación positiva entre tales variables. Nos estudos posteriores, como veremos cando comentemos sobre o afrontamento, tampouco se achou tal correlación.

7) O persoal rehabilitador tende a considerar que quen sofre unha lesión da medula espiñal é máis depresivo do que poderían ser eles mesmos. As expectativas do persoal sanitario poden facer que o paciente responda, cumprindo con tales expectativas, con depresión, hostilidade e ira (pretendemos instaurar comportamentos independentes e, con todo, castigamos aqueles pacientes que non foron “pacientes” co proceso rehabilitador e marcaron as súas propias metas).

8) A rehabilitación funcionaría como unha variable moduladora do estrés e axuste do suxeito. Os índices máis altos de estrés danse na admisión e na alta (efecto de incerteza); os niveis máis baixos de depresión e ansiedade adoitan aparecer un ano despois da alta.

9) Os suxeitos que tomaron parte na adquisición da lesión (que se senten responsables) mostran menos dificultades no proceso de adaptación.

10) As características de personalidade premórbida xunto coas diferenzas situacionais post-lesión marcan a variabilidade individual na resposta de axuste: as persoas “buscadoras de sensacións” parecen ter maior tolerancia á estimulación, ao risco e aos estresores que outras persoas. As características de personalidade que implican maior autoconfianza e unha disposición a facer as cousas con calma, un maior apoio familiar e menos estratexias de “coping” de evitación predín menores niveis de depresión nun período de catro anos.

11) Os pacientes con atribucións internas de control (os que pensan ter maior capacidade) informan de menores períodos de aflicción e depresión e demostran condutas máis adaptativas durante a rehabilitación. Isto fai pensar na existencia dun patrón de personalidade proclive á boa saúde e caracterizado polo optimismo, sensación de control e capacidade de adaptación, que desenvolve estratexias centradas no problema, na procura de apoio social e en procurar os lados positivos das experiencias estresantes. O punto de partida desta análise sería o do modelo de “desesperanza” ou “indefensión aprendida” que se desenvolverá un estado depresivo cando unha persoa perciba que non dispón de ningunha estratexia, nin agora nin no futuro, para cambiar unha situación persoal adversa (ou, doutro xeito, que considere que ningún modo de afrontamento vai ser eficaz para controlar unha situación negativa).

Os autores propoñen como resumo que os síntomas depresivos poden quedar moderados ou mediados por certas variables como son:

os recursos persoais, o apoio social e tamén o estado de saúde, as percepcións de benestar e control, os recursos económicos, os contextos interpersoais e os estilos de afrontamento da persoa en cuestión.

LESIÓN MEDULAR E PSICOLOXÍA. OS MARCOS DE AFRONTAMENTO

Ao longo dos anos 90, tanto no ámbito da lesión medular como no máis xeral da rehabilitación e as enfermidades médicas, foi cobrando maior relevancia a liña de reflexión centrada nas diferenzas individuais, incorporándose variables cognitivas e facéndose máis presentes as referencias ás diferenzas no afron-

tamento e as variables de personalidade (Weisman, 1994).

Galvin e Godfrey (2001) propoñen un esquema das posibles relacións entre o afrontamento no manexo dos estresores da situación de lesión medular e as súas consecuencias. Este traballo é debedor dos de Lazarus e Folkman e marcará a liña que seguirán outros autores que investigan no campo da lesión medular, entre eles o grupo dun estudo levado a cabo en Suecia.

O modelo que presentan Galvin e Godfrey (2001) plásmase na figura 1.

Posteriormente, Elfström, Rydén, Kreuter, Persson e Sullivan (2002a) realizan un estudo no contexto da Unidade de Lesionados Medulares de Gothenborg (Suecia), centro de referencia nacional, considerando, por




Figura 1. Valoración do estrés, estilos de afrontamento e axuste emocional na lesión medular (Traducido de Galvin e Godfrey, 2001)

tanto, a mostra como representativa da poboación sueca. Neste estudo participaron un total de 274 persoas, que levaban lesionadas polo menos un ano. Partindo da conceptualización de Lazarus e Folkman (1986) de que o afrontamento implica esforzos cognitivos e condutuais para o manexo das discrepancias percibidas entre as demandas da situación e a capacidade persoal. Os autores distinguen tamén unha categoría de efectos psicolóxicos, produto da reacción emocional subseguinte ao estrés e ao afrontamento.

O que nos parece máis interesante deste traballo realizado en Suecia é que se desenvolven dúas escalas, unha para avaliar os estilos de afrontamento en persoas que sufriron unha lesión medular –*Escala de afrontamento da LME*–, con 3 subescalas ou factores: aceptación, espírito de loita e dependencia social, con 4, 5 e 3 ítems respectivamente; e unha escala para avaliar a repercusión psicolóxica da lesión medular –*Escala de repercusión psicolóxica da LME*–,

tamén con 3 subescalas: desamparo, intrusión e crecemento persoal, con 6, 3 e 3 ítems respectivamente.

En relación cos estilos de afrontamento, observaron que as persoas que levaban máis tempo convivindo coa lesión informaban de maior aceptación, mentres que aquelas nas que a adquisición da lesión era máis recente informaban de máis desamparo e intrusión e de maior dependencia social. A maior relevancia da estratexia de aceptación corroborouse tamén en estudos posteriores levados a cabo por estes mesmos autores (Elfström, Rydén, Kreuter, Taft e Sullivan, 2005; Elfström, Kennedy, Lude e Taylor, 2007).

Na figura 2 aparecen resumidos os resultados do estudo de de Elfström, Rydén, Kreuter, Persson e Sullivan (2002b) no que describen os efectos do afrontamento sobre as reaccións psicolóxicas, unha vez analizados os datos obtidos en Suecia coas Escalas de estilos de afrontamento e de benestar psicolóxico. Os resultados obtidos




Figura 2. Modelo hipotético do efecto do afrontamento sobre as reaccións psicolóxicas (Traducido de Elfström e col., 2002b)

coinciden en gran medida cos obtidos por estes autores nos estudos realizados coas escalas en Alemaña, Austria, Suíza e Reino Unido.

A aceptación reflectiría cambios adaptativos profundos e o seu valor predictivo do impacto da lesión medular é congruente cos resultados doutros estudos.

Ademais, os resultados permiten establecer a seguinte relación: a maior espírito de loita, maior crecemento persoal e menor impotencia (desamparo) e intrusión. O espírito de loita tivo menos influencia da esperada no benestar psicolóxico. Cabería destacar que estes resultados coinciden tanto cos obtidos na mostra sueca (Elfström e col., 2002a), como no posterior que se realizou con mostras de Austria, Alemaña, Suíza e Reino Unido (Elfström e col., 2007).

Estes resultados parecen mostrar diverxencias coas posicións que tradicionalmente se postulaban e publicaban nos enfoques tradicionais

da psicoloxía da saúde, nas que se asociaba o alto control interno con menor distrés psicolóxico e maior benestar en persoas con LM.

Un resultado rechamante é que non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas entre as variables relacionadas co benestar psicolóxico e o tipo de lesión, nin co nivel da lesión, nin en función da clasificación ASIA, nin coa causa da discapacidade (e no caso das dúas últimas variables tampouco se estableceu relación significativa cos estilos de afrontamento).

Estes achados poden parecer contraintuitivos, no sentido de que parecería lóxico esperar que á maior gravidade da lesión correspondese un estado de maior malestar psicolóxico.

Craig e Middleton propuxeron como patrón de axuste á lesión medular, un modelo dinámico multivariable de axuste á lesión medular (SCIAM no seu acrónimo en inglés) que se mostra na figura 3.




Fig 3. Modelo de axuste á lesión medular: Un modelo dinámico multivariable de axuste á lesión medular (adaptado de Middleton e Craig: 2008) Craig, Tran e Middleton, 2017




Foto: Алексей-Вестерин

Este modelo SCIAM, segundo os autores, ten en conta os elementos do marco de rehabilitación hospitalaria, con maior impacto no eventual axuste, así como a transición desde este marco de rehabilitación hospitalaria á comunidade.

Consideran como elemento central do modelo os mediadores, nos que inclúen a avaliación primaria e secundaria dos procesos de afrontamento así como os pensamentos/cognicións e significados dos eventos para a persoa, avaliando o uso de estratexias de afrontamento. Estes factores mediadores teñen influencia no posterior axuste segundo o revisado por eles no seu artigo (Craig, Tran e Middleton, 2017).

O PACIENTE E O CORPO. O IMPACTO

O diagnóstico dun problema de saúde crónico e grave como o que implica unha lesión medular supón unha crise demoledora para o individuo e a súa familia. Esta, ademais do esforzo de asimilar a experiencia, vese ante a necesidade dun conxunto de cambios para os que pode non estar preparada. Ao reducirse unha capacidade de forma permanente, afecta o presente pero tamén o futuro e, mesmo, a memoria do pasado. Por outra banda, o impacto da lesión no individuo vese matizada pola súa situación persoal e polas características da interacción familiar.

Cando a disfunción limita algunha función corporal, cambia a conciencia e a atención cara ao corpo, que impón continuamente a súa presenza a través dos distintos síntomas. Así, o corpo deixa de ser ese cómodo vehículo para moverse polo mundo e co que nos presentamos e relacionamos cos demais, á vez que o mundo se converte nunha fonte de múltiples obstáculos e, en moitos casos, o que era unha actividade espontánea ten que ser obxecto de preparación previa e mesmo de estrita planificación.

A perda de capacidade para controlar o propio corpo, así como a dependencia da axuda doutros, esperta sentimentos de impotencia e culpa. Ten lugar toda unha cadea de perdas que, baseándose nas dificultades de control do propio corpo, pode implicar tamén unha pirámide de danos ata a erosión do autoconcepto.

XERARQUÍA DA PERDA		
NIVEL DE SUFRIMIENTO	Menos	Físico, emocional, cognitivo
	↓	Obxectivos, proxectos, meta
	Máis	Ideal
		Outros

Fig. 4 Xerarquía da perda (Shuman, 1999)

En palabras de Shuman (1999):

“O corpo, que facía antes as veces de fondo para as persoas enfermas e era o instrumento para conseguir os seus fins, pasa agora a ser unha figura máis dominante na paisaxe cotiá, un obstáculo para levar a cabo a acción espontánea como as metas a longo prazo. A súa presenza na conciencia é unha ameaza á autoimaxe e á actuación eficaz. A credibilidade do mundo está danada (...) As persoas que padecen enfermidades crónicas sofren:

- a) unha variedade de perdas físicas, emocionais e cognitivas que*
- b) poden limitar drasticamente a súa capacidade para levar a cabo ou expresar importantes proxectos, obxectivos, valores ou roles cuxo efecto podería ser*
- c) que se vise debilitada unha identidade, narrativa ou historia vital persoal ou familiar, e se isto chegase a un extremo o suficientemente grave, podería*
- d) culminar nunha perda de si mesmo, un forte dano moral (incluíndo perda de autonomía, honra, inocencia moral e boa reputación), ou a eliminación de calquera posibilidade de ter unha boa vida. Canto*

máis avance a experiencia da perda ao longo deste camiño, maior será o sufrimento.”

A nosa experiencia do mundo é encarnados nun corpo. Só deste xeito experimentamos o mundo. Non hai que esquecer, lémbraos Eva Meijer (2021):

“O filósofo francés Maurice Merleau – Ponty (*Fenomenoloxía da percepción*) afirma que o pensamento é encarnado: o que pensamos, e como o pensamos, sempre está influído polo noso modo físico de estar no mundo. Non podemos mirarnos desde fóra, desde algún punto do ceo, nin a nós mesmos nin á nosa contorna; existimos como corpos”

Tamén o ámbito relacional e da expresión das emocións. Como nos presentamos ante os outros e compartimos sentimentos, estados de ánimo.

DEPRESIÓN VS DESMORALIZACIÓN. O CORPO FALA

O traballo de James L. Griffith e Lynne Gaby (2005) sobre a desmoralización resultounos moi útil para o noso marco de traballo. En canto á intelixibilidade de comportamentos de pacientes e familiares na descrición que fan da desmoralización en contextos médico-hospitalarios e tamén, como veremos máis adiante, coa axuda que este encadre proporciona para o traballo de “psicoterapia ao pé da cama”.

Estes autores consideran que a desmoralización é unha das causas máis frecuentes de interconsulta psiquiátrica, habitualmente enmascarada nunha petición do tipo “rogo valoración e tratamento da depresión”.

Segundo eles, a desmoralización adoita confundirse coa depresión, coa que pode compartir certas condutas sintomáticas como os problemas do sono, do apetito e da enerxía e, mesmo, ideación suicida. Pero diferénciase da

depresión en que adoita preservarse a responsividade afectiva, de modo que ao cesar a adversidade restáurase rapidamente a esperanza e a capacidade de goce. Pequenos cambios (como mellor control do sono, diminución da dor...) que diminúan o estrés, producen melloría.

Cren que debe contemplarse a desmoralización nos pacientes médicos como unha compilación de distintas posturas existenciais que leva ao paciente a retirarse ante os retos da enfermidade, que abarca múltiples aspectos existenciais; para cada persoa sempre algúns son máis perentorios que outros: nunha persoa pode ter máis peso o desamparo, noutra pode ser máis esmagadora a desesperación, e a outra atafégaa a falta de sentido. Cando conflúen varias destas posturas existenciais, este estado desemboca nunha sensación de incompetencia que se considera trazo distintivo da desmoralización.

A partir desta análise expoñen unha serie de polaridades para considerar, desde unha perspectiva dimensional, os diversos estados existenciais que poden caracterizarse na desmoralización (e os seus contrarios) como posturas que se sitúan máis preto ou máis lonxe do afrontamento asertivo da enfermidade. Os situados na columna esquerda da táboa da figura 5 representan estados de caída nun afrontamento orientado aos obxectivos; sentan as bases para a retirada do compromiso activo coa vida. A confusión, a desesperación, o desamparo e os estados relacionados poden conformar unha disposición para deixar de responder ós retos, sexan mentais ou físicos. As posturas existenciais ao lado dereito representan un esforzo por asumir os retos e abrazar a vida con todas as súas circunstancias. A consciencia destas polaridades pode orientar a entrevista ao pé da cama a axudar aos pacientes para manter estas posturas existenciais de resiliencia durante tanto tempo como sexa posible.

POSTURAS EXISTENCIAIS DE VULNERABILIDADE E RESILIENCIA FRONTE A ENFERMIDADE ^a	
Vulnerabilidade	Resiliencia
Confusión	Coherencia
Illamento	Comuña
Desesperación	Esperanza
Desamparo	Axencia
Falta de sentido	Determinación
Covardía	Valor
Resentimento	Gratidade

a | Esta lista de posturas existenciais non é exhaustiva pero inclúe a maioría das preocupacións frecuentes nos pacientes hospitalizados por enfermidade médica

Fig. 5 Posturas existenciais de vulnerabilidade e resiliencia fronte á enfermidade (Griffith e Gaby, 2005)

MARCO XERAL DE REFERENCIA DAS INTERVENCIÓNS PSICOTERAPÉUTICAS

Para intervir, desde a psicoloxía clínica, en marcos médicos as referencias das que dispoñiamos alá a principios dos 90 do pasado século eran dunha pobreza abafadora.

As recomendacións da rimbombantemente denominada “psicoloxía da saúde”, aínda que fosen manuais de centos de páxinas e abarcasen desde os pacientes cardiópatas aos obesos ou os diabéticos, acababan sempre cunha proposta de tratamento psicolóxico (fose individual ou de grupo) que levaba un pouco de habilidades sociais, un chisco de xestión de estrés e sempre o pirixel da relaxación, de tal modo que atopabas cunha sensación de “regreso ao pasado” cando saías de Fonseca ao Franco e estar de novo naqueles restaurantes

nos que pedises pescado ou carne, a salsa era sempre a mesma. Todo sabía igual.

Foron de grande axuda os traballos de José Navarro, previos a *Enfermedad y familia* (2004), porque consideraba o paciente individual no contexto da familia e no marco do tratamento médico e, a partir de Caplan, reflexionaba sobre os modos de colaboración do psicólogo cos outros profesionais implicados no tratamento. O marco ía máis alá da relación co paciente no despacho. Fomos familiarizándonos coas tarefas implicadas polas diferentes fases da enfermidade e as diferentes necesidades que debe abordar o traballo do psicólogo. A través del chegamos aos traballos de Rolland (2000): a taxonomía psicosocial das enfermidades que permitía marcos de organización do traballo, o sistema cuatripartito con paciente, enfermidade, sistema médico e familia. En relación coa estrutura e organización das entrevistas no traballo de interconsulta resultáranos moi útiles os traballos dos Griffith (1996, 1997) cos problemas mente/corpo. A súa posición en relación coa entrevista e a historia do paciente parecíanos moi próxima aos traballos de White (1994) que tamén foron formando parte da caixa de ferramentas coa que abordamos o noso traballo no marco da Unidade de Lesionados Medulares.

Os pacientes e familiares ensináronnos moi pronto as abrasivas arestas sádicas da psicoloxía e o pensamento “positivos”. Xa no traballo de interconsulta fomos aprendendo, grazas a eles, a falta de consideración e empatía que podían implicar este tipo de abordaxes de “amateurismo coach”. Ensináronnos a ser cautos. Outros profesionais tamén axudaron.

Barbara Ehrenreich (2011), á que tanto apreciamos e tanto botaremos de menos, explicouno moito mellor do que podemos facer neste escrito, tanto no referente á conceptualización de Seligman como á aplicación en enfermidades, como as oncolóxicas, e as asuncións teóricas e implicacións ideolóxicas destas “posturas”.

Un bo guión de partida para iniciar a descrición do noso modo de traballar pode ser este dos Griffith, que resume o seu modo de enfocarse as entrevistas en relación co traballo con pacientes en marcos médicos, que sintetizamos do seu ensaio “A somatización e a apertura do diálogo con pacientes e familias medicamente marxinalizadas” e que mostramos na figura 6.

1. Un clínico debe aprender a estar atento ao que aínda non foi expresado no discurso.

2. Crear o tipo de conversación dentro do cal o cliente ou o paciente poida exhibir competencia narrativa.

- a) Basearse na linguaxe do cliente ou paciente.
- b) Manter as conversacións cos colegas e cun mesmo dentro dos límites do dominio conversacional tal como se desenvolveu na terapia.
- c) Evitar segregar información en formularios médicos, noutros documentos ou nas conversacións privadas cos colegas.

3. Crear un tipo de relación terapéutica que protexe un espazo no discurso para o cliente ou o paciente.

- a) Tentar construír unha relación colaborativa, non xerárquica e igualitaria.
- b) Estructurar as experiencias para a reflexión.
- c) Regular a entrevista de acordo cos signos corporais de mobilización ou ansiedade.

4. Seleccionar accións terapéuticas que fomenten a “axencia” persoal.

- a) Deconstruír a linguaxe e as prácticas sociais que inhabilitan o paciente.
- b) Colaborar en reconstruír o si mesmo (self)

Este cadro considerámolo como unha especie de “post-it” mental, o noso “Como o faría Lubitsch?”, como o letreiro que tiña Wilder na parede enfronte da súa mesa de traballo e cara ao que alzaba a vista cando se atascaba.

MARCO DE TRABAJO

A Unidade de Lesionados Medulares do CHUAC – A Coruña é a unidade de referencia para o tratamento desta patoloxía para toda Galicia. Os pacientes poden ser ingresados directamente no CHUAC ou trasladados, unha vez estabilizados, desde outro hospital da comunidade onde se lle prestou a atención urgente. É máis frecuente que o paciente ingrese previamente na UCI e despois se traslade á ULM. Este adoita ser o tempo do primeiro contacto do paciente e a familia co psicólogo.

Unha vez que o paciente xa está ingresado en ULM e o seu estado médico o permite, comeza o seu tratamento.

O programa de rehabilitación individual (que se vai a levar a cabo ao longo dos meses de estancia do paciente) inclúe os obxectivos para alcanzar co seu traballo na área de tratamento: fisioterapia e terapia ocupacional. Tamén o traballo na planta (reeducación vesical, autocoidados, comida, vestirse...) coa supervisión de enfermería e onde ten que ir poñendo en marcha a gradual autonomización nos seus autocoidados ao fío do que vai avanzando na área de tratamento.

O funcionamento da Unidade articúlase nas reunións de planta en que se revisa semanalmente a evolución de cada un dos pacientes e o estado do seu plan de tratamento rehabilitador individual. É unha avaliación produto da posta en común do conxunto dos profesionais: médicos, enfermería, fisioterapia, terapia ocupacional, traballo social, psicoloxía, técnicos de coidados auxiliares de enfermería (da área de tratamento). Evidentemente, da valoración médica segundo o caso depende tamén a cola-

Fig. 6 Pasos cara á xustiza e a colaboración na terapia Griffith & Griffith (1997)

boración doutros especialistas do hospital (Foniatría, ORL, Trauma, Cirurxía plástica..., e nestas últimas épocas os servizos de Infecciosos e Medicina Preventiva, como os máis frecuentes).

Eses espazos de articulación da colaboración son fundamentais para as pequenas correccións no desenvolvemento do plan de cada paciente cos necesarios axustes en función do seu estado e colaboración. Axuda na toma das decisións (médicas e de cada un dos outros profesionais, no seu ámbito) respecto dos permisos de fin de semana ou as necesarias reunións cos pacientes e coas familias e os pacientes para información, non só médica, senón tamén, por exemplo, no que ten que ver con xestións de axudas sociais, etc.

O posible traballo psicoterapéutico para desenvolver neste marco debe ser necesariamente:

– **en rede:** cómpre que teña en conta o conxunto do traballo que está a levar a cabo ese paciente cos diferentes profesionais. Non hai un momento dunha “interpretación máxica” ou “devolución sublime” que marque o punto de inflexión no afrontamento ou situación psicolóxica do paciente. Hai moitos momentos ao longo do proceso nos que diversos profesionais coas súas intervencións colaboran en que o paciente vaia avanzando no seu proceso de re-construción.

– **xerarquizado:** as intervencións do psicólogo deben estar articuladas coas intervencións dos outros profesionais.

– **foco en movemento:** as intervencións van compasadas no programa de rehabilitación do paciente e cos seus momentos de desenvolvemento. O foco de traballo vai cambiando en cada fase da evolución do plan de rehabilitación. Pero non hai unha secuencia-modelo cun guión ao que deba adaptarse a evolución do paciente. Sabemos que hai toda unha serie de dificultades ás que terá que facer fronte e cada quen faino ao seu modo e co seu propio ritmo.

Destacamos certos aspectos destacados da lesión medular no que ten que ver co traballo psicolóxico.

Nun estudo lonxitudinal, Kennedy e Rogers (2000a) atopan que durante a fase aguda, de hospitalización, diminúen levemente os niveis de ansiedade e depresión, que empezan a aumentar aos catro meses e alcanzan un pico ao ano da lesión, aproximadamente. Tras a alta hospitalaria, redúcense os niveis de ansiedade e depresión ata un nivel lixeiramente inferior ao da fase aguda, de modo que ao redor dun terzo superan o limiar de depresión e un cuarto o de ansiedade. No traballo de Bas Sarmiento, Gala León e Díaz Rodríguez (1994), establécese que os índices máis altos de estrés danse na admisión e na alta, polo efecto de incerteza, e os niveis máis baixos adoitan aparecer un ano despois da alta.

Segundo Kennedy e col. (2000b), as estratexias de afrontamento permanecen estables ao longo do tempo, sendo a máis común a aceptación. O axuste á lesión medular tamén é en gran parte estable a través do tempo, considerando que o período crítico para a aparición de complicacións secundarias son os dez primeiros anos tras a lesión. Prodúcese un incremento nas percepcións de calidade de vida canto maior aceptación e compromiso coas súas vidas, mellora nas oportunidades profesionais e redución das emocións negativas e das hospitalizacións.

Parece que a discapacidade inflúe de maneira negativa na calidade de vida, non de modo directo, senón a través da afectación de factores tales como os recursos psicolóxicos, as habilidades de manexo diario, as actividades profesionais e significativas e a integración social. Stensman relaciona a calidade de vida coas estratexias de afrontamento, o impacto da dor crónica e a fatiga, o desemprego, as relacións familiares e de amizade, os problemas co manexo da vexiga e as perdas funcionais.

Algúns factores que contribúen a unha pobre calidade de vida son a sensación de vida balei-

ra, de perda de control, de imprevisibilidade (estes dous últimos, moi presentes en complicacións frecuentes como a incontinencia ou a espasticidade). Non se atoparon correlacións entre a satisfacción vital e o grao de parálise da medula espiñal.

Imos tratar de describir o traballo, as intervencións psicolóxicas, ao fío dunha posible secuencia-tipo do proceso de atención do paciente na Unidade.

1. O desconcerto e a desmoralización. A acollida

“A curmá pobre do medo é a rabia”

Thomas Lynch, *El enterrador*

O momento no cal o paciente e a familia entran en contacto connosco adoitan estar aínda aparvados pola desorganización da crise que implica o que lles acaba de vir enriba. Están no proceso de aprender as regras de relación cunha institución de funcionamento complexo como é un gran hospital, co seu propio caos organizacional no seu núcleo familiar e, na maior parte das ocasións, moi afastados do seu lugar de residencia.

Por máis que os que traballamos nel non nos decatemos, o hospital é un lugar estraño e máis cando acodes a el como paciente ou familiar angustiada. Teñen que aprender regras de funcionamento (horarios, como dirixirse e a quen para conseguir que informacións...) nunha situación de desconcerto. Porque esa é a situación inicial. O futuro que tiñas volatilizouse, como se o edificio se derrubara por unha explosión e o rebumbio fose tal que aínda non se pode facer idea dos posibles resultados, mentres a poeira non asente.

Á vez teñen que tomar decisións para os arranxos que permitan o acompañamento (lugares para comer, durmir, viaxes, papeis) e, tamén, os cambios que permitan que poida seguir adiante o resto (da familia). Un pé no hospital e outro na casa, a cabeza dun lado ao

outro. Pensemos no caso dun pai de familia hospitalizado, a súa muller, acompañante, os fillos na casa a máis de 100 quilómetros.

Está descrito como a hiperactivación característica dos familiares acompañantes nestes momentos é perfectamente compatible con alteracións do funcionamento cognitivo que permitan describir meses despois determinados aspectos dunha entrevista e á vez non procesar segundo que informacións relevantes.

Nestes primeiros momentos, seguindo a afortunada metáfora de Susan Sontag (*La enfermedad y sus metáforas*), están a entrar nun país estraño, do que non teñen mapas. Por iso nesta fase falamos de “os arranxos do principio”:

- co paciente e coa familia: dar tempo a que o po asente e poidamos percibir con maior claridade para pensar reorganizacións estables;
- coa familia/acompañante(s): mentres tanto, resolver como viaxar, como ter organizada a casa e que a vida dos demais siga adiante, mentres estás fóra acompañando o teu familiar no hospital, onde durmir, onde comer, como arranxar papeis (baixas, axudas, etc.);
- irse familiarizando cos códigos do hospital: xa que vas estar un tempo noutro país, aprender a linguaxe suficiente (normas e rutinas) para poder manexarte e os galegos somos de estirpes de emigrantes. Normas e rutinas que implican, por exemplo, afacerse á presenza dos sanitarios en situacións de intimidade persoal en que antes nada ou apenas aceptabamos a presenza doutros e asumir a perda de intimidade e intrusión dos sanitarios. Á vez que adoita haber tamén certa impersonalidade no trato.

Por tanto, nesta primeira fase, cómpre que se atendan as necesidades de organización da resposta de emerxencia, á vez que se aprende a manexarse co sistema sanitario.

Pero é tamén crucial a contención e o manexo do desconcerto e a incerteza. Do descon-

certo fala Begoña Huertas (2017) como o que emerxe, cando todo o mundo que tiñas se derruba como un castelo de naipes, no seu caso polo diagnóstico de cancro. Mundo dunhas relacións, unhas actividades, uns anhelos, uns proxectos, unhas afeccións que desaparecen.

De golpe, presente e futuro implosionan:

*“A vida cambia rápido.
A vida cambia nun instante.
Sentas ceas,
e a vida que coñeces acábase.”*

Joan Didion, *El año de pensamiento mágico*

No plano das emocións, porque é unha reacción ante o desconcerto, hai que ter moi presente que en moitas ocasións co que atopamos non é o abatemento nin a tristeza, senón a rabia, o enfado ante como o teu mundo desapareceu. E non é infrecuente que se dirixa cara ao sistema sanitario en xeral ou algún dos seus membros en particular. Esta é unha realidade compartida con outras situacións de enfermidades graves ou na dor crónica.

Neste primeiro tempo co paciente que está nos inicios do traballo de rehabilitación, aparecen como elementos relevantes desde o enfoque co que traballamos, a creación dun tipo de relación terapéutica que protexa o seu espazo de discurso e facilitar un tipo de conversación na que poida exhibir competencia narrativa. Para iso é fundamental procurar basearse na linguaxe do paciente. E, á espera de que poidan ir mellorando certos estresores físicos ou emocionais, isto pódenos guiar no traballo de resiliencia fronte ao estrés.

Como sinalan Griffith e Gaby (2005) para abordar a desmoralización, hai que validar. O recoñecemento do sufrimento e a restitución da dignidade, ademais de ser de xustiza, son tamén elementos moi potentes para axudar na capacidade de recuperación da paciente fronte ao estrés.

Os cambios na epidemioloxía da lesión medular que sinalamos ao principio, implican

que teñamos unha maior presenza de pacientes envellecidos, o que supón unha adaptación dos procesos de rehabilitación que deben ter en conta os cambios consecuencia da idade (en canto a forza, a axilidade, as limitacións cognitivas...), a separación do seu marco social habitual e as limitacións e as restricións en canto ao apoio social (acentuado en ocasións non só pola distancia senón polas dificultades de acceso ao transporte no medio rural galego).

En resumo, traballamos con pacientes máis envellecidos, máis illados do seu medio e con estruturas familiares que nos últimos anos se volveron máis rareadas (o lesionado e a súa esposa viven xubilados nunha casa de aldea no macizo ourensán ou en Quiroga e o seu fillo/a está estudando en Vigo ou preparando oposicións en Santiago coa axuda dun traballador por horas para ir tirando). Se ademais, esta casa de aldea á que volveron, o fixeron tras longas emigracións en Euskadi ou en Cataluña ou en Suíza, atoparemos que os fillos poidan ter feito a súa vida alí. A adquisición dunha discapacidade ou unha enfermidade crónica, supón un empobrecemento automático polos gastos que supón (viaxes, traballos que se teñen que deixar para reorganizar coitados, gastos en próteses e axudas técnicas...) a engadir ao que levamos como sociedade desde 2008 e nun contexto de restricións de todo tipo de axudas públicas. Poder estar máis ou menos presente na hospitalización dun familiar (que no caso da lesión medular é longa, meses) non é só cuestión de afectos e lealdades, senón tamén de diñeiro. Desde unha posición acomodada é fácil pagar un acompañante.

2. A travesía cara á cronicidade. O traballo de rehabilitación

En toda esta etapa de aprender a convivir coa enfermidade como procura de sentido, como a pelexa do pensamento por organizar o que vai sentindo e o que o corpo, traídor, vai dicindo, cómpre mantermos as “guías de conversación” que sinalabamos anteriormente. Tamén

hai certos temas que adoitan suscitarse, tanto co paciente como coa familia, o traballo cos “acontecementos enmarcadores” (Rolland, 2000), é dicir, os restos de conversacións da fase de crise que poden estar a “filtrar” gran parte das actuais e sesgando modos de colaboración deste momento, así como os arranxos que se acordaron para entón, poidan estar a pesar na situación actual.

Outro adoita ser o de “poñer a enfermidade no seu lugar” (Steinglass, citado por Navarro, 2004). Este traballo, co paciente e cos familiares, refírese ao equilibrio entre a atención á discapacidade producida pola lesión e o seu impacto sobre os hábitos, as prioridades e os plans familiares, de modo que estea adecuadamente atendida pero non “tiranice”. Que a organización da familia garanta a adecuada atención ás necesidades de coidados derivadas da situación do proceso de rehabilitación no hospital pero procurando manter, no posible, os plans e os proxectos familiares. Avanzar sen desviarse nin á negligencia nin á sobreprotección. Este punto adoita ser tamén moi relevante cando xa se está na dinámica das fins de semana no domicilio.

Neste tempo desenvólvese a aprendizaxe da convivencia cos cambios físicos e dos autocoidados. É moi importante preservar espazo para as conversacións co paciente (para poder abordar aspectos emocionais e de modificacións nos roles, e a influencia das modificacións perceptivas, dificultades no compromiso co traballo de rehabilitación...), alternando ou intercalando con conversacións coa familia (normalización de emocións, modificacións nos roles, mantemento de tarefas de ciclo, “descanso do coidador”).

Hai unha gran diferenza na percepción do tempo. No primeiro momento, de crise, é unha implosión (presente absoluto, todo é urxencia), na rehabilitación a lentitude (os cambios son moi graduais).

Neste proceso de aprendizaxe na convivencia coa discapacidade, o aspecto máis enmaraña-

do atópase no arduo esforzo do establecemento dun certo sentido. Por iso, o traballo sobre a narración e o relato que se vai construíndo. Sendo conscientes das limitacións, das dehisencias que esa rede de sentido vai manter cando o corpo “traizoe”, resalte a súa presenza e se faga oír abruptamente, a destempo, nos momentos máis inconvenientes. Entender este marco como traballo con relatos permite traballar coa utilidade da súa armazón, pois é de axuda pola súa capacidade de organizar o caos temporal (“A narración é a resposta á experiencia do caos e a discordancia producidos polo tempo”, di Ricoeur) e dar continuidade e coherencia á experiencia.

Hai que ter en conta tamén que pode haber desacompasamentos nos momentos en que se atopan os diferentes membros da familia, pois mentres o paciente está a traballar na súa rehabilitación, poida que algún familiar aínda estea a ver como se reorganiza no encaixe das perdas e, por tanto, cunha expectativa centrada na recuperación de habilidades específicas que estean máis alá do que se está abordando na área de tratamento ou no traballo en planta.

3. O retorno á comunidade

“(...) perdendo a necesidade habitual de ocuparnos de cousas desagradables, perdemos a habilidade de facelo cando a necesidade aparece. E perdemos á comunidade versada nestas calamidades. En resumo, cando a vida é unha merda, sentímonos sós.”

Thomas Lynch, *El enterrador*

Dentro do plan de rehabilitación, os permisos da fin de semana constitúen un punto de inflexión no proceso. Son ensaios. Trasládase a experiencia e as aprendizaxes adquiridas no hospital á casa: do ensaio protexido á práctica cotiá, por un tempo limitado.

O paciente sae dun medio “protexido”, deseñado mesmo espacialmente tendo en conta a

discapacidade e con persoal pendente de axudar a resolver calquera crise/atasco. Desde a relativa tranquilidade dunha “base segura” sae explorar incertezas concretas, aplicando os “modos de facer” que adquiriu no seu traballo rehabilitador no hospital.

E aí compróbase a fortaleza de todas as estadas que se foron dispoñendo: en como resolve as actividades cotiás da vida diaria, desprazarse pola casa, poder ir ao baño, como trasladarse á cama e á cadeira de brazos, a provisionalidade das solucións e as previsións. O grao en que se mantén a enteiraza da súa percepción subxectiva, ou que partes non resultaron efectivas e se produciron fendas, e sobre iso trabállase á súa volta. Sempre no dobre plano das condutas concretas e as solucións tentadas e o relato da vivencia subxectiva.

Un aspecto que consideramos moi relevante é o plano do social, relacional, máis alá da familia inmediata. Facer fronte “aos outros” e á comunidade: “soster as miradas”. Abrir a porta ao social expón varios planos:

- Ver / ser visto. A exposición ao social. Coas diferenzas nos estilos persoais, desde os partidarios da inmersión case na primeira saída, aos que o fan de modo moi gradual. Ir recibindo aos poucos en casa ou plantarse no atrio o día do patrón. Non hai que esquecer que no propio sistema familiar van volver a recompoñer/reequilibrar todas as relacións pois todos e cada un dos roles previos sufriron algún cambio.
- As dificultades para compartir por parte do paciente ese novo estar no mundo cos outros:

“Que difícil é a comunicación entre alguén enfermo e alguén san. Parece que se trate de dúas especies diferentes de humanos”, dinos Begoña Huertas (2017). Isto afecta nas relacións máis próximas (parella, fillos, pais). Que compartir e como. Adoita ser unha tarefa ardua, na que hai que dar por descontado desfalecementos e malentendidos.

- Griffith e Gaby (2005) lémbrennos:

“Para moita xente, a enfermidade médica é profundamente alienante. O resto da xente, aínda sendo comprensiva, non pode experimentar completamente a enfermidade; esta despraza a persoa, tanto das rutinas familiares como dos praceres específicos de vivir con outra xente; ás veces illa severamente a través do estigma da desfiguración ou do medo ao contaxio. O illamento é un compañeiro distintivo da dor física, onde o máis real para un resulta invisible para o resto.”

É un tema moi presente nas conversacións tanto ante determinadas visitas no hospital como logo cando van de fin de semana e hai comidas familiares amplas ou saídas sociais.

É un vello dito o de que o inferno está empedrado de boas intencións, no noso caso non porque o obrar non acompañe, senón porque adoita ser de todo inadecuado. Ninguén que non estea no lugar do paciente (ou nun análogo) debe deixarse vencer pola soberbia e pensar, e menos dicir, frases como “sei como te atopas” ou “fágome cargo do que sentes”. Hai situacións deste tipo que me relataron os pacientes, nas que a enteiraza e educación coa que se mantiveron, faimos consideralos exemplos de zen sen necesidade de estadía nun mosteiro.

Esta adoita ser considerada unha das razóns da utilidade das asociacións de afectados e familiares: a posibilidade de compartir. Tanto pacientes como familiares adoitan sentirse mellor entendidos por persoas en situacións análogas á súa. Isto iníciase xa no mesmo hospital nas conversacións que teñen lugar entre os familiares, nas “salas de espera” e nas que xa comparten informacións de “utilidade pública” (aloxamentos, comidas, horarios, axudas...).

Algúns optan por unha posición digamos máis “activista”, outros tratan de retomar unha vida o máis próxima posible á que antes tiñan, aínda que case nunca é así.

En resumo, para a alta hospitalaria trátase de volver ao mesmo (que cambiou), un mesmo (que xa non é ese que foi) con estes (que xa non son da mesma maneira).

BIBLIOGRAFÍA

Bas Sarmiento, P., Gala León FJ. e Díaz Rodríguez M. (1994). Depresión y Ajuste Psicosocial en lesionados de médula espinal. *Clinica y Salud*, 5(3), 259-271.

Craig, A., Tran, Y. e Middleton, M. (2017). Theory of adjustment following severe neurological injury: evidence supporting the Spinal Cord Injury Adjustment Model en Costa, A. e Villalba E. (Eds), *Horizons in Neuroscience Research*, p. 117-139.

Didion, J. (2006). *El año del pensamiento mágico*. Barcelona, Globalrhythm Press.

Doka, K.J. (2010). *Psicoterapia para enfermos en riesgo vital*. Bilbao, Desclée de Brouwer.

Elfström, M.L., Rydén, A., Kreuter, M., Persson L.O. e Sullivan M. (2002a). Linkages between coping and psychological outcome in the spinal cord lesioned: development of SCL-related measures. *Spinal Cord*, 40, 23-29.

Elfström, M.L., Kreuter, M., Rydén, A., Persson L.O. e Sullivan M. (2002b). Effects of coping on psychological outcome when controlling for background variables: a study of traumatically spinal cord lesioned persons. *Spinal Cord*, 40, 408-415.

Elfström, M.L., Rydén, A., Kreuter, M., Taft, C. e Sullivan, M. (2005). Relations between coping strategies and health-related quality of life in patients with spinal cord lesion. *Journal of Rehabilitation Medicine*, 37, 9-16.

Elfström, M.L., Kennedy, P., Lude, P. e Taylor N. (2007). Condition-related coping strategies in persons with spinal cord lesion: a cross-national validation of the Spinal Cord Lesion-related Coping Strategies Questionnaire in four community samples. *Spinal Cord*, 45, 420-428.

Ehrenreich, B. (2011). *Sonríe o muere. La trampa del pensamiento positivo*. Madrid, Turner.

Galvin, L.R. e Godfrey, H.P. (2001). The impact of coping on emotional adjustment to spinal cord injury (SCI): review of the literature and application of a stress appraisal and coping formulation. *Spinal Cord*, 39, 615-627.

Griffith, J. L. e Griffith, M. E. (1996). *El cuerpo habla. Diálogos terapéuticos para problemas mente cuerpo*. Buenos Aires, Amorrortu.

Griffith, J. L. e Griffith, M. E. (1997). La somatización y la apertura del diálogo con pacientes y familias médicamente marginalizadas, en Pakman, M. (Comp.). *Construcciones de la experiencia humana* (vol. II). Barcelona, Gedisa, pp. 87-105.

Griffith, J.L. e Gaby, L. (2005). Brief psychotherapy at the bedside: Countering Demoralization From Medical Illness. *Psychosomatics*, 46, 109-116.

Hospital Universitario “La Fe” (2001). *Lesión medular. Guía de autocuidados*. Generalitat Valenciana. Conselleria de Sanitat.

Huertas, B. (2017). *El desconcierto*. Barcelona, Rata.

Kennedy P. e Rogers B. (2000a). Anxiety and depression after spinal cord injury: a longitudinal analysis. *Archives of Physical Medicine and Rehabilitation*, 81, 932-937.

Kennedy P., Marsh N., Lowe R., Grey N., Short E. e Rogers B. (2000b). A longitudinal analysis of psychological impact and coping strategies following spinal cord injury. *Health Psychology*, 5, 157- 172.

Kennedy, P., Lude, P., Elfström, M.L. e Smithson, E.F. (2011). Psychological contributions to functional independence: a longitudinal investigation of spinal cord injury rehabilitation. *Archives of Physical Medicine Rehabilitation*, 92, 597-602.

Lazarus, R.S. e Folkman, S. (1986). *Estrés y procesos cognitivos*, Barcelona, Martínez Roca.

Meijer, E. (2021). *Los límites de mi lenguaje. Meditaciones sobre la depresión*. Madrid, Katz editores.

Middleton, J., e Craig, A. (2008). Psychological challenges in treating persons with spinal cord injury en: A. Craig e Y. Tran (Eds.). *Psychological dynamics associated with spinal cord injury rehabilitation: New directions and best evidence*. Nova York, Nova Science Publishers, p. 3-53.

Navarro Góngora, J. (2004). *Enfermedad y familia. Manual de intervención psicosocial*. Barcelona, Paidós.

Rodríguez Sotillo, A. e Miguéns Vázquez, X. (2005). Lesión medular, en Montoto Marqués A., Ferreiro Velasco M.E., Rodríguez Sotillo A. e Salvador de la Barrera S. (Eds.), *Lesión medular y vejiga neurogénica. Valoración y rehabilitación*, Barcelona, Ars Medica, pp. 1-26.

Rodríguez Sotillo A., Salvador de la Barrera S. e Ferreiro Velasco M.E. (2013). La Unidad de Lesionados Medulares del CHUAC organiza el congreso nacional de la especialidad, *La Voz de Galicia*, 28 de mayo de 2013.

Rueda Ruiz, M.B., Aguado Díaz, A.L., e Alcedo Rodríguez, M.A. (2008). Estrés, afrontamiento y variables psicológicas en el proceso de adaptación a la Lesión Medular (LM): una revisión de la bibliografía. *Intervención Psicosocial*, 17(2), 109-124.

Salas Márquez, J.R. (1995). El rol del psicólogo en la Unidad de lesionados medulares. *Apuntes de Psicología*, 43, 65-67.

Rolland, J.S. (2000). *Familias, enfermedad y discapacidad*. Barcelona, Gedisa.

Shuman, R. (1999). *Vivir con una enfermedad crónica. Una guía para pacientes, familiares y terapeutas*. Barcelona, Paidós.

Soler, M.D. e Curcoll, M.L. (2003). La rehabilitación psicológica en el lesionado medular, en Remor, E., Arranz, P. e Ulla, S. (Eds.), *El psicólogo en el ámbito hospitalario*, Bilbao, Desclée de Brouwer, pp. 489-512.

Soto Mendoza, R. (2007). *La vida sobre ruedas. Manual autobiográfico de supervivencia y consulta para parapléjicos/as de lesión completa*. Junta de Andalucía, Sevilla.

Stensman R. (1994). Adjustment to traumatic spinal cord injury. A longitudinal study of self reported quality of life. *Spinal Cord*, 32(6), 416.

Stewart, T.D. (1994). El paciente con lesión de la médula espinal, en Cassem, N. H. (Ed.), *Hospital General de Massachusetts. Psiquiatría de Enlace en el Hospital General*, Madrid, Díaz de Santos, pp. 583-599.

Weisman, A.D. (1994). Hacer frente a la enfermedad, en Cassem, N. H. (Ed.), *Hospital General de Massachusetts. Psiquiatría de Enlace en el Hospital General*, Madrid, Díaz de Santos, pp. 379-392.

White, M. (1994a). Explicación negativa, restricción y doble descripción: un modelo de terapia familiar, en White, M., *Guías para una terapia familiar sistémica*. Barcelona, Gedisa, pp. 142-146.

White, M. (1994b). El proceso de interrogar ¿Una terapia de mérito literario?, en White, M., *Guías para una terapia familiar sistémica*. Barcelona, Gedisa, pp. 69-83.

DOR

FERRAMENTAS

TRATAMIENTO
GRUPAL DA DOR

Enrique Bazako Goiburu

*Psicólogo Especialista en Psicología Clínica.
CAUCE. Clínica de Psicología Aplicada.
Madrid*

enriquebazako60@gmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

*Partiuse
non sentiu o raio nin o trono.
Cando foi a agacharse
notouno*

E. Bazako

RESUMO

A dor é unha experiencia persoal, resultante dun proceso singular para cada persoa. A dor enténdese como un fenómeno complexo e multidimensional, no que a persoa non só ten unha experiencia perceptiva, senón tamén afectiva, que está condicionada por múltiples elementos interactivos biolóxicos, psicolóxicos e socioculturais. As estratexias de afrontamento que mobilizan accións instrumentais e recursos internos, así como a procura de apoio social, asócianse a un mellor axuste e funcionamento cotián, do mesmo xeito que as crenzas de incontrolabilidade da dor, unha baixa crenza de autoeficacia no mesmo e recorrentes pensamentos catastrofistas, asócianse a unha maior incapacidade, inadaptación e peor axuste. O obxectivo de todo tratamento é que o paciente aprenda as técnicas que poida utilizar como recurso na súa vida diaria. Exponse un protocolo de terapia grupal xa que, en xeral, as terapias grupais funcionan ben con pacientes con dor crónica.

PALABRAS CHAVE — Dor crónica, tratamento grupal, psicoloxía.

ABSTRACT

Pain is a personal experience, resulting from a unique process for each person. Pain is understood as a complex and multidimensional phenomenon, in which the person not only has a perceptual experience, but also affective, which is conditioned by multiple biological, psychological and sociocultural interactive elements. Coping strategies that mobilize instrumental actions and internal resources, as well as the search for social support, are associated with a better adjustment and daily functioning, in the same way that beliefs of uncontrollability of pain, a low belief of self-efficacy in it and recurrent catastrophic thoughts, are associated with greater disability, maladjustment and worse adjustment. The goal of all treatment is for the patient to learn the techniques that they can use as a resource in their daily lives. A group therapy protocol is exposed since in general, group therapies work well with patients with chronic pain.

KEY WORDS — Chronic pain, group treatment, psychology

“A dor, é, sobre todo, unha emoción que o teu corpo crea para evitar cousas que son nocivas para ti (...) Iníciase por procesos sensoriais: se poño a miña man en algo quente, a sensación de queimarte os dedos inicia o sinal de dor (...) Diferenciamos entre a nocicepción, que é o acto de sentir algo daniño, e a dor, que é sentir unha emoción no cerebro” A. Patapoutian (Premio Nobel de Medicina 2021).

En España, un 11% da poboación padece dor crónica, é dicir, máis de 5 millóns de persoas en España sofren dor aguda durante máis de 6 meses. Os aspectos sensoriais, as emocións, as cognicións, fan que procesemos os estímulos nociceptivos dunha maneira particular. A dor é unha experiencia persoal, resultante dun proceso singular para cada persoa. A experiencia de dor nin sequera permanece inalterable na mesma persoa aínda supoñendo que a fonte, lesión ou enfermidade se mantivese. Na actualidade, a dor enténdese como un fenómeno complexo e multidimensional, no que a persoa non só ten unha experiencia perceptiva, senón tamén afectiva, que está condicionada por múltiples elementos interactivos biolóxicos, psicolóxicos e socioculturais. Así, as variables cognitivas e emocionais, concretamente a ansiedade, a tristeza e a ira, parecen explicar mellor que as variables de personalidade as diferenzas individuais en canto a percepción e tolerancia á dor. As estratexias de afrontamento que mobilizan accións instrumentais e recursos internos, así como a procura de apoio social, asócianse a un mellor axuste e funcionamento cotián, do mesmo xeito que as crenzas de incontrolabilidade da dor, unha baixa crenza de autoeficacia na mesma e recorrentes pensamentos catastrofistas, se asocian a unha maior incapacidade, inadaptación e peor axuste. O obxectivo de todo tratamento é que o paciente aprenda as técnicas que poida utilizar como recurso na súa vida diaria unha vez que sae da consulta. Exponse un protocolo de terapia grupal, xa que, en xeral, as terapias grupais funcionan moi ben con pacientes con dor crónica.

Definir a dor como unha experiencia emocional desagradable lévanos directamente a valorar a devandita experiencia desde o punto de vista psicolóxico e tratala de igual maneira. Se é unha experiencia será psicolóxica, si ou si. A dor é unha experiencia que se compón de elementos sensoriais, afectivos e cognitivos e estes maniféstanse ao exterior. O noso coñecemento da dor é como a propia vida e a enfermidade, un quebracabezas que vai encaixando pezas a medida que avanzamos en investigación e tratamento, un quebracabezas psico-bio-social. Sabemos que a experiencia da dor pode ser moi diferente en distintas persoas ante a mesma lesión, proba diagnóstica, intervención cirúrxica ou enfermidade e mesmo na mesma persoa coa mesma lesión en diferentes situacións. A avaliación que realizamos é tan importante ou máis que a propia lesión. A nocicepción non é igual a dor, nin dor é igual a sufrimento. A nosa historia, o ambiente social, a nosa aprendizaxe fan que a experiencia da dor, aínda que parecida en cada cultura, sexa diferente no persoal. Non está de máis lembrar aquí que somos biografía, non só bioloxía.

Ata hai ben pouco tempo e aínda hoxe, para algúns profesionais e a gran maioría da poboación, a dor que sente ten que ser correlativa á lesión producida. Desde hai uns anos sabemos que isto non sempre é así, que nin sequera ten por que ser dese modo. Determinadas dores mantéñense no tempo a pesar de que non haxa xa ningunha lesión que “xustifique” a devandita dor, mesmo sabemos do fenómeno da dor do membro pantasma. Falamos entón da Neuromatriz, unha configuración neuronal xeneticamente construída ao nivel do Sistema Nervioso Superior onde se conformaría toda a representación corporal, agora ben, demostrouse que esta Neuromatriz se vai transformando coa aprendizaxe, ao longo da vida. De maneira que coas técnicas psicolóxicamente probadas podemos influír na devandita configuración e desta maneira “pechar a comporta do mecanismo da dor”, pechando

a focalización da nosa atención sobre os estímulos nociceptivos, por exemplo. Falando da “comporta”, coñecemos que esta se sitúa na substancia xelatinosa da hasta dorsal da medula espiñal, onde conflúen todos os estímulos nociceptivos e que unha vez alí seguirán unha vía ascendente ata o noso cerebro, pois ben no devandito circuíto tamén existe unha vía descendente desde o noso cerebro que pode pechar “a comporta” e desta sorte eliminar, bloquear, diminuír ou minorase a sensación.

Nos últimos tempos, comezou a xurdir a denominación de “transdiagnóstico” para facer referencia a un novo enfoque psicolóxico e psicopatolóxico que implica unha nova conceptualización dos trastornos mentais. Este modelo transdiagnóstico dos trastornos emocionais estrutúrase en cinco niveis dispostos xerarquicamente, que serían: un primeiro nivel constituído polo afecto negativo, dous niveis intermedios nos que se reflexan os trazos clínicos e as respostas de afrontamento, e dous niveis inferiores que engloban os trastornos emocionais e os síntomas clínicos.

Así, desde dito enfoque contéplase que certos grupos de trastornos mentais teñen en común unha serie de procesos cognitivos e condutuais causais e/ou de mantemento dos mesmos. De todos eles, os máis estudados foron os trastornos de ansiedade e depresivos,

os cales comparten moitos destes procesos, aspecto entre outros polo cal quedaría xustificada a súa elevada comorbilidade. De feito, a ansiedade e a depresión poucas veces se dan como entidades puras. Pero esta afirmación de que tanto a ansiedade como a depresión comparten certa sintomatoloxía non é algo novidoso; lembremos xa que Clark e Watson (1991) propuxeron o seu Modelo Tripartito da Ansiedade e Depresión no que expoñían o que eles denominaron “alto afecto negativo” como dimensión común a ambas entidades. Como comentamos, nos actuais modelos transdiagnósticos séguese contemplando o afecto negativo (ou neuroticismo) como un construto transdiagnóstico de nivel superior e relaciónase etiologicamente con todos os trastornos emocionais.

Por todo o anterior, para levar a cabo este tratamento grupal decidimos basearnos no Protocolo Unificado para o Tratamento Transdiagnóstico dos Trastornos Emocionais, de David H. Barlow. Este protocolo é aplicable principalmente aos trastornos de ansiedade e aos trastornos afectivos, pero tamén a outros trastornos cun elevado compoñente emocional.

A lóxica deste tratamento parte de que o déficit nas habilidades de regulación emocional é unha característica fundamental dos trastornos de ansiedade e do estado de ánimo. A regulación emocional inflúe na aparición, a intensidade, a expresión e a experiencia das emocións e a ineficacia na mesma contribúe a desenvolver e a manter a ansiedade e os trastornos do estado de ánimo.

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

O noso programa grupal estaba dirixido a persoas que presentasen trastornos de ansiedade e/ou depresión, ou ben sintomatoloxía

ansioso-depresiva con risco de evolucionar a un trastorno de ansiedade ou depresivo.

Establecemos como criterios de exclusión o feito de ter un diagnóstico de trastorno bipolar I ou II, un trastorno da personalidade, un trastorno do espectro psicótico, un trastorno do espectro autista, unha discapacidade intelectual, un trastorno da conduta alimentaria, o deterioro cognitivo e o consumo de substancias activo.

Consideramos un criterio de idade que abarcase desde os 18 aos 60 anos pero finalmente, por mera casualidade, as pacientes que participaron estaban comprendidas entre os 21 e os 34 anos. Inicialmente, o grupo estaba pensado para constar dun total de 6 participantes pero, por diferentes motivos persoais dalgúns dos membros, o número final foi de 4 persoas, coincidindo ademais que todas elas eran mulleres, o cal está en consonancia co feito de que estas entidades sexan máis frecuentes en poboación feminina.

MOTIVO DE CONSULTA

Estas pacientes foron derivadas desde unha das Unidades de Saúde Mental coas que conta a Área Sanitaria de Ferrol. A profesional responsable da área de Psicoloxía Clínica de dita unidade puido derivarnos pacientes ben falándoo directamente coas residentes ou ben enviándonos un correo electrónico facilitándonos os datos. De igual xeito, acordouse con esa profesional que, unha vez finalizado o grupo, se analizaría cada caso particular para valorar un seguimento individual ou a alta nas consultas de Psicoloxía Clínica.

OBXECTIVOS

Os obxectivos que nos propuxemos coa posta en marcha deste programa grupal foron, entre outros, axudar a que as participantes aprendesen como afrontar e experimentar emocións incómodas sen sentir a necesidade de evitalas e como responder ás mesmas dun xeito máis adaptativo; fomentar hábitos de regulación emocional que permitisen ás participantes un mellor manexo das súas experiencias emocionais; ensinalas a desafiar as súas interpretacións negativas e ansió xenas e incrementar a súa flexibilidade cognitiva e fomentar a capacidade das participantes para exporse a situacións e emocións que puidesen provocarlles ansiedade.

INTERVENCIÓN: ESTRUTURA E MATERIAIS EMPREGADOS

As sesións grupais foron un total de 8, levadas a cabo semanalmente e en horario de 16:30 a 18:00 horas. Realizamos todas as sesións grupais nunha sala provista cun espello unidireccional, detrás do cal estaba sempre supervisándonos unha das psicólogas clínicas da Área.

A estrutura de cada sesión era a seguinte: repaso dos exercicios para casa, presentación das diapositivas e traballo grupal co material achegado polas participantes e entrega das escalas a cubrir *in situ* polas participantes.

Previo ao inicio das sesións grupais, citamos a cada participante para realizar unha entrevista individual, na que analizamos cada caso concreto, explicamos o formato grupal, os obxectivos e establecemos as normas básicas de participación. Do mesmo xeito, unha vez finalizada a última sesión grupal, deixamos pasar un mes e citamos de novo ás participantes para unha sesión individual na que valorar os

resultados acadados, o estado actual, así como a necesidade de continuidade do tratamento psicolóxico na USM ou a alta terapéutica.

Tanto na entrevista pre-grupo como ao finalizar cada unha das sesións grupais, cada participante cubriu unha Escala de Ansiedade e unha Escala de Depresión (tomadas do Protocolo Unificado de Barlow), que serían os instrumentos que nos servirían para avaliar a progresión de cada unha delas.

Os materiais empregados foron dispositivas realizadas polas residentes que proxectamos nunha pantalla na sala grupal, nas cales baseábase as nosas explicacións. Tamén nos servimos da entrega de exercicios para realizar interseccións, así como do rexistro dos niveis de ansiedade e depresión nas escalas previamente mencionadas.


Descríbimos a continuación de forma moi resumida o contido das 8 sesións que tiveron lugar:

- Iniciamos a primeira sesión realizando unha breve conceptualización da ansiedade e da súa sintomatoloxía, así como pedindo ás participantes que realizasen un exercicio de balance decisional de cara a aumentar a súa motivación para o cambio.
- Na segunda sesión centrámonos en explicar o modelo dos tres compoñentes das experiencias emocionais, así como o modelo ARCO (siglas correspondentes a Antecedentes, Respostas e Consecuencias das respostas emocionais).
- A terceira sesión estivo enfocada a traballar as manifestacións fisiolóxicas das experiencias emocionais así como a dotar ás participantes de estratexias para o seu manexo, entre as que destacan a relaxación progresiva e a respiración diafragmático-abdominal.
- A cuarta sesión estivo enfocada a traballar a dimensión cognitiva das emocións, explicando fundamentalmente os conceptos de “pensamentos automáticos” e de “flexibilidade cognitiva”.
- A quinta sesión dedicouse ao concepto de evitación emocional.
- Na sexta sesión falamos da importancia das sensacións físicas das emocións e da necesidade de non evitalas.
- Na sétima sesión traballamos sobre os fundamentos das exposicións e indicamos ás participantes como realizar unha xerarquía de exposición que poder aplicar na súa vida.
- A oitava sesión estivo dedicada a repasar todo o traballado nas sesións anteriores, analizar que aspectos do grupo valoraron como positivos, que aprendizaxes consideraban que adquiriran e, en definitiva, a permitir ás participantes expresar calquera pensamento que quixeran compartir en relación á súa participación na terapia grupal.


RESULTADOS

A continuación aparecen diferentes gráficas que reflicten dun modo visual os resultados obtidos por cada participante no grupo.


Participante 1:




Participante 2:




Participante 3:



Participante 4:



Medias nas puntuacións das Escalas de Ansiedade e Depresión comparando as aplicacións pre-grupo e post-grupo



Como se pode observar nas gráficas, tanto as puntuacións de ansiedade como de depresión sufriron un descenso en relación ás medidas antes de iniciar o grupo e unha vez finalizado o mesmo. Non obstante, e debido ao reducido tamaño da mostra, así como á homoxeneidade das participantes en canto a idade e xénero, os resultados deberían interpretarse coa suficiente cautela. Non pretendemos con este proxecto proporcionar uns resultados extrapolables ou xeneralizables a un amplo rango de poboación, senón exemplificar como unha terapia grupal limitada no tempo pode producir efectos positivos en persoas con sintomatoloxía ansioso-depresiva de moderada intensidade.

Tras ter realizado as entrevistas post-grupo e compartido os resultados e impresións coa persoa encargada de facer as derivacións, acordouse en consenso coas participantes que dúas delas continuarían en seguimento individual e outras dúas recibirían a alta clínica. Na actualidade, tres das participantes están dadas

de alta, mentres que só unha continúa a seguimento, apreciándose, non obstante, nela unha favorable evolución.

Gustaríanos facer mención ao feedback recibido polas participantes nas sesións individuais post-grupo.

Todas as participantes valoraron como positiva a súa participación no grupo e destacaron que o mesmo lles serviu para aprender a coñecerse mellor a elas mesmas, aprender diferentes recursos que as axudaron a manexar mellor situacións de ansiedade ou de sobrecarga no seu día a día. Destes recursos destacaron o adestramento en respiración, a detección de pensamentos automáticos negativos e a identificación das súas respostas fisiolóxicas de ansiedade/depresión.

Cabe mencionar tamén que unha das participantes, que contaba cunha situación familiar bastante complexa e amosou desde o inicio uns niveis de sintomatoloxía máis elevados que o resto de participantes, formulou o desexo que tivera de contar cun espazo de ventilación emocional propio e independente da participación no grupo dado que, aínda que se sentiu cómoda, non se viu capaz de compartir determinadas experiencias co resto do grupo.

CONCLUSIÓNS

Todo o exposto anteriormente fai referencia á primeira edición deste programa grupal que puxemos en práctica as residentes da Área Sanitaria de Ferrol. Actualmente realizamos xa a segunda edición e estamos a preparar a terceira. O obxectivo de continuar con futuras edicións é diverso: por unha banda, que as residentes teñamos a oportunidade de afrontar o manexo de sesións grupais, tan diferentes en canto a dinámica das sesións individuais; por outra, contribuír a que a demanda asistencial á que se ven sometidas as Unidades de Saúde Mental diminúa en certo modo e procurar dar un seguimento máis próximo no tempo a

pacientes que presentan unha sintomatoloxía que consideramos se pode beneficiar desta formulación.

Somos conscientes de que queda moito por mellorar e de cara ás futuras edicións decidimos facer unha serie de cambios, entre os que destacan reformular o criterio de idade, incluír máis exercicios que propicien a mellor creación dun clima grupal, modificar a disposición dos asentos, facendo que as terapeutas nos coloquemos integradas nun círculo coas participantes para que se nos perciba como unha parte activa do grupo, non vestir as batas brancas, xa que iso pode dar lugar a que os participantes nos vexan como figuras alleas a eles e, en parte, como modelos de autoridade en lugar de como elementos que forman parte do grupo.

A pesar dos múltiples erros que como residentes de Psicoloxía Clínica de primeiro e segundo ano poidamos ter cometido, valoramos como moi positiva esta iniciativa e afrontamos con ilusión as futuras edicións.

BIBLIOGRAFÍA

Agudelo, D., Buela-Casal, G., Donald, S.C. (2007). Ansiedad y depresión: el problema de la diferenciación a través de los síntomas. *Salud Mental* 30(2): 33-41.

American Psychiatric Association. (2013). *Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales* (5ª edición). Editorial Médica Panamericana.

Barlow, D. (2015). *Protocolo Unificado para el tratamiento transdiagnóstico de los trastornos emocionales*. Alianza Editorial.

Belloch, A., Sandín, B., Ramos, F. (2020). *Manual de psicopatología*. McGraw Hill.

Caballo, V., Salazar, I., Carrobbles, A. (2014). *Manual de psicopatología y trastornos psicológicos*. Pirámide.

World Health Organization. (2000). *Clasificación de los trastornos mentales y del comportamiento*. Editorial Médica Panamericana.

Yalom, I., Vinogradov, S. (1996). *Guía breve de psicoterapia de grupo*. Paidós.



CASO 2

A MAXIA DOS GRUPOS

Rocío López Díaz

PIR 4 HU Virgen Macarena Sevilla

Carlos Díaz Marcelo

FEA Psicología Clínica USMIJ HU Virgen Macarena Sevilla

Elisa Llamas López

FEA Psiquiatría USMIJ HU Virgen Macarena Sevilla

Ana Pérez Romero

MIR 4 HU Virgen Macarena Sevilla

carl_diaz82@hotmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

*“A creatividade é un xeito de loitar
ante a angustia de ser mortal”*

Irene Vallejo

RESUMO

Traemos un relato acerca dun grupo operativo para mulleres nais que tivo lugar na Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil do Hospital Universitario Virgen Macarena de Sevilla. Realizamos unha historia desta viaxe en grupo coas observacións anotadas nas sesións.

Queremos describir o que nos pareceu terapéutico e reparador destas sesións que vai máis alá de calquera técnica e que ten que ver sobre todo co humano e cos factores comúns grupais descritos por Irving Yalom: cohesión de grupo, esperanza, universalidade, altruísmo, desenvolvemento de novas técnicas de socialización, aprendizaxe interpersoal, transmisión de información, conduta imitativa, catarse, recapitulación correctiva do grupo familiar primario e factores existenciais.

Parécenos importante sinalar tamén a importancia da carga que asumiu e asume a muller nesta sociedade, cousa que se puxo de manifesto nestas sesións e é de vital importancia para a súa saúde e a dos seus fillos.

PALABRAS CHAVE — Grupo operativo, lectura de emerxentes, maternidade, xénero, esperanza.

ABSTRACT

We bring a story about an operative group for “women-mothers”, which has taken place in the Child and Adolescent Mental Health Unit of the Virgen Macarena Hospital in Seville. We have made a story of this trip with the observations noted in the sessions.

We want to describe what we have found therapeutic and healing in these sessions, which transcends any technique and has to do with human and group’s Therapeutic Factors described by Irving Yalom: Group Cohesiveness, hope, universality, altruism, Development of Socializing Techniques, interpersonal learning, imparting information, Imitative Behaviors, catharsis, Corrective Recapitulation of the Primary Family Group and existential Factors.

It seems important to point out the importance of the burden that women assume for some times in this society, which has been demonstrated in these sessions and it is very important for their health and their children’s health.

KEY WORDS — Operational Group, Emergents Reading, Maternity, Gender, Common Group Factors

INTRODUCCIÓN

Gustaríanos poder compartir un traxecto da viaxe que fixemos xuntos, en grupo, ao longo destes meses.

Cada semana tiñamos programado un encontro, compoñiamos o grupo persoas, con roles diferentes: uns tiñamos o rol de terapeutas de grupo dunha Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil e outras eran mulleres convocadas por nós. Transmitirámolles a esperanza de que formar parte desta aventura podía axudalas a sentirse mellor e que as súas fillas e/ou fillos tamén o estivesen. Esta era a tarefa que daba sentido a estas reunións.

Comezamos a crear unha historia en conxunto, a través das historias de cada unha. As emocións e vivencias alí compartidas eran súas e eran de todos.

Estes momentos, en ocasións máxicos, pero sobre todo cálidos e reparadores son os que queremos compartir aquí.

Decidimos relatar esta viaxe a partir das propias palabras delas, co desexo de que quen o lea poida viaxar no tempo á nosa salina e acompañarnos tamén neste traxecto.

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

As participantes do grupo son todas mulleres, nais dalgún/ha paciente identificado que atendiamos previamente na nosa Unidade. Presentaban moi diferentes problemáticas, fillos e fillas de distintas idades e unha historia persoal previa a ser nais que pensamos que podería estar a dificultar ese rol.

Tratamos de armar un grupo heteroxéneo nos membros que o compoñían e homoxéneo na tarefa pola que son convocadas a vir.

Reunimos moitas personalidades diversas con historias moi diferentes, pero todas elas mulleres tan ocupadas en coidar, que deixaran en último lugar o feito de coidarse a elas mesmas.

En cada reunión facíase palpable a enorme desigualdade e a carga social do rol de nai, do rol de muller. Isto atravesaba con forza case todas as sesións que tiñamos e daba sentido a que fose un grupo só para elas.

MOTIVO DE CONSULTA

Despois de 2 experiencias de grupo previas, unha delas interrompida polo COVID, tiñamos claro que espazo queríamos construír, queríamos crear un espazo seguro e coidadoso onde poder vivenciar outros roles delas complementarios ao rol de nais. Este cambio foi xerándose ao longo dos grupos previos, que inicialmente estaban máis enfocados á parentalidade e onde foron convocados pais e nais. Pero como reflexo da sociedade na que vivimos, só acudiron elas desde un inicio.

Queríamos construír un espazo no que a partir da seguridade e a vinculación co resto do grupo, puidesen entenderse, flexibilizarse e empoderarse. Todo iso con traxectos de ida e volta, pero xuntas nesa viaxe, a súa propia e a de todas, a vertical e a horizontal.

Ao longo da viaxe trouxeron ao presente a súa propia historia: de pequenas, como fillas, como irmás, de adolescentes, como os seus pais ou todo o contrario que eles, delas como parella, como amigas, como nais, como mulleres...

Así mesmo, traían os seus vínculos ao grupo: aos seus pais, aos seus fillos, ás súas parellas, aos seus irmáns...

OBXECTIVOS

Podemos resumir os seguintes obxectivos terapéuticos:

- Adaptarse de forma activa á realidade.
- Perder roles anteriores inadecuados.
- Posibilitar a asunción de novos roles.
- Asumir maior responsabilidade.
- Adquirir sentimentos básicos de pertenza e cooperación.

O formato do grupo é de grupo operativo: “O grupo operativo posibilita aprender a pensar e superalo a través da cooperación e a complementariedade, o cal permitirá enriquecer o coñecemento dun mesmo e dos outros. É terapéutico, porque a súa técnica axuda a resolver as dificultades internas de cada suxeito transformando o pensamento dilemático en dialéctico a través dunha tarefa na que está incluído o esclarecemento das resistencias ao cambio” (Otero 2018).

Dous coordinadores acompañabamos toda a sesión mentres outra compañeira tomaba notas e facía unha lectura de emerxentes 20 minutos antes de acabar a sesión, manténdose como observadora o resto do tempo. O momento da lectura sempre era un momento moi esperado e desexado, con certo aire máxico. Cargaba o grupo de sentido, de coherencia e de ilusión.

Partían dunhas expectativas que poderíamos pensar como escola de pais, pero nada mais lonxe da nosa intención. A nosa función era poder crear un espazo seguro onde estar xuntos, onde se puidese compartir, pensar e sentir nun clima de confianza. Un lugar sostedor, confiable onde descubrisen que elas mesmas, operando como un equipo, podían buscar esas respostas, ou aceptar que non as hai ou facerse outras preguntas.

Por tanto, a nosa misión como equipo coordinador non é a de dar respostas, e é que ademais nós tampouco as temos, como sinala Bleger: “Un punto culminante deste proceso é o

momento no cal o que insignia pode dicir ‘non sei’ e admitir con iso que realmente non coñece algún tema ou tópico do mesmo. Ese momento é de suma importancia, porque implica —entre outras cousas— o abandono da actitude de omnipotencia, a redución do narcisismo, a adopción de actitudes adecuadas na relación interpersoal, a indagación e a aprendizaxe, e a situación como ser humano fronte a outros seres humanos e fronte ás cousas tales como son” (Bleger, 1961).

En palabras de Diego Vico, “*forma parte da tarefa do equipo promover a creación dun clima de seguridade e confianza. Dispoñémonos accesibles e nunca asfixiantes e así botaremos os cimentos para a constancia do obxecto, aspecto terapéutico mais potente que o propio insight. Mahler fixo fincapé nos ingredientes que reúne a nai para promover a identidade no fillo e que son en todo idénticos aos que desempeña o terapeuta no seu traballo: presenza constante, estable, predicible e accesible” (Vico, 1998).*

INTERVENCIÓN

Como describir esta emocionante viaxe? Como facelo sen romper a maxia nin terxiversala?

Decidimos crear *a posteriori* un relato a partir das lecturas de emerxentes que faciamos en cada sesión.

Comezamos:

Este grupo foi unha viaxe “de atrás cara a adiante, de diante cara a atrás”, na que cada unha levaba a súa equipaxe. Coincidiron mulleres, á vez nais, ás que “de súpeto, hai algo que nos doe moito”.

A maleta estaba cargada dos fillos, “se el non está ben, eu non estou ben”.



Foto: Alex Andrews

Da familia, “a miña nai non foi unha nai ao uso, ía ao seu aire”, “todo vén polo meu pai, aínda así o quero con tolemia”.

De pranto, medo, “todos temos medo”.

De responsabilidade “de telo todo baixo control”.

De enfado e culpa, “sempre cun aí!, unha ago-nía”.

“De vestidos nos que non cabes ou nos que tentas meter a outro”.

Dun “manual de instrucións” aínda por construír.

A viaxe comeza confiando en que “expresar o que sentes é moi bo, xa verás que si”, sentando toda unha base de intencións “aquí estamos, o que necesites”, “ti non te podes sentir culpable, tes que axudarte a ti, non o permitas”.

Porque “que máis es aparte de nai?”.

“Teño que recoñecer que ás veces me sinto débil”.

“Igual é polo que che sucedeu”.

E empezan a ver como lles influíu o seu pasado:

“As experiencias, cando son negativas, marcan”.

“A relación que tiveron cos meus pais fai que me estea sendo difícil chegar aos meus fillos”.

“Eu gardeimo para que os meus fillos non sufran”.

“A historia dunha inflúe na historia como nai”.

“Non somos conscientes, vivencias, como o transmitimos”.

“Absórbeme ou déixome absorber?”.

E descubrimos que “crise significa oportunidade e, se miramos día a día, ímonos facendo máis capaces de mirar cara a atrás”.

Comezan a saír cousas difíciles de integrar:

“Chorar ou non chorar?”.

“Chorar diante dos demais?”.

“Mamá está moi triste, cansa, alegreime de dicirlle iso”.

Só dentro do grupo ou o podemos facer tamén fóra?

E van empezando a axustar:

“Construír a miña forma, a nai que quero ser”.

“Apegar o desapegado”.

E a atopar no grupo un lugar onde:

“Non nos sentimos nin xulgadas nin criticadas, sentímonos comprendidas”.

“Ti estasme escoitando”.

“Non, estou a comprenderte”.

“Este anaco é como unha pausa, un descanso de pensamentos negativos”.

“Escoitarvos dáme paz”.

E aínda que “eu estou en continua interferencia, aquí estamos todas en sintonía”.

E empezan a poder mirar máis alá da primeira paisaxe

“Teño que pensar en min”.

“Hai que darlle voltas a iso”.

“Hai que educar sen a nosa presenza constante”.

“Es tamén unha persoa”.

“E que pasa se non o fas?”.

“Non nos axudan ou non nos deixamos axudar?”.

“Perfecto non é ninguén”.

“Non te amoles, estamos nun camiño de aprendizaxe”.

“Non te podes sentir culpable por ser humana”.

Vai saíndo unha inmensa aprendizaxe:

“Desprendernos dos lastres do pasado”.

“Vivir con serenidade os momentos negativos, que tamén son necesarios”.

“A miña forma de ser pode ser algo, pero non todo”.

“A vida son luces e sombras, cun raio negro, o amarelo brilla máis”.

“Tantas cores e distraémonos”.

“É posible que só dependa de min?”.

“Vou parar un pouquiño, vou tratalo con calma”.

“Soltar, deixar ir, medo”.

“Ás veces hai que romper a coiraza para curar”.

“Hai que ir deixando voar, aos poucos”.

“Acompañar no voo, estar presentes, equilibrio”.

“Eu quero un punto medio”.

“Vin o meu fillo respirar, el é capaz de pedir axuda”.

“Estou a soltar lastre, ese é o segredo”.

“As cousas poden estar peor, a que estou mellor son eu”.

“Cada unha ten a súa fórmula, somos humanas”.

Chegando ao final da viaxe descubrimos que os panos de bágoas poden converterse en flores e que, “aínda que non haxa nin música nin *gin tonic*, isto é unha festa”, porque é un espazo para elas. “Vamos! Arranca que xa non para”.

CONCLUSIÓNS

Como profesionais da saúde mental cremos firmemente na importancia de construír espazos terapéuticos humanistas, afectivos, seguros e coidadosos. Onde o outro che importe e ti lle importes. Onde sexa posible compartir, ser un mesmo e crecer. Somos seres sociais desde que nacemos, mesmo antes. Consideramos que igual que un “enferma” nun contexto relacional tamén ha de sandar nun espazo así.

Cremos que o cambio, a potencia destes encontros está en aspectos difíciles de describir que tentamos polo menos desvelar en parte no noso relato, Valentín Escudero descríbeseos así:

“Na miña opinión son a esencia da psicoterapia; representan o coñecemento terapéutico máis directo e persoal; o que está nos ollos, nas mans, nunha bágoa, nas risas. Adoitan ser se se sabe aproveitar ben, a porta de entrada ao cambio, o permiso para sentir con liberdade” (Escudero, 2015).

Como terapeutas temos o privilexio de formar parte de experiencias como estas que nos axudan tamén a crecer como persoas, *“somos acubilladores de segredos. Todos os días, os pacientes hórannos cos seus segredos, con frecuencia nunca antes compartidos. Recibir tales segredos é un privilexio dado a moi poucos. Os segredos provén unha visión dos entrepanos da condición humana, sen adornos sociais, sen papeis nin fanfurrñadas, nin poses (...) Co tempo o feito de acubillar segredos volveume máis amable e máis comprensivo”* (Yalom, 2002).

Achegámonos ao final desta viaxe cunhas bonitas palabras de Martín Madrazo describindo o seu quefacer grupal. *“Creo que viaxar é como realizar grupos. Igual que viaxar, traballar con grupos supón unha aventura, hai risco, emoción, adicción. Como toda boa viaxe o grupal produce ansiedade, medos, decepción, ganas, confusión, frustración, ilusión... Viaxar e facer grupos é unha forma de crecer porque*

retés canto ves e canto oes, na memoria e na retina, máis tarde terás que interpretalo” (Martín Madrazo 1999).

Poder ser sostida ante a adversidade, compartido para non sentirse soa, sentirse comprendida e aceptada é parte da maxia dos grupos e permite que un simple pano de bágoas ofrecido como consolo, poida converterse nunha flor.

Esperamos con esta viaxe podervos transmitir a maxia deste grupo.



BIBLIOGRAFÍA

Bleger, J. (1961). *Grupos operativos en la enseñanza*. Conferencia ditada na Asociación de Psicología y Psicoterapia de Grupos. Buenos Aires, Argentina.

Escudero, V. (2015). *Amenazan con quererme*. Editorial Grupo 5.

Martín Madrazo, C. (1999). Experiencias de trabajo grupal en la práctica. *Área 3*, N° 7, 17-22.

Otero, J., Vallejo, E., Mantrana, L. (2018). Psicoterapias de grupo en los sistemas de salud públicos desde la concepción operativa de grupo. *Norte de Salud Mental*, vol. XV N° 59, 120-126.

Vico, D., Iriazabal, E. (1998). Aprender en grupo operativo. *Área 3*, N.º 6, 28-39.

Yalom, I. (2002). *El don de la terapia*. Destino.



COMUNICACIÓN

ALIANZA TERAPÉUTICA E PSICOSE

Marta González Rodríguez

Psicóloga Clínica da Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica, Área Sanitaria de Ourense

Sabela Bermúdez Míguez

Psicóloga Clínica do Centro de Orientación Familiar, Área Sanitaria de Ferrol

Noelia Pita Fernández

Psicóloga Clínica Interconsulta e Enlace, Área Sanitaria de Ferrol

marta.glez.riguez@gmail.com

“Necesitamos confianza nas nosas subxectividades únicas, os nosos instrumentos de curación máis potentes”

Silver, Koehler e Karon, 2006

“No caso da loucura, o principal poderío da psicoterapia reside sobre todo na transferencia”

Álvarez, 2020

RESUMO

Historicamente, a aproximación terapéutica á psicose foi escasa. Na actualidade, as intervencións psicolóxicas demostraron a súa eficacia. No presente texto realizamos unha revisión bibliográfica sobre o concepto de alianza terapéutica e a súa aplicación en psicose. Destacamos a relevancia do rol da Psicoloxía Clínica na intervención en trastorno mental grave e damos claves para o correcto establecemento da alianza terapéutica.

PALABRAS CHAVE — Esquizofrenia, psicose, alianza terapéutica.

ABSTRACT

Historically, the therapeutic approach to psychosis has been scarce. Nowadays, psychological interventions have demonstrated their efficacy. In the present text, we conducted a bibliographical review on the concept of therapeutic alliance and its application in psychosis. We highlight the relevance of the role of Clinical Psychology in the intervention in severe mental disorders and we give keys for the correct establishment of the therapeutic alliance.

KEY WORDS — Schizophrenia, psychosis, therapeutic alliance.

INTRODUCCIÓN

Historicamente, o achegamento da Psicoloxía Clínica á psicose foi limitado. A abordaxe das experiencias de tipo psicótico realizouse fundamentalmente desde a Psiquiatría. A intervención psicolóxica reduciuse xeralmente á psicoeducación, circunscrita a maioría das veces a un aleccionamento para que a persoa non abandone o psicofármaco; á intervención coas familias (con sorte), aínda que a miúdo esquecendo a persoa identificada como usuaria e centrándose exclusivamente nos familiares; ou aos programas de rehabilitación psicossocial, limitados xeralmente ao adestramento de habilidades específicas, como o afrontamento de síntomas, as habilidades sociais e da vida diaria, entre outros.

Así, a atención ao paciente psicótico na sanidade pública céntrase fundamentalmente na estabilización clínica en crise (ingreso hospitalario e tratamento farmacolóxico) e seguimento tras mínima compensación polos Centros de Saúde Mental (CSM), realizado principal ou unicamente por psiquiatría e centrado no fármaco, case sempre. O papel da Psicoloxía Clínica: só coadxuvante.

De feito, é de sinalar que neste momento na nosa comunidade autónoma hai Unidades de Hospitalización Psiquiátrica (UHP), Equipos de Atención Domiciliaria e incluso Hospitais de Día (!) nos que directamente non hai ningunha psicóloga clínica adscrita.

E isto non é só na nosa comunidade autónoma. Por nomear outros exemplos, na Comunidade de Madrid, o habitual é a ausencia total ou a presenza testemuñal (media praza) da Psicoloxía Clínica nas UHP. Pero isto repítese, tristemente, en diversas comunidades.

Chama a atención que esta situación siga ocorrendo na actualidade, cando, pola contra, as intervencións psicolóxicas en psicose demostraron a súa eficacia, efectividade e eficiencia (Fonseca coord., 2019) e as principais guías clínicas recóllenas como tratamento de elección

(NICE, 2014).

Ademais, unha maior presenza da Psicoloxía Clínica daría resposta ao sentir dos movementos centrados no paciente, coa súa demanda crecente de atención psicolóxica e de traballo colaborativo.

Neste contexto, faise evidente que é necesaria, precisa e conveniente, outra forma de achegamento ao paciente psicótico e aquí, o concepto de Alianza Terapéutica (AT) como pedra angular sobre a que se constrúe toda intervención, cobra especial relevancia, tamén no campo da psicose.

ALIANZA TERAPÉUTICA

O establecemento dunha adecuada AT constitúe un factor clave do proceso psicoterapéutico. Numerosos estudos avalan o papel da relación terapéutica e a capacidade empática con resultados favorables en psicoterapia (Horvath, Del Re, Flükiger e Symonds, 2011; Horvath e Symonds, 1991).

Neste sentido, relacionouse o emprego de habilidades empáticas e o desenvolvemento dun vínculo entre profesional e paciente cunha redución do *distress* emocional, unha maior adherencia aos tratamentos, un menor número de conflitos e reclamacións, unha diminución do *burnout* sanitario e unha maior satisfacción percibida con respecto á atención recibida (Boissy et al., 2016; Delvaux et al., 2004; Roter et al., 1995; Van Mol et al. 2015).

Cando falamos de relación ou AT, debemos atender á capacidade empática do profesional (Rogers, 1942; Rogers, 1981) e a tres elementos fundamentais, que xa definía Bordin (1979): o vínculo entre terapeuta e paciente, o grao de acordo alcanzado con respecto aos obxectivos e o grao de acordo sobre as tarefas expostas.

Seguindo esta perspectiva, é necesario sinalar a relación entre o vínculo terapéutico e a capacidade empática, entendida como a capa-

cidade de transmitirlle á outra persoa que a comprendemos (Feller e Cottone, 2003; Nienhuis et al., 2016). En relación con estes conceptos, parece importante rescatar o termo de *attunement communicative*, que fai referencia á sintonización co paciente ou a mensaxe do outro, a través de respostas ou estratexias comunicativas (Elliot et al., 2011).

Por tanto, se conseguimos a través das habilidades de escoita activa ou escoita efectiva unha sincronía coa persoa coa que compartimos o espazo terapéutico, facilitaremos o establecemento dunha adecuada AT, que promova á súa vez o traballo psicoterapéutico e abra o camiño cara á melloría clínica (Rogers, 1980; Boudreau, Cassell e Fuks, 2009; Fernández Liria, A. e Rodríguez Vega, 2002).

A este respecto, aínda que xa desde os inicios da psicoterapia resaltouse o papel da AT ao longo da historia foi quedando relegada a un segundo plano, a favor dos traballos dirixidos a estudar a eficacia das distintas escolas ou intervencións psicoterapéuticas.

Na actualidade rexurdiu de novo o interese pola relación terapéutica, onde xa Lambert no ano 1992 puxera o foco de atención, ao atribuír aos denominados factores comúns, o 30% da varianza explicada con respecto á obtención de resultados favorables en psicoterapia (Lambert, 1992; Lambert, 2001). Así, Norcross e Wampold (2011) redirixiron de novo este foco cara á relación terapéutica e a capacidade empática, categorizando estes como elementos manifestamente eficaces do proceso psicoterapéutico, xunto con outros factores relacionados coa sintonía entre o terapeuta e o usuario.

Neste sentido pronunciouse a APA o 9 de agosto do 2012 cando publica a *Resolución sobre o recoñecemento da Eficacia en Psicoterapia* (Campbell, Norcross, Vasquez e Kaslow, 2013); na que ademais de confirmar a eficacia da mesma, asume que non existen diferenzas significativas entre as distintas orientacións terapéuticas, situando aos factores comúns en psicoterapia

como elementos clave.

AT NA PSICOSE: PARA QUE?

Existe múltiple e diversa literatura sobre a importancia da AT, pero o coñecemento sobre AT e trastorno mental grave é aínda limitado, e son poucos os estudos que avaliaron o papel da AT no tratamento dos trastornos psicóticos (Bourdeau et al., 2009).

Do mesmo xeito que con outro tipo de problemáticas, comprobouse que o establecemento dunha boa AT é necesario para permitir o cambio, e que favorece o éxito da psicoterapia tamén con pacientes psicóticos (Frank e Gunderson, 1990; Goldsmith et al., 2015; Priebe et al., 2011).

Unha revisión sistemática recente (Da Costa et al., 2020) conclúe que a calidade da AT correlaciona coa redución dos síntomas clínicos, o aumento do *insight*, do apoio social e do familiar, certas calidades do terapeuta, a dispoñibilidade da toma de decisións terapéuticas compartidas e os tipos de hospitalización (menos ingresos involuntarios).

Sintetizando, aínda que existen certas diverxencias, as liñas de investigación en xeral parecen sinalar que:

- A relación entre o proceso de recuperación e o establecemento dunha AT é recíproca. A mellora da comunicación, unha relación baseada na confianza e o respecto mutuo determinan unha boa alianza terapéutica.
- A gravidade dos síntomas e un pobre *insight* asóciase negativamente coa calidade da AT, valorada tanto polas persoas usuarias como polas terapeutas. Esta correlación é constante e moderada.
- Os trastornos metacognitivos correlacionan negativamente coa calidade da AT.

- Existe unha correlación inversa entre a calidade da alianza e o número e duración das hospitalizacións, así como a administración dun tratamento médico inxectable de liberación prolongada. A coerción percibida na intervención asóciase negativamente coa AT.
- O apoio social e a convivencia coa familia teñen un impacto positivo.
- Por parte do terapeuta, como xa dicía Rogers (1980) a empatía, a competencia e a autenticidade melloran a AT introducindo a horizontalidade no traballo clínico.

AT NA PSICOSE: COMO?

Como dicíamos, ao longo da literatura científica son numerosos os estudos que puxeron de manifesto a importancia de incluír intervencións psicoterapéuticas nos programas dirixidos ao tratamento de persoas con experiencias psicóticas. Na actualidade, a intervención psicolóxica é recollida nas Guías de Práctica Clínica, como parte do tratamento integral das psicoses (Nice, 2014).

Con todo, estas voces a favor de intervencións centradas na persoa, que defenden a creación de espazos seguros, de escoita e acompañamento, lonxe das medidas coercitivas e a sobremedicación, non son novas. Proxectos como o de Soteria, iniciado a comezos dos anos 70 na cidade de San Francisco, da man de Mosher (2004), e que posteriormente se desenvolveu noutras partes do mundo, como Suíza, Finlandia e Alemaña, entre outros países, demostraron que a creación de contornas sociais tranquilas, baseados no respecto mutuo e empatía, facilitaban o proceso de recuperación das persoas con experiencias psicóticas.

O desenvolvemento deste tipo de contornas foi impulsando ao longo de distintos países a creación de casas para ofrecer coidados e

acompañamento ante situacións de crise en saúde mental. Así, casas como as da Weglaffhaus (Berlín) e a Casa de Crise para Mulleres de Drayton Park (Londres) seguen funcionando na actualidade, manténdose como alternativas á hospitalización psiquiátrica. No noso país, asociacións como o proxecto a Casa Polar en Cataluña (en busca de financiamento na actualidade, <https://lacasapolar.org/>), ou espazos de apoio mutuo (GAM) como Flipas-GAM, en Madrid; Hierbabuena, Asociación por la Salud Mental, en Asturias; ou GAM Compostela, facilitan o encontro mutuo entre persoas que viviron-sufrido experiencias similares, promovendo espazos nos que o compañeirismo e a escoita forman parte da recuperación.

As relacións terapéuticas sólidas caracterízanse por unha atención individualizada e un trato confiable e respectuoso. Pero a pesar da énfase posta na AT desde diversos enfoques e da abundante literatura que a pon en valor, coñécese pouca información sobre os factores que conducen á formación dunha alianza positiva en psicose.

Inchausti et al. (2019); en relación co proceso psicoterapéutico nos trastornos do espectro psicótico, recollen o modelo de Luborsky sobre a AT cos seus dous compoñentes (perceptivo e relacional). Así, destacan que para construír o compoñente perceptivo, as intervencións deberán centrarse na comprensión e na aceptación dos problemas do paciente, así como apoiar os obxectivos do tratamento e recoñecer as áreas de competencia e o progreso cara ao logro dos obxectivos. O compoñente de relación construírse fomentando o vínculo, promovendo a procura conxunta para a comprensión, facilitando a adquisición de novas habilidades e salientando a natureza colaborativa do tratamento.

Por diversas razóns, establecer unha auténtica relación de colaboración con persoas que están a vivir experiencias de tipo psicótico non é sinxelo. Propuxéronse algunhas características



Foto: Ozan Çulha

SUMARIO

INICIO

da personalidade dos profesionais que poden facilitar a tarefa. Silver et al. (2006) describen ao profesional como “*tolerante, amable, confundido e testán, que está alí para axudar, e que non se rende*”. Tamén se destacan a flexibilidade e a capacidade para traballar en equipo (Seikkula, 2016, co seu Diálogo Aberto dá conta especialmente disto), o traballo de maneira construtiva cos familiares (o que á súa vez garante un apoio social sostido e unha asistencia para o paciente) e o desenvolvemento dun interese xenuíno por axudar.

José María Álvarez no súa recente obra *Principios de una Psicoterapia para la Psicosis* (2020) describe como debe ser a rede asistencial necesaria para a psicose: “*Rede referencial que limita o extravío do lunático ata o infinito; rede protectora que, no caso de que perda pé, lle garanta caer en lugar seguro; rede relacional—sen dúbida sui generis— destinada a atenuar a soidade esencial que o posúe*”. É aí, desde esa rede, onde poderemos acomodar mellor, di, a dimensión asistencial que nos permita facernos cargo da dimensión clínica: que escoita a particularidade do suxeito.

Clinicamente, falabamos no punto anterior de como os déficits metacognitivos poderían entorpecer o establecemento dunha boa AT. Desde esta perspectiva, Lysaker et al. (2005) demostraron que abordar as capacidades metacognitivas dunha persoa con este tipo de trastorno, mellora a AT, ao actuar sobre os síntomas e o *insight*. E propoñen nun texto posterior (Lysaker e Lysaker, 2006) traballar a calidade da AT a través dunha forma moi específica de diálogo. Explican que a miúdo o discurso na tolemia presenta o que denominan unha “*narrativa empobrecida*”, que relacionan cunha perda de axencia por un trastorno do eu (perda da sensación de ter experiencias do mundo, dos demais e dun mesmo que son propias). O traballo coas capacidades metacognitivas parece desempeñar un papel na capacidade da persoa para restablecer o seu sentido do eu e as súas capacidades narrativas. Mellorar esta capacidade narrativa mellora o diálogo entre o paciente e o seu terapeuta e,

por tanto, mellora a AT.

Na tolemia, historicamente, foi desvalorizado o poder de decisión da persoa sobre o manexo da súa propia patoloxía, tras o escudo do pobre *insight*. Ata o punto de que sabemos que en contextos coercitivos, permitir eleccións tan simples como poder apagar ou acender unha luz mellora a AT. Na actualidade, a tendencia diríxese a empoderar máis as persoas e a reflectir a súa voz directamente no plan de tratamento. Autores como Farrelly et al. (2015) descubriron que a elaboración dun Plan de Crise Conxunto mellora a calidade da relación terapéutica ao restaurar o respecto, a identidade e o sentido de humanidade. Ou, na mesma liña, Deegan e o seu grupo (2008) propuxeron un programa que promove a toma de decisións terapéuticas compartidas, cun cuestionario cumprimentado polos pacientes antes da consulta, para involucralos ao máximo na decisión terapéutica.

No noso país, o Servicio Andaluz de Salud recolle xa os plans de crise na súa *Guía de Práctica Clínica para el Tratamiento de la Psicosis y la Esquizofrenia. Manejo en Atención Primaria y en Salud Mental* (2016), especificando que deben ser elaborados CONXUNTAMENTE co paciente e o seu coordinador de cuidados e que “*debería ser respectado e levado á práctica, incorporándoo ao plan de cuidados*”. Describe ademais os puntos que o devandito plan debería incluír dando un peso moi importante ás necesidades e desexos da persoa usuaria. Destacar que dita guía, ademais de ter moi en conta a subxectividade da persoa en todos e cada un dos seus apartados, fala especificamente da cuestión da alianza e das intervencións desde a Psicoloxía Clínica.

Vemos que comprender mellor e ter en conta os principais factores asociados á calidade da AT dunha persoa cun trastorno psicótico abre a porta a unha serie de melloras prácticas que redundarán nunha mellora clara da atención.

CONCLUSIÓN: AT EN PSICOSE: (AS NOSAS) DIFICULTADES

As revisións sistemáticas que analizan a cuestión da AT en psicose refiren que os síntomas e o *insight* só explican unha varianza que oscila entre o 5% e o 37% (Da Costa et al., 2020) Repetimos: só entre o 5% e o 37%.

Con todo, como dicíamos, ao longo da historia foron moitas as reticencias presentadas cara a psicoterapia e a idea de que esta forme parte dos tratamentos con este grupo de persoas. Aínda en moitos lugares isto continúa e se segue a deixar o coidado da psicose en mans case exclusivamente da psiquiatría e do modelo bioloxicista, a pesar das súas importantes limitacións tanto na teoría do problema (seguimos sen noticias do xen, a neurotransmisión ou anomalía estrutural... reveladora da psicose); como solucionadora do mesmo (pobres resultados, importantes efectos secundarios multisistema...).

As dificultades específicas das persoas que están a vivir unha experiencia psicótica teñen o seu peso, obviamente, e ás veces dificultan o establecemento da alianza. Como dicíamos, toca ser máis flexible, máis persistente, máis creativo quizais... Pero iso non implica que non se poida establecer AT e, desde aí, construír intervencións psicolóxicas clinicamente valiosas.

Falamos de relacións que poden ser moi longas, que pasarán por distintos momentos, algúns nos que a propia desestabilización faga que a axuda se perciba como coercitiva e a relación fraquee. Entón quizais non permita máis que un acompañamento terapéutico (como se iso fose pouco...). Un paseo cos cans polos xardíns do hospital, unha mesa compartida no taller de café... Outros momentos nos que a AT se mostre máis sólida e nos sirva de base para facer intervencións máis incisivas (sobre a sintomatoloxía, sobre a ruptura vital,

sobre as relacións familiares ou de parella...). Pasando por outros nos que esteamos aí botando unha man nas necesidades máis básicas do día a día como se ten tabaco, ou solucionar quen se encarga da súa mascota mentres está ingresado.

Talvez a relación sexa, como dicía Álvarez, “*sui generis*”, pero é.

Por suposto, hai lugar para unha AT sólida en psicose e, por suposto, non cabe dúbida do seu valor incalculable para a intervención psicolóxica.

A dúbida é: estamos en condicións de mostrarnos auténticas, cálidas, flexibles... tamén ante este tipo de problemática? No estudo citado de Da Costa (2020) menciónanse as dificultades propias do terapeuta á hora de empatizar con pacientes con psicose. Igual estamos delirando, pero será que nos estamos aínda autolimitando polo estigma da gravidade, cronicidade, falta de *insight*, “enfermidade biolóxica” da psicose?

Como vimos, a varianza da AT está principalmente determinada por outros factores fóra da sintomatoloxía ou o pobre *insight*. Moitos deles comúns a outros cadros, outros non... Pero quizais, salvados os nosos medos e inseguridades á hora de traballar coa “gravidade”, poderemos levantar a cabeza dos libros e facer o que sabemos. Xerando unha alianza terapéutica coa PERSOA, e punto. Partindo dos seus desexos, das súas necesidades, tratando de dar resposta a iso, escoitando a parte sa, máis que a enferma, para poder construír acordos de traballo desde aí que sexan realmente compartidos, útiles e con posibilidade de proxección.

BIBLIOGRAFÍA

Álvarez, J. (2020). *Principios de una psicoterapia de la psicosis*. Xoroi Ediciones.

